

A NOSA TERRA



ANO XVII • 17 DE MARZO • 1994

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 613 • 150 PTA

As viaxes de Fraga a Chile e Uruguai foron encarregadas por Felipe González

A principal misión de Fraga Iribarne nas súas viaxes a América é a de embaixador de Madrid ante os Gobiernos dos países que visita. Se en Cuba foi interlocutor ante Fidel Castro para lograr a *apertura do réxime*, nesta ocasión mediou ante o presidente uruguío e ante a Corte Suprema do país

platense para que sexan extraditados os membros de ETA alá residentes. Tamén serviu de ponte ante o Goberno chileno no contencioso que mantén co español polo enxiuiciamento dos responsábeis do asasinato do funcionario da ONU, Felix Sória.

(Páxina 7)

Mariano Abalo: 'Nestas europeas non se dan as condicións para apoiar a HB'

A *Frente Popular Galega* converteuse en partido, por decisión da súa II Asemblea Nacional celebrada o pasado día 13 en Santiago. A unidade do na-

cionalismo é un dos seus obxetivos inmediatos, "pero a decisión está en mans do BNG", segundo Mariano Abalo.

(Páxina 11)

O sindicalismo nacionalista únese após de nove anos de división

A partir do día 19, CIG deixará de ser o nome dunha coalición de dúas centrais para ser a denominación dun só sindicato. Depois de nove anos, o sindicalismo nacionalista voltará a estar unido. Para os dirixentes de

ambas centrais trátase de algo máis que sumar, "este é o xerador dunha ilusión que terá os seus efectos sobre moitos traballadores, moitos máis dos que hoxe xa temos afiliados".

(Páxina 5)

Neil Bleaney: 'No campo irlandés non quedará xente nen para facer de guía turístico'

Neil Bleaney foi ministro de agricultura de Irlanda durante os sete anos decisivos da integración no Mercado Común. A defensa do pequeno agricultor é o centro do seu traballo político, tanto como parlamento independente en Estrasburgo (integrado no grupo *Arco Iris*) como dentro do

Fianna Fail, ao que pertenceu durante 22 anos. Nesta entrevista, que tivo lugar durante a súa recente viaxe a Galiza, asume o papel de Cassandra, a partir da experiencia irlandesa, contra o alto e irreversible prezo que a Política Agrícola Comunitaria nos vai cobrar.

(Páxinas centrais)

Os sobresoldos serían o pago a traballos moitas veces non confesábeis nunha estrutura democrática

O estado secreto

O intento de xustificar as súas fortunas persoais por parte de altos cargos da Garda Civil levou a que saise á luz o uso fraudulento de diñeiro que o Estado dispón sen control democrático. Aínda que a polémica está centrada nos *sobresoldos* percibidos ilegalmente, afloran outras irregularidades como a de financiamento a sindicatos policiais, partidos políticos marxinais, confidentes internos, operacións antiterroristas e de control de partidos políticos.



ANXO IGLESÍAS

LUÍS SEOANE: VIDA E OBRA

Helena González Fernández

A biografía, a obra de creación, as iniciativas editoriais e periodísticas, as polémicas sobre o galégismo e sobre a arte. Un estudo completo sobre o escritor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas.

galaxia



Os fondos reservados foron utilizados para espiar a partidos políticos, pagar a confidentes en distintas organizacións e operacións coma o financiamento dos GAL, de moita maior relevancia antidemocrática que o fraude dos sobresoldos.



PEPE CARREIRO

Só a metade dos fondos reservados de Interior se usan para os fins previstos **Partidos políticos galegos e sindicatos foron espiados con cargo aos fondos reservados**

ALFONSO EIRÉ - G. LUCA DE TENA

O intento do ex Director Xeneral da Garda Civil, Luis Roldán, de xustificar o seu medrado capital, tirou a luz o *complementazo*, pero serviu tamén para descubrir o manexo antidemocrático dos cartos públicos.

O sobresoldo percibido pola maioría dos mandos do Ministerio do Interior só é unha das numerosas irregularidades no uso dos

denominados fondos reservados; diñeiro non sometido a control democrático que o Goberno fai circular polos sumidoiros do Estado. Moito deste diñeiro seguiu fluindo polos mesmos circuitos antidemocráticos construídos durante o franquismo e usado para idénticas funcións que no réxime ditatorial. Parte destas cantidades pagáranse por "servicios prestados" e non só como emolumentos

máis ou menos graciábeis.

Unha fonte contrastada do Ministerio do Interior, afirmou que a metade dos 600 millóns de fondos reservados da Secretaría de Estado para a Seguridade, non se usaron "en loitar contra do terrorismo e do narcotráfico", fins para os que están destinados. O deputado de IU, Romero é do mesmo parecer.

Pago por servizos

Unha fonte de Interior á que tivo acceso *A Nosa Terra*, sinala que parte destes fondos son utilizados para vixiar aos partidos políticos. "Seguíronse mantendo *infiltrados* nos partidos nacionalistas, nos que se realizaron escoltas, informes e vixilancia, tanto das súas reunións como dos seus principais líderes e pasando

a información a altos cargos do Ministerio". Segundo esta fonte, parte dos sobresoldos non son tales, senón que serían "o pago de outras funcións alén das súas propias, tanto na obtención de información, na súa valoración e catalogación, como no seu envío ás persoas correspondentes".

Non só os 28 altos cargos denunciados por *El Mundo* e cuxa

O Estado Leviatán da bolsa negra

A liberdade de expresión é, segundo a interpretación do Constitucional en dúas sentencias repetidamente citadas, un dereito básico sen o que perdería razón o resto do texto fundamental. Como trabe mestra do sistema democrático a libre discusión de ideas e opinións foi tamén o aspecto máis recusado polo continuismo franquista durante os últimos anos da Ditadura. A crítica, ben máis ca a abolición do dereito franquista, podía comprometer posicións de privilexio e grupos de presión consolidados ao abeiro da excepción militarista inaugurada no golpe de estado do 1936.

O proceso público sobre os fondos reservados indica que as posicións políticas contrarias á liberdade de información non se poden considerar perdedoras no marco constitucional. O Estado ten suscrito todas cantas declaracións universais existen en defensa do libre acceso aos documentos da Administración e a prol da transparencia dos actos do Goberno, desde os acordos de Helsinki ás declaracións exemplarizantes das institucións de dereito de todo o mundo ou o tratado da Unión Europea. Pero basta unha inspección das Nacións Unidas sobre o trato dos detidos para que o

Estado vaia emparellar o seu prestixio coa xinea dun Suharto ou da gandalla militar sionista.

O Estado xustifica a administración dunha bolsa secreta de caudais públicos sobre a existencia de grupos armados que non respectan as regras democráticas. A realidade obxectiva indica que en dezaseis anos de Constitución, os grupos situados á marxe da democracia non deixaron de existir nen de recorrer á violencia para acadar os seus fins. Pola contra, ao Estado medráronlle os territorios nos que a regra democrática está suspendida mentres o concepto de *seguridade* xeralízase dacordo con normas inequívocamente conservadoras. A cada, os membros da equipa de González rentean a vella identificación franquista entre Estado e sociedade ao tempo que suxiren cos seus actos e discursos que a liberdade non é derradeiramente compatíbel co ben público. Eis a cabeza do vello Leviatán do Estado ditatorial, por moito que coroada de informática e de apelacións públicas á excepción.

Pero a excepción democrática non acaba cos seus inimigos senón que os multiplica. Unha vella caste de

funcionarios armados de longa profesión antidemocrática acubilla no meio da nova policía xudicial e derrama intermitentemente o seu proxecto. O Estado das camadas negras sucédese a si mesmo a cada que os sectores progresistas da Administración ensaian a solución política dos enfrontamentos liminares dentro da sociedade.

Por fin, á censura do franquismo nácenlle bácoros de nome democrático. Os fondos de reptis pagan a empresas de información para que non informen e a xornalistas para que non digan. A Constitución exilia a censura pola porta grande pero a censura regresa polos sumidoiros do Estado, con salario público.

Repárese que os ministerios de silencio e bolsa negra son os da Defensa, de Exteriores de Interior e da Xustiza, precisamente os non transferidos. A descentralización, que é parte fundamental do proxecto de profundización democrática, tense contrastado ben máis transparente ca o Estado que di que ten que seguir sendo centralista por razóns (interminábeis, ben se ve) de seguridade. ♦

Gastos reservados

(En miles de pesetas)

	1989	1990	1991	1992	1993	1994
XUSTIZA	27.621	41.621	41.621	41.621	41.621	20.603
EXTERIOR	141.400	141.400	141.400	141.400	141.400	139.986
INTERIOR:						
Ministro	190.000	190.000	190.000	190.000	165.000	163.350
Stro. Esldo. de						
Seguridade	579.418	579.418	579.418	579.418	579.418	573.624
Director						
da G. Civil	58.382	58.382	58.382	58.382	58.382	57.799
Total	827.800	827.800	827.800	827.800	802.800	794.773
DEFENSA:						
Ministro	9.572	8.136	175.000	275.000	192.350	300.000
CESID	1.266.900	1.400.000	1.400.000	1.450.000	1.450.000	1.400.000
Outros	393.718	362.596	95.700			
Total	1.670.190	1.770.732	1.670.700	1.725.000	1.642.350	1.700.000

comparéncia parlamentar pe- de o PP, estarían implicados no sobressoldo, senón que, segundo *El País*, "todo funcionario destinado á Secretaría de Estado de Interior recibiu un *complemento*". Este sobre incluía a algúns policías e gardas civís, incluso aos que se adican a tarefas burocráticas neste departamento, que tamén se viron recompensados con medallas que lles aumentan o soldo vitaliciamente nun 10, 15 ou 20%. "Ese sería o pago por realizar outros labores máis alá das súas propias e tamén por gardar a boca pecha", comenta o noso informante.

A guerra entre a Guardia Civil e a Policía, a desconfianza no Centro Superior de Información de la Defensa (CESID), pero, sobre todo a necesidade de ter unha información privilexiada propia, ao non desmontar o aparato policial herdado do franquismo, sería a causa de que, despois da Transición, o Goberno central despregase considerábel actividade para comprar vontades e canles de información, "aínda que esta necesidade non supoña que algúns non se lucrasen aproveitando a súa posición; xente que se aproveita haina en toda parte", afirma unha fonte policial.

A corrupción, baixo forma de arbitrariedades e delitos cometidos cos fondos de libre disposición, atinxe aos ministerios de Defensa, Exteriores, Interior e Xustiza. Precisamente as com-

petencias que o Estado considera non transferíbeis. En termos xerais, conséntase que a Administración transferida, tanto pola maior proximidade como se cadra pola creación recente, non chega aos niveis de corrupción dos departamentos que conforman o cerne do Estado.

Até de agora sabíase que o sistema de pagos non declarábeis xerara corruptelas abondas entre os garda civís e policiais dedicados á loita antiterrorista. Un mando policial comentaba que "en máis dunha ocasión pagouse moito diñeiro coa excusa de sobornar a un confidente que ía facilitar a detención dun comando, cando na realidade a súa captura tiñase conseguido sen dar un duro a ninguén: simplemente co traballo ordinario".

Traballos especiais

Pero moitos destes fondos, destes sobres pechados con banda plástica adhesiva e transparente, eran o pago de *traballos especiais*, tanto a altos cargos como a axentes da Garda Civil ou da Policía. Un funcionario relacionado cos servizos de informacións das forzas policiais, sinala que "aquí estívoese espiando moito tempo ao BNG e podo confirmar que se gravou a reunión que este partido mantivo co PSOE no hotel *Los Tilos* en Compostela, despois dos comicios municipais así como a asemblea que por

(Pasa á páxina 4)

O Delegado do Goberno español na Galiza, García Sabell, co ex ministro de Interior, José Corcuera. A. IGLESIAS



O Goberno non pode negarse a informar ante o Parlamento segundo a Lei de Segredos Oficiais
Os partidos que agora peden información sobre os fondos, negárona cando se pretendeu investigar aos GAL

A corrupción no uso dos fondos reservados preocupa máis á maioría dos partidos políticos españoles que a súa utilización con fins antidemocráticos como o financiamento do GAL. De feito, a maioría no Congreso defendeu o silencio sobre o uso deste diñeiro fronte a proposta de investigar o financiamento das tramas antiterroristas.

O Goberno non pode negarse a informar ao Parlamento sobre o uso dos fondos reservados. A Lei de Segredos Oficiais é rotunda ao afirmar que o Congreso e o Senado "terán sempre acceso a tanta información reclamen, na forma que determinen os respectivos Regulamentos e, no seu caso, en sesións segredas". Unha resolución do 2 de Xúño de 1992, ofrece seis fórmulas distintas segundo a clasificación dos documentos e de quen os solicite.

O ministro de Interior, José Barrionuevo, negouse a informar ante o Parlamento cando o xuíz Baltasar Garzón tentou saber quen financiaba aos GAL. O Goberno apoiou a súa posición no pretexto das *razóns de Estado* e nos requirimentos da loita antiterrorista. Desde a transición, o executivo de Madrid adoita invocar o que califica de primeiro obxectivo de orde pública para xustificar a conculcación das leis que o converte en Estado de dereito. A máis, a loita antiterrorista e unha alfombra debaixo da que se acubillan moitos outros negocios, ilegalidades e delitos.

O uso improprio deses fondos reservados en Euskadi foi denunciado polo comisario Alberto Elias, que elevou un informe a Interior dando conta das corruptelas descubertas através das escoitas telefónicas a un grupo de axentes sospeitosos de estar relacionados co asasinato do parlamentario de HB, Joseba Muguruza, en Novembro de 1989 en Madrid. O comisario Elias, finado o ano pasado, comentou que "hai xente que se está a facer de ouro cos fondos reservados. Hai xente que semella interesada en que non acabe ETA".

Por esta información difundida por *El País* de Madrid pudo saberse que a morte de Muguruza, atribuída a Ynestrillas nun comezo, sendo absoluto por falta de probas, tiña importantes ramificacións no aparato policial destinado en Euskadi. Refórzanse así as denuncias realizadas no seu día por HB cando culpaba aos corpos de seguri-

dade do Estado do atentado do Hotel Alcalá. A revelación cobra aínda maior importancia por canto agora sábese que os sospeitosos, nunca atopados, formaban parte dos sumidoiros do entramado da *loita antiterrorista*.



Coronel Galindo.

As palabras do comisario Elias de que "hai xente interesada en que non acabe ETA", collen maior valor se temos en conta que Muguruza era un dos principais negociadores de HB, formación que, por primeira vez ía ir ao parlamento. Aquel atentado serviu para endurecer a postura dos sectores *abertzales* menos proclives a unha negociación.

Abrir unha investigación

Cando o xuízo contra Amedo e Domínguez, a demanda de clarificación no uso dos fondos reservados, por existir sospeitas máis que fundadas que se estaba a financiar con eles aos GAL, apresetouse como un pulso entre o poder Executivo e Xudicial. O xuíz Garzón, abandonou daquela a petición de clarificación; hoxe, como número dous do Ministerio de Interior, é máis cauto, aínda que se mostrou partidario dun maior control parlamentar dos fondos reservados. Garzón considera que "calquer control que se realice deses fondos, debería de esixir a responsabilidade daqueles que o fagan".

Con motivo da investigación do xuíz Garzón sobre o GAL, Felipe González dixo que "o Estado de dereito deféndese nas tribunas e nos salóns e tamén nos sumidoiros, e cando se teña madurez para comprender que tamén nos sumidoiros se poden resolver estas cuestións, daquela teremos superado estas regueifas".

Despois que alguén próximo ao Goberno central filtrase á prensa o uso dos fondos reservados para fins alleos aos presuntos intereses ultrasecretos dos Estado, Enrique Ballesteros, asesor de Felipe González declarou: "Ninguén dixo que os fondos reservados pagan información. Como se paga información? Pagando trai-

cións e pagando corrupcións".

O portavoz do PSOE na Comisión de Xustiza, o deputado por Lugo, Ventura Pérez Mariño, desmarcouse tamén dos seus compañeiros de grupo e pediu unha investigación dos fondos. "Hai a obriga política e moral de

clarificar si se usaron os fondos reservados correctamente ou se obedeceron a outros fins", afirmou o ex-maxistrado.

Nesta ocasión, o PP apuntou tamén a unha investigación deste proceder. Alvarez Cascos acusou a Felipe González de "sementar corrupción"; Antón Romero, de IU, pola súa banda, demandou investigar o patrimonio personal de altos cargos "para acotar a fonte da súa mala utilización".

Fronte a estas peticións de investigación levantáronse dous valados, a priori infranqueábeis. Por un lado o Fiscal Xeral do Estado, Elixio Hernández e por outro CiU, que de novo sae en apoio do PSOE, impedindo ambos partidos que a comisión de investigación do

caso *Roldán* furgue no novo escándalo, con apelacións á "responsabilidade, á lealdade e á lexitimidade".

As declaracións realizadas polo ex Ministro Corcuera foron absolutamente clarificadoras para os que podían pensar que a utilización fraudulante era unha montaxe dos medios de comunicación. Corcuera recoñeceu que era certo

que altos cargos do Ministerio e das FOP recibiron con maior ou menor regularidade cantidades de diñeiro sen xustificar e sen que ninguén fiscalice como e en que se gasta. Ademais brandiu todo tipo de argumentos para xustificar que el mesmo gratificaría a determinadas persoas utilizando ese diñeiro que de xeito discrecional obra en poder do Ministerio.

Pero o debate, como no caso dos GAL, segue a furtarse da súa verdadeira clave: a natureza dos propios fondos reservados. A súa propia existencia delata a realidade dun poder que se declara incompetente para cumprir co seu deber nun Estado de dereito. ♦

'Ninguén dixo que os fondos reservados pagan información. Como se paga información? Pagando traicións e corrupcións'

(Ven da páxina 3)

aqueles días realizou o BNG en Vigo para decidir se entraban ou non no concello desa cidade".

"En moitas instancias nacionalistas nunca deixou de ter confidetes o ministerio do Interior -acrecenta o mesmo informante. Hai outros casos máis que o de *Kinito* (membro da dirección de HB que desapareceu despois de se descubrir que era confidente policial). Cóntame que algunhas destas prácticas foron denunciadas por compañeiros ás máis altas instancias, pero nunca lles fixeron caso". En Galiza a causa das operacións antidroga móvese moito diñeiro sen control, "pero foi utilizado para moito máis que para recoller información sobre a droga, tanto polo Coronel Ayuso como polos negociadores enviados de Madrid", afirma o noso interlocutor que se nega a ser identificado publicamente.

Diñeiro procedente dos fondos tamén serviu para imprimir no prelo da policía en Leganés (Madrid) panfletos e carteis anónimos contra Herri Batasuna durante a campaña das eleccións para o Parlamento Europeo en 1989. Varios comisarios precisaron en declaracións públicas que Interior chegou a usar os fondos reservados para facer calar "a algun sindicato para calar as súas críticas ou reivindicacións". Estas denuncias cobran máis protagonismo pois contrastan coas manifestacións realizadas por outros funcionarios relacionados coa loita contra a delincuencia que afirman que "Interior sempre é moi restrictivo cos fondos reservados para confidetes deste tipo de operacións". ♦

Un ministerio de Asuntos Reservados

O caso dos fondos reservados revela que o Goberno central ten dúas liñas políticas sobre a liberdade de prensa.

Dunha parte, defende o dereito á crítica e asegura que a metade dos seus problemas están causados polas alimañas do sensacionalismo que entran coa pel de ano da Constitución a romper a cidade das liberdades. Doutra, desvía unha cantidade non menor dos orzamentos públicos para comprar o silencio de certos medios de comunicación. Esta actuación complétese co traballo dunha ben dotada máquina funcional que baixo a divisa da comunicación funciona para que a comunicación non estorbe os obxectivos tácticos do Goberno.

Asemade, toda esta capacidade de presión sobre a comunicación desde as instancias públicas, non se pode comprender nos seus termos xustos se non se leva conta do reparto das axudas públicas aos medios, sobre as que a Administración se reserva unha ampla discrecionalidade. Filtrada polas entregas dereitas de cartos e prebendas a algúns dos que escriben, polas axudas ás empresas da comunicación e pola intervención na propiedade dos medios, o concepto de liberdade de expresión que aparece consagrado como columna central do sistema democrático, recibe o trato de perigo público.



Luis Roldán, ex director xeral da Guardia Civil, aumentou o seu patrimonio nun 400 por cento.

co. Con efecto segundo informa o diário *El País* (16 de Marzo), a Brigada de Información de Interior empregaba fondos reservados para comprar información a moitas persoas, entre elas a un grupo de xornalistas.

O anuncio de que vai ser posible identificar aos destinatarios dos cartos entregados á Prensa polo Goberno ao abeiro do seu particular estatuto de reserva, levanta un barullo considerable nos despachos de dirección dos medios de comunicación dominantes. A primeira vista semella que estamos a vivir na véspera dun debate de altura sobre a liberdade de expresión, coma centro do edificio

democrático, semellante ao que perdera o presidente Nixon cando tentou agachar uns documentos militares (os papeis do Pentágono) en nome da seguridade do Estado. Pero o que hai é un acordo entre directores de medios que prefiren deter a guerra na trincheira, non sexa que a publicidade lanzada contra a corrupción do veciño se converta nun proxectil de ida e volta contra a propia. O universo lector recibe un trato de minoría de idade que lembra os tempos da censura: sabe que existen fondos reservados para información pero se lle nega a oportunidade de coñecer para quen foron e cales son as razóns que esgrime o Estado para exercer a corrupción. Alguns grupos de presión da comunicación compórtanse coma Estados en pequeno. Igual ca o subsolo de Nova Iorque, teñen canais sen luz nos que medran os crocodilos.

A reserva de información é un estilo que im-

pregña desde o Goberno central a todas as institucións do Estado. A recente actuación do director da RTVG, agachando perante o Parlamento autonómico o prezo que paga por un programa recusado por unha parte considerábel da opinión, é un bon exemplo.

Suécia implantou nos primeiros anos 80 o principio de publicidade de todo documento governamental que permite sen apenas excepcións, a todos os cidadáns, consultar e fotocopiar os papeis da Administración. O Parlamento Europeo reforzaba de a pouco a filosofía de utilidade pública da información, en contraposición co uso comercial privado de emisoras e xornais. Co papel dos tratados internacionais asinados polo Estado para garantir a publicidade de documentos da Administración, o Goberno central constrúe un ministerio de asuntos reservados. ♦

Suécia implantou nos primeiros anos 80 o principio de publicidade de todo documento governamental que permite, sen apenas excepcións, consultarlos ou fotocopialos

SUBSCRÉBASE A A NOSA TERRA PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

(Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas)

Nome Apelidos
Enderezo Cod. Postal
Teléfono Povoación N.I.F.

Suscíbome a *A Nosa Terra* (incluídos os *Cadernos de Pensamento e Cultura*) por un ano/semestre ao prezo de:
Galiza/Estado/Portugal 7.500 pta./ano 3.750 pta./semestre
Europa 9.100
América e resto do mundo 10.900

a) Subscricións para o Estado español

- Talón bancario adxunto
- Reembolso (máis 130 pta.)

b) Para o resto do mundo

- Cheque bancario adxunto
- Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.

PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.

Banco/Caixa de Aforros Conta/Libreta
Titular da Conta ou Libreta
Nº Sucursal Povoación Provincia

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

ATENTAMENTE (SINATURA)

DATA



A información que paga a pena ter

MUNDO LABORAL

Os sindicatos máis representativos de varios países asistirán ao congreso de unificación A criación da **Confederación Intersindical Galega** pon fin á división do sindicalismo nacionalista

MANUEL VEIGA

A partir do día 19, CIG deixará de ser o nome dunha coalición de dúas centrais para ser a denominación dun só sindicato. Despois de nove anos, o sindicalismo nacionalista voltará a estar unido. Para os dirixentes de ambas centrais trátase de algo máis que sumar, "este é o xerador dunha ilusión que terá os seus efectos sobre moitos traballadores, moitos máis dos que hoxe xa temos afiliados".

Con máis de 50 locais, case 150 persoas empregadas, 3.800 delegados e un número similar de afiliados cotizantes ao de UGT e CCOO, a que será Confederación Intersindical Galega (a primeira palabra *Converxencia* foi substituída) presenta unha estrutura sólida que os seus responsables queren ver tamén como "a de máis prestixio e coherencia", tocante á práctica sindical.

A proposta que será presentada ao Congreso inclúe a Fernando Acuña, actual máximo responsable da CXTG, como secretario xeral do novo sindicato. Manuel Mera da INTG sería o secretario confederal. Ambos os dous asumirán a representación pública da CIG, se ben ao secretario xeral corresponderalle unha maior responsabilidade nos organismos nacionais, en canto o confederal exercerá preferentemente as responsabilidades exteriores.

Ilusión xeralizada, por riba dos recelos

Con algúns recelos e non sen



As reunións conxuntas eran xa habituais.

ANXO IGLESIAS

atrancos a unificación da CXTG e a INTG culminará este 19 de Marzo no Congreso Constituinte da *Confederación Intersindical Galega*. Dirixentes de ambas centrais apúranse a matizar que os problemas "hainos como é lóxico, pero son menores; o que predomina entre os delegados e afiliados é a ilusión e coidamos que está ilusión mesmo se transmite a unha parte importante da sociedade".

O maior inconveniente para a fusión parece, contodo, alleo ás propias centrais. "A loita contra a reforma laboral, o tratar de darlle resposta inmediata e continuada, quitounos moito tempo", comenta outro dirixente.

Máis de vinte anos de historia

O sindicalismo nacionalista tivo os seus xérmolos aínda na clandestinidade. As Comisións Obreiras estaban implantándose desde dentro do sindicato vertical e baixo o patrocinio do ilegal Partido Comunista. Pero especialmente a partir de 1972, data de grandes mobilizacións en Vigo e Ferrol, outros grupos de traballadores comezaron a organizarse. A UPG é un dos partidos mentores. Pronto nacera o Sindicato Obreiro Galego, raigame dun tronco que se desenvolveu até a CIG actual.

Unha traxectoria nada rectilínea que criou a ING, logo fusionada

coa CTG e fondas rupturas como a de 1985 que provocou a partición da INTG e o nacemento da CXTG. Unha loita entre irmáns da que só agora se poderán dar por suturadas as feridas.

Malia os desencontros, o sindicalismo nacionalista consolidou sen dúbida as súas liñas estratéxicas: oposición aos pactos sociais, defensa de convénios a nivel galego e reivindicación dun plan galego de emprego. Esta última proposta hoxe asumida por todas as centrais é unha mostra da influencia que tivo o sindicalismo nacionalista sobre o sindicalismo galego en xeral. O discurso galeguizante comezou axiña a perceberse sobre todo en CCOO. A potente central inspira-

da polo PCE que nos inicios redactaba os seus manifestos en castellano chegou, co paso dos anos, a realizar por boca de secretarios xerais como Amor Deus discursos filo-nacionalistas.

Para as eleccións sindicais de fins deste ano, a CIG presenta un potencial similar ao de CCOO e UGT (moi afectada polo caso da PSV). A implantación sindical nacionalista mostrouse desde hai case unha década como aventaxada, a respeito dos partidos políticos do mesmo campo ideolóxico dentro de Galiza. Como sindicato, a CIG non ten tampouco parangón en Cataluña, unha nacionalidade onde as forzas propias son hexemónicas en todos os demais eidos.

Recoñecemento internacional

O recoñecemento do sindicalismo nacionalista está a producirse igualmente a escala internacional e terá a súa reválida de madurez precisamente no congreso do día 19. No auditorio de Santiago estarán presentes delegacións do máis alto nivel dalgunhas das centrais máis representativas do mundo: A CGTP-Intersindical portuguesa, a CGT de Francia, a Central de Traballadores de Cuba, a FSIR de Rusia e a Central Latinoamericana de Traballadores, entre outras. Do resto do Estado español asistirán ELA-STV por Euskadi, a Intersindical Canaria, a CSC de Cataluña, xunto con CCOO e UGT. O congreso contará tamén cunha representación da Federación Sindical Mundial.

Tan completa presenza ten un significado maior do puramente protocolario pois mostra o recoñecemento de Galiza a nivel exterior, através dunha das súas organizacións, cousa até hai pouco difícil de conseguir. ♦

CCOO e CIG critican a 'sintonía en temas laborais da Xunta e do goberno central' con motivo do 10 de Marzo

M.V.

Unha manifestación en Ferrol e concentracións antes as Delegacións de Tránsito ou do INEM nas demais cidades galegas serviron para conmemorar este ano o Dez de Marzo. UGT só participou no acto ferrolán e non reconece a data como *Día da Clase Obreira Galega*. A celebración tende contodo a consolidarse no panorama sindical e laboral do país.

CCOO e CIG convocaron actos en toda Galiza e presentaron un escrito ante a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais esixindo, por terceiro ano consecutivo, a institucionalización da data. O Concello de Vigo dará a unha rua o nome de *Dez de Marzo*.

A mobilización ferrolá, en lembranza dos dous traballadores de Bazán mortos a tiros pola policía hai vintedous anos, foi o acto máis importante da xornada, pero os traballadores, nomeadamente delegados, percorreron tamén as ruas das restantes capitais galegas. Os sindicatos non están dispostos a perder a onda mobilizadora dos últimos meses que tivo o seu punto álxido o 27 de Xaneiro coa Folga Xeral.

En notas feitas públicas polas centrais criticouse a sintonía da Xunta e do Goberno central á hora de "elaborar medidas perxudiciais para os traballadores, como é o caso da contrarreforma laboral", conforme "son incapaces de artellar unha política xeradora de novos empregos". ♦



Mobilización en Ferrol co gallo do *Día da clase obreira galega*.

CÉSAR TOIMIL/VOZ NOTICIAS

7 DIAS

■ **As autovías galegas a metade de prezo**

O ministro de Obras Públicas, Josep Borrell, declarou que a redución no importe das autovías á Galiza nun 50% non irá en detrimento da súa calidade. O ministro asegurou que se preocupará de que haxa un seguimento das obras e explicou que a falta de carga de traballo obrigou ás empresas construtoras a rebaixar severamente as súas ofertas. O que o ministro non explicou foi se o Goberno tiña coñecemento de que o valor real das obras era a metade do que se pagaba por elas, como tampouco dixo cal era o destino das plusvalías que obtiñan as empresas ás que era adjudicada a construción de estradas a un prezo moi superior ao do custe real.

Por outra banda, o Ministerio de Obras Públicas elaborou un Plano Director de Infraestruturas, que foi aprobado polo Goberno e que deseña un sistema de comunicacións no que Galiza, sobretudo no que atinxe ao ferrocarril, sae prexudicada. O Plano Director establece un eixo central de alta velocidade ferroviaria que vai de Sevilla á fronteira catalano-francesa, pasando por Córdoba, Madrid, Zaragoza, Lleida e Barcelona. Complementariamente habería unha liña entre Zaragoza e o País Basco e outra entre Cáceres e València via Madrid. Para Lisboa partiría outra liña desde a capital do Estado. As portas da Galiza chega unha via de velocidade alta, que non alta velocidade, mais non pasa da fronteira. Os tramos interiores non mudarán. ♦

■ **Proiben á oposición en Verín o acceso a documentación oficial**

Un escrito ditado e asinado polo Alcalde de Verín, Emilio González Afonso, proibe o acceso dos concelleiros da oposición á documentación oficial do Concello, informa **Xoán Carlos Silva**. Segundo o propio alcalde, "non restrinxe o acceso á información, só recorda unhas normas no regulamento da alcaldía para dar certo tipo de información". A oposición lembrou que o ex alcalde de Verín, Santiago Cid Harguindey, está inhabilitado por ocultar información desde a Casa Consistorial e o secretario comarcal do PP dixo que "é unha atitude antidemocrática para agachar a información que non interese que



chegue á oposición, como algúns chanchullos detectados por nós, como é o caso dun concelleiro que non pagou as taxas dunha licéncia de obras". O BNG expresou que o devandito escrito contravén o acordo de acceder directamente aos departamentos municipais. O concelleiro desta forza, Alberte Blanco Casal entende que "se trata dun obstáculo non xustificable que prolonga o proceso de solicitude dun documento, ante a exigéncia de pasar primeiro por rexisto, facer unha petición formal e continuar a instancia até o Alcalde". ♦

■ **Suicidio outro militante da RAF**

Unha investigación oficial desenvolvida na Alemaña determinou que o integrante da Fracción do Exército Vermello (Rote Armee Fraktion-RAF), Wolfgang Grams, suicidouse dun tiro na cabeza despois de ser alcanzado cinco veces polos disparos de meia dúcia de membros do corpo especial antiterrorista GSG-9, segundo

informa **Begoña Moa**. A acción sucedera hai nove meses nunha pequena vila ao Norte de Berlín e provocara a dimisión do ministro do Interior. Agora, as conclusións da Fiscalía Federal tratan de rehabilitar a imaxe do corpo especial antiterrorista. Os sucesos lembran aos acaecidos en Outubro de 1977, cando Andreas Baader, Ulrike Meinhof e Gudrun Essling apareceron mortos nas súas celas de aillamento na cadea de máxima seguridade de Stammheim. As investigacións oficiais tamén determinarán suicidio. ♦

■ **Nova correspondente en Pontevedra**

Na liña de consolidar a súa presenza informativa *A Nosa Terra* conta, desde agora, cunha correspondente na cidade de Pontevedra. Trátase de Carme Vidal, que estudou Filosofía e Xornalismo e é integrante da Aula Castelao de Filosofía. ♦

■ **Os traballadores de Mar sen cobrar desde hai meses**

Os traballadores do Grupo Mar manifestáronse, o pasado Luns 14, diante do Concello de Vigo e un grupo deles acompañou ao Comité de Empresa ao interior da Casa Consistorial viguesa para demandar do Alcalde desta cidade apoio para unha saída á crise que vive a súa empresa. Os traballadores levan meses sen cobrar os seus saláridos e o conselleiro de



ANXO IGLESÍAS

■ **Aplicar a LOXSE na Galiza costará 95.000 millóns**

Unha estimación da Consellería de Educación situa en 95.000 millóns de pesetas o custe de implantación da reforma no noso país. Esta cantidade deberá ser abonada polo Goberno central denantes do ano 2000 para poder cumprir os prazos marcados. De todos xeitos, a aplicación da LOXSE leva retraso na Galiza con respecto ao resto do Estado porque a propia Consellería renunciou a facelo, por canto o PP agardaba que non properara, pois confiaba nun trunfo nas pasadas Eleccións Xerais. Por outra banda, o parlamentario do BNG, Enrique Tello, denunciou que o 23% do orzamento en educación vai destinado á subvencionar ao ensino privado, mesmo en tramos nos que non é obrigado. ♦

■ **Temor á desfeita en Baldaio por mor da futura autoestrada a Carballo**

Ecologistas e grupos políticos de Carballo, nomeadamente o grupo Taraio e máis o BNG, manifestaron o seu temor ante unha posíbel desfeita ecolóxica no complexo marismero-lagoar litoral de Baldaio debido á proximidade da autoestrada entre Coruña e Carballo, segundo informou **Merche Vázquez**.

O Bloque apresentou no Concello unha moción baseada nunha denuncia formulada polo grupo ecologista Taraio, na que se denuncia "o total esquecemento oficial no que se atopa sumido o complexo marismero-lagoar litoral de Baldaio". As dúas organizacións queren a delimitación inmediata da área natural, así como que se poña especial empeño no impedimento da caza furtiva e o acceso de automóbeis á marisma. ♦

■ **UG e BNG comezan a negociar**

A Permanente Nacional do BNG contou á carta enviada pola Executiva Nacional de UG solicitando a apertura de negociacións en base á futura integración desta forza no Bloque. A resposta do BNG non determina datas porque estas deberán establecerse tras un acordo das dúas partes negociadoras, pero en todo caso produciranse nun prazo de dúas semanas. UG declarou, por boca de Domingo Merino, que na comisión negociadora, por parte desta forza, estarán os dous sectores do partido, partidarios e detractores da integración. O mesmo Merino manifestou a súa preferéncia por que, na mesa, estexa presente o líder do BNG Xosé Manuel Beiras.

Este último declarou que a facilidade da negociación está nas mans de Unidade Galega e recordou que "o BNG ten establecidas unhas pautas de integración que se aplicaron en casos anteriores e que tamén serán usadas nesta ocasións". ♦

■ **Viciños de Vigo esixen diante do Parlamento investimentos nesa cidade**

Trescentos vigueses desprazáronse o pasado Sábado 12 a Compostela para protestar diante do Parlamento e dos edificios administrativos da Xunta de Galiza para demandar diante destas dúas institucións máis investimentos para esta cidade. A solución ao problema de acumulación de lixo, e a correspondente instalación dunha pranta de tratamento do refugallo, e a construción dunha depuradora, son os detonantes da protesta dos membros da Federación de Asociacións de Viciños. ♦



■ **Miles de persoas peden o diálogo en Euskadi**

Miles de persoas responderon o Sábado 12 de Marzo en Bilbo ao chamamento realizado polo movemento social Elkarrri a prol da distensión e o diálogo no País Basco. Apoiaban a convocatória HB, PSE-EE, EuE, EA e PNV. "Imos solicitar ao Goberno que aproveite a corrente impulsada por esa manifestación e estableza un acordo de diálogo e distensión coa Eta", manifestou ao termo do acto Jonan Fernández, dirixente de Elkarrri. ♦

■ **Defensa ocultou un estudo sobre a profesionalización do Exército**

Un estudo do Centro Superior de Estudos da Defensa (Ceseden), elaborado en 1990, determinou que a profesionalización do Exército, conservando 200.000 soldados, costaría 100.000 millóns máis do presuposto teórico do Ministerio, 800.000 millóns de pesetas. O estudo foi ocultado ao resto das instancias do Estado para que non fose coñecido. ♦

GALIZA E MUNDO

RELACIÓNS DIPLOMÁTICAS

A principal misión de Fraga Iribarne nas suas viaxes á América é a de embaixador de Madrid ante os Governos dos países que visita. Se en Cuba foi interlocutor ante Fidel Castro para lograr a *abertura do réxime*, nesta ocasión mediou ante o presidente uruguaio e ante a Corte Suprema do país pratense para que sexan extraditados os membros de ETA alá residentes. Tamén serviu de ponte ante o Goberno chileno no contencioso que mantén co español polo enxuciamiento dos responsábeis do asasinato do funcionario da ONU, Félix Soria.



Fraga afirmou en Montevideo que Menem xa dera na Galiza cumpridas disculpas polo "libro de chistes".

ANXO IGLESIAS

A sua principal misión en América foi negociar a extradición dos membros de ETA no Uruguai Fraga, presidente da Xunta, embaixador de Madrid

■ A. EIRÉ

As visitas de Fraga Iribarne á Moncloa coinciden sempre uns días antes das súas viaxes máis importantes ao exterior. Nos comunicados oficiais da entrevista entre os dous mandatarios nunca aparece na relación de temas tratados referencia ás labores que realizará Fraga Iribarne no extranxeiro como mediador entre o Estado español e os Governos dos países que visita.

Na visita a Cuba trascendeu que o Presidente da Xunta levaba un mandado de Felipe González para expoñerlle a Fidel Castro algunhas propostas para a *apertura do réxime*, conseguindo mesmo o beneplácito do goberno da Habana para entrevistarse coa oposición. Fraga recoñecería este papel meador pero afirmando que "esas cousas nen se din nen se falan".

Nesta ocasión na viaxe a Uruguai e a Chile tamén pesaron máis as razóns de Estado que as puramente galegas. No país andino a colónia galega é pouco numerosa, pero Fraga estivo convidado, xunto con outros oito xefes de Estado, na toma de posesión do Presidente Eduardo Frei. En representación do

Estado español estivo o Presidente do Congreso, Felix Pons. Fraga, que refugou entrevistarse cun Augusto Pinochet abuchado, ao que sorprendentemente a Rádio Galega convertiu en heroi, mediou entre as diplomáticas dos dous países, enfrontadas despois de que Chile non enxuciará aos militares que asasinaran a Felix Soria, funcionario español das Nacións Unidas, o que levou perto da ruptura de relacións diplomáticas entre ambos estados.

Crise tamén con Uruguai

As relacións españolas con Uruguai non son melloras. A negativa da Corte Suprema de extraditar aos militantes de ETA, José María Goitia e Miguel Ibáñez residentes naquel país desde hai tempo, enfrontou aos dous Governos. Desde Madrid esixiuse nun primeiro momento que se detivese aos militantes *abertzales* que rexentaban un coñecido restaurante basco desde había máis de cinco anos. O Goberno platense cumpriu coa detención, pero logo negouse a efectuar a extradición demandada desde Madrid, amparándose na negativa da Corte Suprema.

Precisamente unha das entre-

vistas realizadas por Fraga Iribarne no Uruguai con Luis Torello, foi calificada pola axencia oficial EFE, como "polémica", mentres que desde a Xunta se sinalou de "simplesmente protocolaria". Fraga tamén trataría co Presidente Lacalle, que o alcaudara de *Caudillo*, o problema xurdido pola negativa a extraditar aos nacionalistas bascos.

Referíndose a este contencioso entre os dous Estados, o Presidente galego pediu "comprensión" ás autoridades uruguaias pola "irritación que causou en España a dilación das extradicións dos presuntos etarras detidos no Uruguai", referíndose a que o Uruguai "coñeceu as catástrofes que pode causar o te-

rorismo nun país, como ocorreu aquí, que destruíu até un réxime". Fraga xustificaba con estas palabras, dalgun xeito, o golpe militar uruguaio, acusando aos Tupamaros de ser os causantes.

En Fraga segue aínda a mandar máis a querencia de Embaixador de España que a de Presidente de Galiza, aínda que para el son a mesma cousa, apresetouse como *home de Estado* en Uruguai, disertando sobre *A Europa das Rexións, unha profundización democrática*. A súa visión de Galiza quedou patente cando afirmou en relación coa presenza da *rexións* en Europa que "o Goberno da nación (España), deberá de ter en conta a situación e as propostas das rexións".

Estas explicacións supoñen o rexeitamento á presenza directa de Galiza nas institucións europeas, e, en todo caso, a necesaria mediación do Estado. Horas despois da súa conferencia, nunha rolda de prensa diría todo o contrario, afirmando que as rexións máis afectadas "deberán de estar representadas en Bruxelas". Declarándose "bó rexionalista e continuador de Brañas, do conde de Braga e de Xelmírez, que facían política española, galega e europea". Ne-

gou incurrir en contradicións nas dúas exposicións afirmando que segue a manter as mesmas teses, pois entre "os meus defectos non entra a incoherencia".

As delegacións comerciais

As viaxes do Presidente da Xunta teñen outro aspecto que se apresenta como o verdadeiro lei motiv: a visita aos galegos no exterior. No caso de Chile a cativa presenza dos nosos compatriotas e a súa dispersión, impediulle o multitudinario recibimento que tivo en Arxentina ou no Uruguai. Repítense tamén as promesas de axudas, as lembranzas e os tópicos de outras viaxes anteriores.

Tamén se repiten os mesmos chamamentos a investir na Galiza con reciprocidade dos residentes reclamándolle aos galegos a investir nos países visitados. Das distintas viaxes, que se saiba, aínda non se derivaron nengun investimento aínda que si houbo contactos empresariais. O Goberno galego e os seus anfitrións realizan sempre unha declaración de intencións de colaboración económica e técnica que quedaron sempre en declaracións de intencións. ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. Vicepresidente: Xaquín Acosta. Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga. Secretario: Manuel Veiga. Vogais: Francisco Torrente, Cesáreo Sánchez, Xosé M^a Dobarro, Xosé M^a Salgado e Carlos Xohán Díaz.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horacio Vivande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: A. Prieto (A Coruña), Manuel Vilar (Santiago), H. Sanfiz, M^a X. Anas (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Raton (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortega), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témex (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigal (Barbarza), Manuel Bello (A Montaña), Manuel Díaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacín (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Pilar Saavedra (Montforte), Daniel Lazaré, Pepe Rei (Euskadi), M. Rodríguez

Bertojo (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonzalo Nuno (Porto). Deportes: V. Miguez. Cultura: Lino Braxe. Axenda: Iago Luca.

Colaboradores: Primitivo Carbajo, X.C. Garrido Couceiro, Avelina Barreiro, C. López Garrido, Nanina S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Álvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gacío, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, Xesús Vega, César Varela, X. Fernández Mateo, António Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña, Marga R. Holguín. Internacional: Xulio Ríos, Manuel Vilar, Carlos Duram, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú. Ecoloxía: M. Chouza, R. Cid. Humor: X.X. Piñeiro Cochón. Literatura: Xesús González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M.

Millán. Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Oscar Losada. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. Cine e Televisión: Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Arquitectura: Práctico Lizancos. Historia: Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesús Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, Chus García, M. Rama, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Alban, Dálmi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias, El Progreso. Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreira, Carlos Silver, Gonzalo, Xulio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Nuñez, Manel.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada.

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreira.

Subscricións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rúa do Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo). Apartado postal 1371.

Teléfonos: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

MEIO AMBIENTE

Por considerala anti-ecolóxica A UE podería sancionar á Xunta pola concentración parcelária da Límia



As pas excavadoras arrancaron miles de árbores na Límia, mentres os ecoloxistas demandaban a paralización da desertización

■ H.V.

A infracción sistemática da lexislación en materia de medio ambiente na concentración parcelária na Límia podería provocar que a Unión Europea paralice as obras que quedan e expediente á administración autonómica, que infructuosamente fóra denunciada polos ecoloxistas en numerosas ocasións. A concentración parcelária é a principal causa de desertización e de desforestación de especies autóctonas no interior da Galiza.

As denuncias realizadas até o momento non prosperaron, pero nas mans do Parlamento europeo e na Comisión obran sendas denuncias formuladas polo Movemento Ecoloxista da Límia e a Asemblea de Grupos Ecoloxistas da Galiza que presentaron unha completa documentación diante da Dirección Xeral de Medio Ambiente, Protección do Consumidor e Seguridade Nuclear (DX XI) de Bruselas.

Segundo os denunciados, houbo unha destrución de humedais protexidos legalmente por obras de concentración parcelária na Límia, e foron infrinxidas dúas directivas: a 79/409/CEE, relativa á conservación das aves silvestres e a 85/337/CEE, que fai referencia á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.

Sobre esta última directiva os ecoloxistas lembraron que existe a obrigatoriedade legal de facer estudos

de avaliación do impacto que non só inclúan a avaliación do impacto medio ambiental, senón que tamén conteñan estudos máis amplos.

A Xunta sabe que dana o medio ambiente

Outra das probas aportadas é un informe do Xefe do Servizo de Medio Ambiente Natural da Xunta sobre a necesidade de excluir da concentración parcelária da Veiga de Congostro, un informe que proba que as autoridades coñecían a malignidade desas obras, segundo MEL.

Os ecoloxistas de MEL denunciaron por boca de Miguel Marvoa que a concentración parcelária deseñada pola Xunta resposta a un plano de pór en funcionamento terras para a produción agrícola, pero sen definir alternativas de cultivo, industrialización e distribución de produtos con auténtica saída no mercado. "Se isto é así, o que vai suceder é que os pro-

prietarios das terras concentradas opten polo cultivo da pataca ou pola gadería e a produción de leite", indicaba Miguel Marvoa da Límia. O plano da Xunta entra, por tanto, en contradición, coa PAC, que trata de provocar o abandono de terras de cultivo para substituílas pola plantación de especies forestais de crecemento rápido, xa que a UE destina á Galiza á produción forestal para pasta de papel.

Concentrar por concentrar

Até o momento, a Xunta concentrou máis de 400.000 hectáreas de terreo e ten un plano que inclúe a concentración doutras 600.000 hectáreas máis até o ano 2000. Até o momento todos os partidos políticos mostraron o seu acordo coa concentración parcelária, mais nunca discutiron a fondo dos planos concentradores da Xunta. Segundo Miguel Marvoa e en xeral o movemento ecoloxista é preciso que a sociedade e os partidos tomen postura fronte ás concentracións e decidan deseñar un modelo menos agresivo co medio ambiente. Deste xeito, ademais de revisar as leis ao respecto, actualmente en vigor, solicita que se concentre en funcións das prazas de labradío e que se respeten as sebes que arrodean e dividen as propiedades, xa que é práctica habitual establecer cuadrículas definidas arbitrariamente que provocan a desaparición de arbustos e árbores. Complementariamente a isto, os ecoloxistas pretenden que antes de concentrar se xustifique a súa necesidade socioeconómica e que se deseñe un plano agrícola, industrial e de distribución "que faga rendíbel para o país e a sociedade a concentración, e que non unicamente se beneficien as empresas que realizan as obras. Hai que abandonar a práctica de concentrar por concentrar".



O estado da Unión Europea

MANUEL CAO

A próxima ampliación da UE a 16 membros coa incorporación de Austria, Suécia, Finlandia e Noruega é unha boa oportunidade para reflexionar sobre o estado da Unión Europea desde o punto de vista económico. A entrada en vigor do TLC o 1 de Novembro do 93 (dez meses despois do previsto) non ralentizou, na práctica, a inexorable dinámica de integración económica entre os países europeos. Na esfera produtiva a conclusión da Ronta Uruguai e a entrada en vigor do TLC obriga ás empresas europeas a prepararse para a competencia internacional aumentando as súas escalas de produción e modificando as estratexias tecnolóxicas e comerciais de maneira que unha nova ronda de fusións e absorcións prosegue a dinámica de concentración empresarial a escala europea e mundial. Desde o punto de vista monetario, a perda de hexemonía do dólar (o peso relativo do dólar UNL nas reservas mundiais de divisas pasou do 79,6% en 1976 ao 51,5% en 1991) complica as políticas de reactivación debido ás disputas nos mercados financeiros e de divisas. Esta liorta financeira revela a crise de liderazgo dentro do mundo capitalista e dificulta unha reactivación via baixos tipos de interese que pode conducir, como no caso dos EEUU, a xerar mercado para os competidores via aumentos do consumo é endebedamento internos. Contodo, parece estar próxima a recuperación económica e os países europeos apréstanse a consolidar os propios mercados e introducirse nos dos demais apoiados nunha moeda forte, no poder tecnolóxico e na agresividade comercial.

Neste contexto, debe explicarse o interese do núcleo duro da UE por acadar acordos rápidos cos países nórdicos e do Leste europeo. En particular, a RFA considera prioritario o reforzamento deste núcleo duro co entrada de países con economías relativamente desenvolvidas que permitirán abanzar nunha maior integración económica sen dificultades políticas. O liderazgo do Bundesbank vai gañando terreo e adeptos por ausencia de alternativas críveis. A fins de Xullo de 1993 o intento de expulsar ao marco do mecanismo de cambios do SME e substituílo polo franco resultou un completo fracaso pois só España e Portugal apoiaron ao goberno galo. O poder da UE desprázase con claridade para o norleste e conviría telo en conta para non quedar, aínda, máis isolados.

A ampliación da UE demostra que o interese económico é o factor explicativo clave da dinámica comunitaria, mais empézase a notar que o peso dos socios europeos viuse modificado substancialmente coa absorción da RDA e a desfeita do comunismo. Para galiza, a ampliación ofrece oportunidades, e perigos debido ás características da economía galega que, aínda que ubicada politicamente nun estado do Sul, presenta importantes similitudes desde o punto de vista cultural, produtivo, climático, paisaxístico e de recursos naturais cos países do centro e Norte de Europa. A competencia directa en produtos e mercados concretos fai máis necesaria ca nunca a influencia política propia para negociar os termos da ampliación, tendo en conta os intereses vitais da economía galega. Desde este punto de vista a negociación sectorial concreta deberá anteporse ao mantimento da minoría de bloqueos.



‘Parece estar próxima a recuperación económica e os países europeos apréstanse a consolidar os mercados’

A AMPLIACIÓN DA UE

Madrid pasa por manter as limitacións á frota do Gran Sol deica o 2002

A UE derrota as condicións pesqueiras postas por España para o ingreso de Noruega

■ G.L.T.

A comisión negociadora española para a ampliación da Unión Europea apresentou en Bruxelas coma un trunfo o que en realidade é un pésimo acordo pesqueiro para o ingreso de Noruega. A responsabilidade das cuotas de capturas no Artico trasládase a dous terceiros países non integrados na UE, Canadá e Rusia, e a tonelaxe concedida atinxe só a metade do reclamado. Doutra parte, a UE non arria as restriccións comunitarias á frota do Gran Sol.

O ministro Solana calificou de *acordo satisfactorio* o que non é máis que un dobregamento da posición española baixo a presión de Alemaña, Dinamarca e o Benelux, declaradamente interesados en ampliar a asociación a Escandinavia. De feito, as condicións dos armadores galegos para o ingreso de Noruega concretábanse en tres puntos: rematar co período transitório para os barcos que pescan en augas comunitarias, que d'acordo co tratado de ingreso (Xaneiro do 85) se ha prolongar até o 2002; impor aos produtos noruegueses de mar un período transitório que permita acomodar ás industrias galegas de transformación e comercialización da pesca e dispor de once mil toneladas de bacallao nos caladoiros do cantil escandinavo.

As limitacións que a Comisión Pesqueira da UE impón á frota do Gral Sol rematan o 1 de Xaneiro do 96. Os representantes do Goberno central na ronda de Bruxelas declaran á radio públi-



A frota do Gran Sol terá que esperar até o 2002 mentres Noruega exportará a súa pesca sen limitacións.

ANXO IGLESIAS

ca española que como consecuencia da súa inflexibilidade negociadora os barcos do Gran Sol estarán liberados en Decembro do 95. O que fan na realidade é anunciar como novidade que a cláusula de retracto, con límite de revisión en Novembro do 93, non foi aplicada como estaba previsto por ningún dos países membros.

Noruega acada, doutra parte, liberdade para comercializar os seus produtos pesqueiros na Europa ampliada a partir de Xaneiro do 96. A concesión aprésentase compensada polo remate do período transitório para a nosa frota, cando na realidade os barcos galegos cumpriron un duro tempo de castigo mentres os noruegues ingresan sen prazo transitório.

A situación dos cento cincuenta barcos galegos que segundo o

acordo pesqueiro coa UE poden deitar as súas redes entre o Sul de Irlanda e a fistera de Cornualla, é o asunto máis importante das negociacións para o ingreso de Noruega. No primeiro, porque a UE mantén a prohibición absoluta de pesca no chamado *box irlandés*, caladoiro histórico da frota galega que Dublin pecha coma moeda de intercambio con terceiros países da comunidade. Os exportadores de alimentos (nomeadamente Holanda e a Franza) compensan a Irlanda pola cuota de peixe que a frota Galega non pode tirar deste amplo anaco de carta mariña pola beira Sul da illa, baixo pretexto de anovamento biolóxico.

Pasar o oso

Os representantes da UE pasan a outro can o oso das licencias de bacallao que o goberno de

Madrid reclamaba a Noruega. Oslo argumenta que o bacallao adulto das Svalbard é o que baixa a desovar as illas de Loffoten que forman o nogallo da poboación pesqueira empregada en oficios de baixura. Aseguran que conceder lotes maiores de bacallao no Norde, deixaría sen pesca aos milleiros de barcos de pequena tonelaxe do Sul.

A esta explicación biolóxica pode se retrucar que Noruega procura de feito limitar a competencia dos seus produtos pesqueiros. Baixo a presión de Alemaña, que encabeza ao grupos de países do Norde que poden esperar máis dereitos beneficios da entrada da península escandinava, os representantes españoles asinaron por 6.300 toneladas de bacallao do que só un tercio será das duascenas millas noruegas. O resto deberá ser negocia-

do entre a UE e Rusia e Canadá. Tratándose de países non asociados na UE o degraio de obrigación deste compromiso é baixo. Canadá recusara hai anos á frota bacaloeira galega de por fóra das súas augas, tamén baixo pretextos conservacionistas e coa colaboración do restos dos doce. Tanto Rusia como Canadá poden á vontade revisar as cuotas de pesca deste acordo, segundo o recomende unha revisión biolóxica oportuna do parque de pesca.

O ministro Solana expresou a súa satisfacción pola coincidencia co resto dos sócios da UE. Con todo, o acordo deberá ser asinado polos representantes da Irlanda, Franza, Portugal e o Reino Unido na Comisión de Pesca da UE. A só dúas horas de Solana proclamar que a negociación rematará á satisfacción de todos, Irlanda e o Reino Unido negaron. Segundo outra versión, o acordo atinxido por España en Bruxelas deberá ser ratificado polo próximo consello da UE a celebrar en Abril. Por fin, a decisión sobre a *minoría de bloqueo* remítese a unha nova reunión a celebrar o día 22. En Bruxelas dase por seguro que Madrid, coa axuda de Londres, logrará compensar, como repite Solana, a diferenza entre Estados asociados e poboación. Alemaña e Dinamarca están d'acordo con esta reclamación. O Goberno central pretende presentar coma un grande trunfo este dereito de embargo que na realidade chega ás súas mans pola entrega da frota pesqueira.

No entanto, fontes da Consellería de Pesca expresaron o seu malestar pola falla de información sobre as negociacións. A pesar de que o futuro da frota galega depende da calidade do acordo con Noruega, o Goberno autonómico tivo noticia dos termos da negociación a traves dos medios de comunicación. ♦

GASTO PÚBLICO

Fraga impuxo o *Ágora agora* por compromiso con Cela, segundo o PSOE


Villot nega ao Parlamento información económica da TVG

■ H.V.

A comparecencia do presidente do Consello de Administración da Compañía de Rádio e Televisión da Galiza, Ramón Villot, diante da Comisión de Control do Parlamento non serviu para aclarar as preguntas formuladas por dúas persoas da oposición, que principalmente estaban interesadas en coñecer o investimento real no programa *Agora agora* e o salario que percebe a súa presentadora, Marina Castaño. Villot escudouse na privacidade do contrato para eludir a resposta.

Villot, durante unha comparecencia diante da Comisión de Control da Compañía, fixo unha exposición breve da programación, xustificando a superficialidade da resposta en que a dinámica da programación está determinada pola competencia coas outras canles, pero non entrou no fondo do debate sobre o programa *Agora, agora*.

"Villot quixo disfarzar a negativa a informar no segredo dun contrato privado -dixo o parlamentario socialista Roberto Taboada-, pero imos usar todos os medios para averiguar canto costa e o que cobra Marina Castaño, a súa directora, xa que non pedimos unha descripción das partidas de forma tan detallada. A lei de criazón da Compañía obriga a dar esa informa-



Ramón Villot.

ción, e de feito tense dado noutras moitas ocasións".

"É o colmo que se defenda un programa que proibe o idioma, cun contrato millonario, con desprezo de profesionais galegas que están capacitadas para facer algo semellante dirixido ás galegas e protagonizado por galegas

e que é uha españolada -dixo Pilar García Negro, ao remate da comparecencia do presidente da CRTVG. Villot acomodase a defender calquer machistada".

A respecto da denegación de información de carácter económica, a deputada asegurou que "é un escándalo non querer revelar o custo dun programa e esa é a maneira máis aberrante de enxugar o déficit da TVG", ironizou Pilar García Negro, aludindo ao feito de que o programa se graba en Madrid, coa obriga de trasladar equipos e profesionais a esta cidade para realizar a grabación.

Roberto Taboada cifrou en un millón de pesetas por programa o custe dos emolumentos que

percebe Marina Castaño, cando se trata dunha profesional excelente da propia Compañía, e dixo que este programa realizase "por orde directa de Fraga, por riba de Villot, e respondendo a un compromiso co home de Marina Castaño, Camilo José Cela".

Segundo Taboada, Villot consintente porque hai un "período de interinidade na TVG no que está pendente a renovación da dirección e Villot está a facer méritos diante de Fraga".

Por outra banda, Ramón Villot si ofreceu informar sobre a cuestión no seu despacho, pero renunciou a facelo na Comisión de Control. A isto Taboada respostou dicindo que "iso é dun compadreo intolerábel, a información ten que darse no Parlamento, con luz e taquígrafos". ♦

CONGRESOS NACIONALISTAS

'Ser partido ou non é secundario', sinalan os seus dirixentes

Esquerda Nacionalista propugna a abertura á sociedade do BNG

■ MANUEL VEIGA

Esquerda Nacionalista, corrente organizada do BNG, pospuxo a súa conversión en partido político, pero decidiu reforzar os seus órganos executivos, por decisión maioritaria dos participantes na súa I Asemblea Nacional, celebrada o pasado día 12 en Monforte. O seu novo portavoz, o deputado do BNG Alberte Xullo Rodríguez Feixoo, afirmou na clausura que "ningun nacionalista debe quedar fora do BNG".

Máis de 150 persoas asistiron á I Asemblea de Esquerda Nacionalista, onde eleixiron unha nova Mesa Nacional de 20 membros, entre os que se encontran Fernando Solla, Xosé M. Beiras, Antonino Torron, Encarna Otero, Xaquín Acosta, Chema Ferreiro, González Amadiós, Miguel A. Fernán Vello e Carlos Xoan Díaz. Varios deles pertencen tamén ao Consello Nacional do BNG. A Asemblea elixiu como portavoz da organización a Alberte Rodríguez Feixoo, actual deputado por Lugo do BNG e avogado laboralista. Xosé Manuel Beiras apenas interviu na reunión, a causa dun forte gripe. Foi, con todo, encargado de dirixir unhas palabras aos asistentes no acto de clausura, nas que sinalou que "o de menos é ser partido ou non, o fundamental é o traballo político".

A ponencia política aprobada pola Asemblea sinala que "dado que EN aposta por un modelo social dinámico e participativo, compre un traballo moi activo en todas as organizacións de masas existentes hoxe, potenciando o asociacionismo de calquera caste". A formulación de EN engade ademais que "o BNG terá que levar a cabo un activísimo traballo social e non só institucional", da-

do que "o PP e moi especialmente Fraga, coa maioría absoluta, vai esclerotizar e silenciar ao máximo o Parlamento".

Afortalar a organización

Se ben a ponencia oficial de "bases estatutarias" definiase pola conversión en partido político, finalmente foi aceptada parte dunha enmenda que postulaba o mantemento da formulación actual. Por médio dun trasacordo tomouse a decisión de agardar a que a nova Mesa Nacional "estude o tema", deixándose para unha nova asemblea a posíbel modificación.

Alberte Xullo R. Feixoo, encargado de realizar a alocución final da Asemblea, sinalou "que esta decisión non era a máis importante", senón que "cómpre máis fixarse no contido. A organización millora

coa creación dunha Comisión Executiva de 9 membros, o nomeamento dun portavoz nacional, así como dun responsable de organización e outro de finanzas".

Con anterioridade, o Informe da Mesa Nacional sainte puxera de manifesto as eivas organizativas sufridas desde a creación desta corrente o 2 de Abril de 1992.

Abertura a empresarios e profesionais

A apertura á sociedade é a divisa sobranceira ofrecida por Esquerda Nacionalista nesta asemblea. Alberte R. Feixoo explica: "Seguimos pensando que o primordial da forza do nacionalismo debe estar nos asalariados, pero neste intre a política da UE ou do GATT, non os está a afectar só a eles, senón que pon en crise a todo o sistema económico propio de Galiza. Por iso coidamos que no BNG debe haber tamén pequenos e medianos empresarios, profesionais e técnicos".



Alberte Feixoo:

'Debemos perder o medo a que o BNG medre'

Alberte Feixoo coida que hai unha sociedade "que está a agardar polas nosas propostas, non temos teito de crecemento".

"Dentro do BNG -matiza- hai voces ailladas que teñen medo a que o BNG medre, en base a unha idea: todo o que medra se contamina. Pensamos que iso non vai pasar, pero é que ademais se nos entra un virus temos medidas de ciruxía para extirpalo,

como xa demostramos no 87 ou no caso de Noia. Prescindimos dun alcalde con moitos votos e moita popularidade, porque enfrontara a liña da organización. Creemos que hoxe o BNG é forte abondo para capear estes problemas, no caso de que xurdan, e iso débenos dar confianza".

A respecto de UG e máis da FPG, o novo portavoz de EN afirma que "todos os nacionalistas



que asuman os principios do BNG teñen cabida na organización. Pedímoslle garantías? Non, en principio temos confianza, mentres non se demostre o contrario. Se non fose así non teríamos posto de candidato ás eleccións europeas a Carlos Mella".

A respecto da FPG lembra que "xa traballaron a prol do BNG en varias eleccións, están polo tanto máis perto de nós. UG aínda

non tivo un rasgo de apoio similar, mesmo nos combateron. Pero agora pediron a entrada e non imos porlle pegas. Ora ben, tamén digo que o que non vexa clara a entrada no BNG ou pensa que lle vai causar un disgusto, pois que agarde a estar máis seguro. Así aforraremos discusións e sempre pode decidir a súa entrada máis tarde, se quere. Non hai apuro. As portas do BNG han seguir abertas".

José Posada, eleito presidente no VII Congreso CG, na procura do espazo perdido

■ CARMÉ CARBALLO / OURENSE

Arredor de trinta militantes asistiron en Ourense ao VII Congreso de Coalición Galega. Presidente de formación resultou eleito o eurodeputado Xosé Posada e Segredario Xeral Fernando Alonso Lorenzo. Antón Blanco Selas, até agora Presidente, pasou a ocupar a Vicepresidencia.

Este sétimo congreso serviu, segundo Xosé Posada, para "replantear Coalición Galega, porque através del formáronse os cimentos para unha nova actualización de partido, unha reformulación ideolóxica cara ocupar o noso espazo tradicional que é o do nacionalismo positivo e progresista e iso temos que defendelo, porque penso que temos un grande futuro político".

Dentro dos obxectivos dos dirixentes desta formación política están a recuperación dos escanos que noutrora tivo CG tanto no Parlamento español (un deputado) e no

galego (once). Con este motivo Xosé Posada fixo un serio chamamento á militancia para "espallar esa prédica por toda Galiza", dado que o espazo político que ocupa este partido "é moi demandado, segundo demostran os inquéritos".

Abertos ao diálogo

Xosé Posada afirmou estaren abertos ao diálogo coas demais forzas políticas nacionalistas, máis non ter en conta o "chamamento" que tan "oportunistamente" saíu da Convergencia Nacionalista Galega, desde Lugo, apro-

veitando a celebración deste Congreso coaga.

CG elude o chamamento á unificación das forzas políticas nacionalistas "moderadas" en primeiro lugar porque consideran que "eso de 'moderada' compre xa borralo das calificacións políticas. Referíndose á posibilidade de unificación ou integración no BNG, Xosé Posada afirma que as conversas xa se produciron no seu momento, sen chegar a acordo, "porque hai aínda quen pensa que o nacionalismo é exclusivo da súa formación política e así non chegamos a

parte nengunha". Coalición galega non está disposta a disolverse como tal forza, "e se nos integramos ou unimos, será na atitude de dar pero tamén de recibir".

Sen embargo, e máis participaren de novo en coalición para as Europeas co PNV e Coalición Canária CG emprazou ao sétimo congreso para na primeira quincena do vindeiro mes de Novembro, retomar a súa posición despois do resultado que se obteña nos comicios e valorar o espectro político na Galiza, botando unha ollada ao mapa que desas eleccións xurda.

A FPG celebrou a II Asemblea Nacional Mariano Abalo

'A unidade do nacionalismo representaría un salto moi importante'

■ M. VEIGA

A *Frente Popular Galega* converteuse en partido, por decisión da súa II Asemblea Nacional celebrada o pasado día 13 en Santiago. A unidade do nacionalismo é un dos seus obxetivos inmediatos, "pero a decisión está en mans do BNG", segundo Mariano Abalo.

Como se define a FPG, despois desta Asemblea?

A FPG deixa de ser unha organización frentista, sen que por iso abandonemos a necesidade desta vía, para converternos nunha forza obreira, de carácter partidario. Trataremos de ser un garante para a supervivencia do nacionalismo de esquerdas en Galiza. Mantemos o noso proxecto pola independencia e o socialismo e as nosas propias relacións internacionais, así como a loita anti-represiva e pola amnistía. No mes de Abril teremos unha segunda parte desta Asemblea, porque o debate e a participación foron moi importantes e houbo ponencias que non tivemos tempo de tratar. Tamén elegimos unha nova Dirección Nacional.

Conservarán o nome de Frente?

Foi algo que valoramos. Ao final consideramos que hai moitos partidos no mundo que se denominan de forma similar e que, polo tanto, non era necesaria unha modificación.

"O BNG ten a chave"

Van solicitar a entrada no BNG?

Non o planteamos desa forma. Defendemos a unidade do nacionalismo e da esquerda e consideramos que o BNG ten hoxe un papel clave, o que está por ver é se quer cumprir esa función aglutinadora a fondo. Parécenos un paso adiante a decisión de *Esquerda Nacionalista* de tratar de conseguir a unidade máis ampla posible. Nós xa demos mostras abondo de vontade unitaria. Aí está a nosa petición de voto para o BNG nas xerais e nas autonómicas, a coincidencia no 25 de Xullo...

O BNG ten afirmado que toda forza que asuma os seus principios ten cabida na organización.

Como todo proceso haberá que ver como se materializa. Se o que afirmou *Esquerda Nacionalista* na súa Asemblea fose asumido na súa globalidade polo BNG significaría un paso de calidade importante.

As eleccións máis próximas son as europeas. Precisamente nuns comicios deste tipo produciuse a ruptura co BNG, ao pedir a FPG o voto para HB. Modificouse a situación desde aquelas?

Dependerá da receptividade do BNG para que se consolide a

postura unitaria e non se repitan vellos contenciosos. A chave, insisto, tena o BNG.

Pero podería darse a circunstancia de que hoxe a FPG pedise o voto para HB?

A situación non pode reproducirse, porque o contexto é diferente. Daquela, por exemplo, a única organización do Estado que se definía a prol da autodeterminación e que tiña posibilidade de obter representación e, polo tanto, capacidade para defender no parlamento europeo ese dereito, eran eles. Hoxe, en cambio, o BNG si ten posibilidades.

Poñeríanlle pegas ao candidato do BNG, que algúns xa calificaron de home de dereitas?

Nós non facemos ese planteamento. A cuestión é saber se o BNG está aberto a todo o abano ideolóxico galego. Xa dixen antes que a FPG quere ser o garante de que a esquerda xogue un papel na política frentista. A iso é ao que non renunciaremos. Reclamamos unha política unitaria, o suficientemente flexível como para que a esquerda teña un peso específico nese proceso.

A FPG fala de cote da unidade do nacionalismo e da esquerda, pero no BNG hai xente que non se define de esquerdas?

Se hai un gran acordo a prol da liberación nacional deste país e nel participan todas as forzas que teñen ese obxectivo, danse as condicións para un salto de calidade. Iso é o que hai que ver se se produce ou se a situación se vai estancar.



Definición sobre a violencia

A FPG defínese pola vía política ou admite outras formas de loita como válidas, caso da loita armada?

Iso está claro. A FPG é unha organización política que desenvolve a súa actividade nun marco coñecido. Calquera outra actividade nada ten que ver con nós. Pero hai que contextualizar os problemas. En calquer país oprimido, ao

que se lle negan os seus dereitos nacionais, xurden conflitos que ninguén desexa, pero que son consecuencia desa falta de liberdades. Non é unha cousa só de aquí, nen só de agora, como resulta evidente. Hai sectores populares que ás veces escollen unha vía así. A mellor proba de que se trata dun problema de raíces políticas está na recente sentenza que condea a membros do EGPGC e a outros que non o son con apenas probas e a penas durísimas. A Audiencia Nacional é un Tribunal político, como antes o era o de Orde Pública.

No caso de que o BNG lles esixise para entrar unha condea expresa da loita armada, como fixo *Esquerda Republicana*, con sectores próximos a *Terra Lliure*, que faría a FPG?

Calquer determinación que se tome é competencia da Asemblea Nacional. Pero eu non creo que o BNG vai realizar unha esixencia dese tipo. Iso sería como facer

crer que a FPG está a practicar a loita armada. Non penso que se vaia entrar en temas que están abondo claros.

Pero houbo, en tempos recentes, membros da FPG detidos pola súa relación co EGPGC?

Si, pero esas accións nada tiñan que ver coa FPG, como é público e notorio. E que hoxe haxa persoas no cárcere que coinciden coa FPG non quer dicir que nós practiquemos ese tipo de loita. Nen tampouco hai unha correspondencia do xénero que pode existir entre HB e ETA.

A FPG ten militantes en postos de responsabilidade tanto na CXTG como na INTG. É de supoñer que a súa postura é clara a prol da unificación que se vai producir o día 19?

Si. Esa é unha das conclusións da nosa Asemblea. Traballaremos por esa unidade a fondo, cara a Central Unica Galega. ♦

'A cuestión é saber se o BNG está aberto a todo o abano ideolóxico'

Sindicalismo Galego

Sumando esforzos

I Congreso da Confederación Intersindical Galega
19 de Marzo de 1994. Auditorio de Galiza. Compostela

CI
Confederación Intersindical Galega

DEPORTE ESPECTÁCULO

A eliminación do Tenerife da Copa, e a final deste campionato futbolístico que vai xogar o Celta de Vigo, convértense en auténticos acontecementos sociais que moNstran o xeito de ser dunha cidade e a interrelación do espectáculo deportivo cos distintos sectores sociais.



ANXO IGLESIAS

Un partido de fútbol pode substituír á festividade de San Roque

Da movida á Copa

■ PUCHEIRO

Vigo é unha cidade que se move por impulsos cíclicos, con crecementsos demográficos que a sitúan neste século á cabeza das cidades de Europa en canto a medre, e depresións producidas por unha economía non integrada, moitas veces especulativa nos sectores que lle son propios. A conformación de Vigo como cidade, como colectividade unívoca, non está asentada. Vigo é un conxunto multiforme de bairros, parróquias e emigrantes de todo o Sul de Galiza. Está idiosincrásia transmitella aos clubs deportivos máis en contac-

to coa sociedade.

A historia do Celta ten moito do xeito de ser de Vigo. Integración na Galiza (inmigración), regularidade nun segundo plano nas épocas de maior crecemento (emigración sen uns verdadeiros dirixentes locais que trasmitisen esa bonanza económica a unha cidadanía que, no fin de semana, pensaba máis nas leiras), centro comarcal (gran parte dos apoios chéganlle desde fóra da cidade, desde Cangas, Redondela, Moaña, Baiona, Porriño...), identificación subxectiva (hai moitos xeitos de ser vigués)...

A chegada esta tempada da

equipa do Celta á final da Copa é unha especie de *arrotada* futbolística impulsada polo mimetismo, sempre presente, de equipararse á Coruña. Aínda que a percepción social das dúas cidades é ben distintas nestes momentos, influíndo decisivamente na configuración da equipa, a fórmula copeira permite esas *surpresas*.

Ese sector social que impulsou a *movida* anos atrás, fenecida está de morte morrida, fixo de Balaidos o seu centro de divertimento e identidade. O espectáculo, nesta ocasión futbolístico, convertiuse en pretexto para deixar a bulir as arelas, as pai-

xóns e tamén as frustracións, nunha especie de *febre de domingo á tarde*, aínda que moitos, como ocorria na *movida*, só participan dela indirecta e tanxencialmente.

Esa paixón criativa momentánea foi a que levou ao Celta a eliminar ao Tenerife e a que pode levalo a campión da Copa e tamén a atoparse moi perto da Segunda División. Esa gana de festa, de expansión, propiciou que se congregasen miles de rapaces no pavillón das Travesas ou en Peinador na mañancía da eliminación do Tenerife. Alí había moita xente, poda que máis da metade, que nunca pi-

sou sequer o Estádio de Balaidos. Non importa.

O Concello vigués sempre foi moi dado a recoller eses impulsos agrolladores dunha cidade que busca unha identidade máis alá da especulación urbanística, empresarial ou política, xa sexa montando aquel paroxismo de *Vigo escríbese con M de Madrid*, financiando tréns a Bilbo ou agora a Madrid e, se o persoal o demanda con forza, substituír a San Roque pola Copa. O caso é darlle festa á xente cando a demanda, cando ten gaña. Aínda que logo todo quede en resaca. Pero, quen lles vai sacar o bailado!♦

COMERCIALIZACIÓN DA PESCA

A maioría négase a que se subaste peixe pola tarde

Intereses no porto de Sada, posíbel detonante do conflito na Coruña

■ MERCHE VÁZQUEZ/A CORUÑA

A intención de tres armadores do Muro, porto pesqueiro coruñés, de comezar a subasta de peixe pola tarde, está a xerar un conflito que podería afectar a 11.000 persoas e máis de un milleiro de empresas. A razón para os tres armadores solicitar esta medida estaría na pretensión de subastar ás tardes no porto de Sada.

Para Francisco Martínez, exportador e afectado, "esa é unha manobra de tres exportadores e unha parella de armadores para abrir a subasta pola tarde no

porto de Sada, que está a trinta quilómetros da Coruña. Unha vez se inicie a venda en Sada, xa non hai quen a pare". A intención destes armadores sería montar follón no Porto da Coruña para forzar unha saída de compromiso que facilitase as subastas pola tarde en Sada, daquela conseguirían trasladar grande parte do peixe coruñés a este outro porto.

A pesar de todo, ninguén máis quer recoñecer esta intención como orixe do problema. Os armadores promotores da iniciativa aseguran que é unha posibilidade que facilitaría a penetración nos mercados de Madrid e levaría consigo poder colocar o peixe máis fresco. Vitor López, un dos maioristas a prol das subastas pola tarde, explicou que "o porto da Coruña vai a menos

e con esta medida íamos gañar todos".

A maioría dos implicados, en contra

As razóns dadas por López e os outros promotores non convencen á maioría dos implicados. Para estes últimos as razóns poderían ser outras distintas ás que formulan e sospeitan que "algo haberá detrás". Contodo, non explican que pode ser ese algo.

Os razonamentos dos que están en contra de modificar o sistema de subasta son que non hai capacidade para asumir os cambios, por canto non teñen posibilidade de traballar máis. Nieves Pallarés, presidenta da Asociación de Maioristas e Exportadores do Porto da Coruña, asegurou que "traballamos desde

as seis da mañá até as tres ou catro da tarde. Non podemos asumir unha venda pola tarde, xa que teríamos que contratar persoal para ese turno para dar saída á pesca que se mercara. Estamos en plena crise e non podemos asumir ese gasto".

Eleutério Lorenzo, Lito, un vocal da mesma Asociación, non se explica as razóns económicas da proposta de subastar ás tardes: "Os mercados pechan, o máis tarde, ás catro da mañá. De traballarmos á tarde os camiños saíran ás dez da noite, e xa me contarán como fan para chegar a Madrid, a Sevilla ou a Barcelona antes do peche".

As praceiras dos mercados tampouco se montran favorábeis ás subastas vespertinas porque o peixe non tería saída, logo que

os mercados funcionan á mañá.

A Asociación de Armadores de Buques de Pesca do Porto da Coruña (ARPESCO) ten unha aitude neutral e Juan Etchebers, voceiro desa entidade, precisou que "os problemas do porto pesqueiro da Coruña van máis aló do horario de subastas. Non sería realista centrarnos na diatriba subastar á tarde si ou non. Deberíamos de analizar a fundo o funcionamento do Muro e ver que podemos facer entre todos para melloralo e evitar que esmoreza".

A maiores deste conflito das subastas, os exportadores e maioristas teñen un contencioso cos armadores, xa que estes imponen aos primeiros un cupo de 65 caixas grandes de peixe e 150 pequenas.♦

AMPLIACIÓN DE CAPITAL

Se queres un periódico en galego, independente dos grupos de presión e se o queres xa:

faiite propietario

de A NOSA TERRA

Se vostede desexa ser ACCIONISTA debe ingresar o diñeiro da seguinte forma:

CONTADO:

- Mediante cheque emitido a favor de A NOSA TERRA
- Mediante ingreso nas contas seguintes:
304-501-3897-6 de CAIXA GALICIA O.P.,
30-9346-G do BANCO EXTERIOR O.P.
ou 40233801 de CAIXA VIGO O.P.,
todas elas de Vigo, especificando

"Ampliación Capital Social Promocións Culturais Galegas S.A. 4/1994", e nome, enderezo e NIF de quen o fai.

DOMICILIACION DO PAGO ATÉ 6 MESES

Contra o ingreso emitirase resguardo provisório até a entrega dos títulos.

PREZO DE CADA ACCION: 5.000 PTA.

Se vostede xa é accionista pode comprar un número de accións menor ou igual ao que xa ten ao prezo nominal de 5.000 pta. Se supera esta cantidade debe aboar unha prima de 5.000 por cada acción. Os novos accionistas pagarán a prima en todas as accións, polo que o prezo final de cada unha será de 10.000 pta.



*Agora está
na tua man*

ENVIE ESTE BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Sr. Director.
Rógolle que a partir desta data se sirvan atender con cargo á miña conta corrente/de aforro Nº..... os documentos de cobro que serán
apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. en concepto de compra de accións da seguinte forma: mensualidades de pta.

TITULAR DA CONTA

Nome Apelidos

..... N.I.F.

Enderezo

C.p. Localidade

..... Provincia

Teléfono Profesión

Banco/Caixa.....

Axencia Nº..... Enderezo

Localidade

Provincia

..... a de de 1994

Asinatura do interesado

INQUÉRITO AOS LEITORES

non é preciso poñer o nome

PERFIL DO LEITOR

- IDADE**
- Menos de 25
 - De 25 a 35
 - De 35 a 50
 - Máis de 50
- SEXO**
- Muller
 - Home
- PROFISIÓN**
- Agricultor
 - Mariñeiro
 - Traballador autónomo
 - Obreiro industrial
 - Empregado de servizos
 - Pequeno empresário
 - Ensinante
 - Funcionario non ensinante
 - Profesional liberal
- Estudante
 - Parado
 -
- NIVEL DE ESTUDOS**
- Primarios
 - Médios
 - Superiores
- LUGAR DE RESIDENCIA**
- Rural
 - Vila
 - Cidade
- ADEMAIS DE MIN, LEN O PERIÓDICO**
- Unha persoa
 - Dous
 - Tres
 - Catro
 - Máis de catro

A LIÑA EDITORIAL

- COA SUA LIÑA EDITORIAL ESTOU**
- Sempre de acordo
 - Case sempre de acordo
 - Poucas veces de acordo
 - De acordo nalguns temas
- COIDO QUE A SUA LIÑA EDITORIAL DEBERIA**
- Informar de todo
 - Informar de todo, pero desde un punto de vista nacionalista
 - Ser máis nacionalista
 - Ser nacionalista, pero non tan radical
 - Ser nacionalista, pero non tan de esquerda
 -
- NAS ÚLTIMAS ELEIÇÕES VOTEI A**
- PP
 - PSOE
 - BNG
 - UG
 - EU

PERIODICIDADE


- MERCO O PERIÓDICO**
- Sempre
 - Case sempre
 - Ás veces
 - Son suscriptor
- GOSTARIA DE QUE FOSE DIÁRIO**
- Si
 - Non
- A SAÍDA DUAS VECES A SEMANA**
- Paréceme ben como etapa intermedia
 - Debe seguir sendo semanal e mellorar

A DISTRIBUCIÓN

- Chega tarde ao quiosque
- En moitos quiosques non o hai
- É correcta, en xeral
- Ás veces chégame tarde a subscrición
- Case sempre me chega tarde a subscrición

O CONTIDO

- GOSTARIA DE QUE A NOSA TERRA TIVASE**
- Sucesos
 - Máis artigos de opinión
 - Máis artigos de deportes
 - Máis información local
 - Páxinas de servizos
 -
 -
- O QUE MENOS**
- As páxinas de entrada
 - A información política
 - A información referida a Galiza
 - A internacional
 - A cultura
 - Os artigos de opinión
 - As entrevistas
 -
 -
 -
- O ESTILO PARÉCEME**
- Moi denso
 - Pouco claro
 - Pouco rigoroso
 - Os artigos son moi longos
 - Está ben en xeral
- NOS ÚLTIMOS ANOS**
- Mellorou
 - Empiorou
 - Está igual
- HABITUALMENTE LEO**
- Case todo
 - Só o que me interesa
 - Só o merco porque está en galego
- MELLOROU EN**
-
 -
 -
 -
- CREO QUE É SÉRIO E CON CREDIBILIDADE**
- Si
 - Non
 - Non sempre
- EMPIOROU EN**
-
 -
 -
 -
- O QUE MAIS ME PRESTA É**
- O informe de entrada
 - As entrevistas
 - A información de Galiza
 - A información internacional
 - A cultura
 - Os artigos de opinión
 -
 -
- PARA LER DISPOÑO DE**
- Moito tempo
 - Pouco
 - Regular



Enviar unha vez coberto a:
A NOSA TERRA Apartado 1.371 36200 VIGO

A PROMOCIÓN

- Deberia anunciarse en televisión
- Deberíanse facer campañas entre os posibles lectores
- Deberíase promocionar a subscrición
- Deberia anunciarse en valados ou similar

A PROPIEDAD

- Paréceme ben que teña moitos accionistas
- Deberíase suprimir o limite do 4% de máximo de accións
- Estou disposto a mercar accións

ELEIÇÕES UNIVERSITÁRIAS

O 27 de Abril celébranse eleccións ao Claustro e comezarán a definirse posicións Ramón Villares e Dario Villanueva disputarán o Reitorado en Xuño

■ x.c.

O vindeiro 27 de Abril comeza a carreira para a renovación da equipa reitoral da Universidade de Santiago. Os 500 claustrais comezarán a meados de Maio o debate entre as que se apontan como únicas candidaturas: a actual de Ramón Villares e a que procura apoios, sen aínda confirmar a súa presentación, de Dario Villanueva.

Unha vez perdida pola actual equipa reitoral a votación dos Estatutos, o proceso electoral na Universidade precipitouse e desde o Mércores 16 de Marzo quedou aberto o proceso electoral que culminará en Xuño próximo. A primeira fase culmina o 27 de Abril coa elición dos cincocentos claustrais, distribuídos polos vellos estatutos: 40 axudantes becarios (8%); 125 alumnos (25%), 300 profesores (60%) e 35 PAS (7%).

Se ben entre os estudantes apóntase unha certa tendencia a repetir maioría dos Comités Abertos de Facultade, entre o profesorado é máis difícil definir a situación por canto, aínda habendo adhesións ás correntes organizadas (Plataforma Nacionalista e Progresistas), en todos os casos o profesorado apréséntase con carácter individual, polo



O novo Reitor de Santiago elixírase co curso xa rematado. Na imaxe unha recente votación no claustro.

A. IGLESIAS

que a cuantificación de apoios é máis difícil de realizar. Ademais o candidato a Reitor non ten porque ser eleito claustral e pode presentar a súa candidatura só con ser catedrático.

As posicións da dereita, sen definición organizativa, non parecen claras, tendo en conta que Villanueva é considerado próximo a Xerardo Estévez e o próximo ano o Partido Popular ten nas

eleccións municipais da capital un test decisivo. Ademais Dario Villanueva tamén se encontra no centro da polémica pola creación do Centro de Investigacións Ramón Piñeiro, un orga-

nismo que en certo senso desaira a capacidade investigadora da Universidade e, segundo as críticas recibidas publicamente, mediatiza o traballo científico ao poder político. ♦

DE UM GOVERNO FORTE NA UNIVERSIDADE LIVRA-NOS, SENHOR!

XAVIER VILHAR TRILHO

Numa recente entrevista (em *La Voz de Galicia*, de 11 de Marzo) o candidato *in pectore* a Reitor, o Profesor Dario Villanueva, fazia umas preocupantes e despropositadas declarações, nas que exprimia uma obsessão por conseguir um governo forte para a Universidade, até o ponto de não sabermos ser ealmente o que quer é ser, mais que um Reitor, um coronel com mando em praça ou presidente de governo de um Estado, que tivesse que fazer frente a uma pavorosa anarquia. O aspirante a candidato respondia à pergunta do jornalista de quais seriam as calves do seu governo, dizendo: "Prefiero hablar como universitario. A mí me parece que es fundamental un gobierno fuerte, en absoluto ambiguo y basado en un claustro donde el mayor número posible de claustrales se identifiquen con este modelo. Sólo ofreciendo una imagen de fortaleza e integración la Universidad de Santiago puede hacer frente a los problemas que tiene y a los retos del futuro". E, mais adiante, ante o reto da celebração do quinto centenário da fundação da Universidade de Santiago, declarava que a esse reto "hay que llegar a la casa en orden". Uma autêntica obsessão pela força e a ordem, a deste candidato *in pectore armato* a Reitor!

Que entende o Profesor Dario Villanueva por governo forte? Talvez dotar-se de uma guarda reitoral pretoriana de bedéis para impedir que as turbas estudantis estropiem, com uma ocupação bufonária do paraninfo, os fastos do quinto centenário de uma Universidade galega tão espanholizada, escassamente científica e nada popular? Pensará em que a Universidade de Santiago deve dar-se um governo forte, para fazer frente ao perigo de um possível golpe de Reitorado por parte do

"Exército Villarista de Galeguização Universitária", que ante o insucesso eleitoral se formaria entre os mais radicais membros da *Plataforma Nacionalista*? Proclamará o Profesor Dario Villanueva, se chega a Reitor, o "estado de excepção" na Universidade, para obrigar aos "senhoritos" (aos chefes de departamento) dar as aulas que lhes correspondem, para lhe pôr falta aos alunos que não assistam as aulas, para impedir que apoiemos greves gerais (ele fora um dos intelectuais assinantes contra a greve geral do 14 de Dezembro de 1988), para não cumprir os mandatos soberanos do Claustro (como aquele de um paro institucional pela financiamento ordenado por um Claustro, que ele presidia, e que não fora executado pela equipa reitoral do anterior Reitor, Profesor Pajares)? Necessitará de um governo forte, porque pretende tomar por assalto a obrigada financiamento económica que o Parlamento de Galiza e a Junta de Galiza lhe vêm negando á Universidade de Santiago? Terá suficiente fortaleza esse governo forte, ao que aspira, como para impedir subidas abusivas das taxas de matrícula?

Profesor Dario Villanueva, do que necessita uma insti-

tuição dedicada a fomentar a sabedoria é de um governo sábio, não de um governo forte. Se para os governos dos Estados se tem dito que "o melhor governo é aquele que governa de tal maneira que se faz desnecessário", que o "governo ideal é aquele que governa sem governar", quanto mais de uma instituição que deve ensinar a utilizar sempre a razão e nunca a força. Somos conscientes de que Voçe utilizava na entrevista uma linguagem metafórica, figurada, mas —como catedrático de *Teoria da Literatura*— não deve ignorar que é a natureza a que imita a arte, não a arte a que imita a natureza, não vaia ser que a sua possível actividade reitoral chegue

imitar as suas palavras de "chanceler de ferro"! Estamos tentados de interpretar as suas palavras como um acto falido freudiano (dizendo o que queriam ocultar), revelador de um autoritarismo nada universitário. Por isso, nós, "por se os elefantes", recitaremos propagandisticamente até o dia antes da eleição do Reitor, "Villanueva antes que o herdeiro de Pajares!". E, rezaremos-lhe a Deus todos os dias, dizendo: "de um governo para a Universidade constridor, / livra-nos Senhor!" ♦

Por isso, nós, "por se os elefantes", recitaremos até o dia antes da eleição do Reitor, "Villares antes que o herdeiro de Pajares!"

XAVIER VILHAR TRILHO é professor da Universidade de Santiago

AGRICULTURA NA UNIÓN EUROPEA

Foi Ministro de Agricultura e é parlamentario irlandés en Estrasburgo

Neil Bleaney

‘Europa importa millo subvencionado de Kansas pero nós non podemos produci-lo’

■ G. LUCA DE TENA


Irlanda ten o máis alto índice de paro da Europa do Norte. De que mecanismos dispón a Unión Europea para atallalo?

Cando ingresamos no Mercado Común, no 73, tiñamos setenta e cinco mil parados nunha poboación de tres millóns e medio. Na véspera da entrada facíamnos á idea de que sería unha festa pero nunca máis vivimos outravolta catro anos tan bos coma os de antes de asinar o tratado. Eu son da terra de Donegal, no Noroeste de Irlanda. O que non traballa unha leira (temos a propiedade moi dividida), anda á pesca. Somos os máis pobres da Irlanda. O paro traíanos de cabeza daquela, aínda que só eran 75.000. Pero desta son trescentos mil. Por riba, calculamos que nos últimos cinco anos emigraron trinta e cinco mil mozos. Agora, máis que falar dos que viven do subsidio do paro, temos que preocuparnos pola oferta de emprego. O índice de paro está no vinte por cento pero considerando a emigración (á Austrália, Norteamérica, Inglaterra etc), chegamos ao trinta. Esta cifra vai ir a máis porque os labregos que viven dunha pequena propiedade, e sobre todo na parte da que son eu, están arrasados. Isto débese á Política Agraria Común (PAC), desde ben antes que fose reformada. Levo moitos anos loitando contra isto a todos os niveis. Son parlamentario en Estrasburgo desde 1969. A primeira cuota que impuxeron foi a do leite. Era con carácter temporal pero converteuse en permanente. A subvención de prezos por unha parte e as cuotas pola outra crucificaron aos labregos de Irlanda.

Que vai pasar coa poboación labrega da Irlanda?

Cada ano perdemos un dez por cento da poboación labrega, o que quer dicir que no ano 2000 xa non quedará quen viva de explotar a súa pequena propiedade na Irlanda. Onde irán? Un dez por cento emigrará a todo o mundo e do noventa por cento restante, a metade ficará no país porque non teñen outra saída e esperarán a morrer; a outra metade trasladarase ás nosas cidades. Pero nas cidades non hai casas, nen escolas. Nen sequer as igrexas dan para tanta xente e o transporte é unha desfeita. Detrás deixamos un ermo e todo o soporte infra-estrutural dese campo que custara miles de millóns (escolas, estradas, colectores, traidas de auga, vías etc.) xa non se pode manter porque non hai poboación. Segundo a miña experiencia, por cada tres persoas que se ven obrigadas a emigraren, dúas máis seguen o mesmo camiño. A razón de marchar é que fican sen amigos e parentes. O incríbel é que dez anos antes de falarmos de ingresar no Mercado Común, pola primeira vez en 150 anos comezamos a gañar poboación. Agora, para o ano 2000, non haberá quen pesque e quen cultive a terra. Unha terra maravillosa que ficará abandonada.

Neil Bleaney foi ministro de agricultura de Irlanda durante os sete anos decisivos da integración no Mercado Común. A defensa do pequeno agricultor é o centro do seu traballo político, tanto como parlamentario independente en Estrasburgo (integrado no grupo *Arco Iris*) como dentro do *Fianna Fail*, ao que pertenceu durante 22 anos. Nesta entrevista, que tivo lugar durante a súa recente viaxe a Galiza, asume o papel de Casandra, a partir da experiencia irlandesa, contra o alto e irreversible prezo que a Política Agrícola Comunitaria nos vai cobrar.



ANXO IGLESIAS

Turismo rural nos ermos

A Unión Europea recomenda adicar esas áreas ao turismo rural, como queren facer na Galiza.

Din que gañaremos en turismo rural o que perdimos na agricultura e na pesca, pero isto é falso porque non haberá poboación bas-

tante nesas áreas para atender aos visitantes que poidan chegar. As áreas de Irlanda que ficaron despoboadas perderon o interese porque a poboación e a súa cultura son en toda parte do mundo o máis importante; moito máis ca a paisaxe, son o centro da oferta. Así que mentres promovemos o turismo rural, a poboación concéntrase nos arrabaldos das cida-

des con calidades de vivenda e servizos infindamente máis baixas cas que tiñan na casa que, polo demais custaron unha fortuna ao concello e ao Estado.

Cal é a causa desta despovoación?


Todo isto é para satisfacer as necesidades das trans-nacionais e

do sistema financeiro internacional. O traballo que xeran non pode absorber a poboación que vai do campo á cidade. Podo parecer extremista, pero entendo que Europa está nas mans do sistema financeiro. A liberdade que ao abeiro do GATT teñen Norteamérica, Austrália e os países do GATT para comerciaren cos seus produtos na Europa, só é posíbel se nos proiben a nós producir. Isto non ten nen pés nen cabeza. Como se entende que o millo producido en Kansas teña que cruzar o continente americano, e ser despois transbordado á outra beira do Atlántico deica Rotterdam, a seis mil quilómetros de distancia, e que a nós non nos permitan producir? Que nos deixan aos que ficamos na cuneta deste comercio de escala grande? O paro, que aumenta sen sinal nengun de que podamos sair del, mentres a esperanza de vida aumenta e vese vir o momento en que a poboación empregada non sexa quen de pagar as taxas da seguridade social. Estamos a cometer un imenso erro.

‘Cada ano perdemos un dez por cento da poboación labrega, o que quer dicir que no ano 2000 xa non quedará quen viva de explotar a súa pequena propiedade na Irlanda’.

Pero hai outro camiño que non sexa o da Acta Unica?

Cando celebramos o referendo para o ingreso na Comunidade Europea eu participei na campaña. Non é que fose entusiasta pero despois de o Reino Unido ingresar e tendo en conta que absorbia o sesenta por cento do noso comercio, non tiñamos outro remedio. Na miña circunscrición tivemos o nivel máis alto de votos a prol do ingreso, cun 82 por cento. No 87 celebramos outro referendo para sancionar a Acta Unica pero desta defendín o voto *non* porque coidaba que nen estabamos no bon camiño nen era aínda o momento para o mercado único. Obviamente fixen campaña contra Maastricht. Non é que estea contra o Tratado en si, pero coído que chega con vinte anos de anticipación. Europa é como é desde hai séculos, podemos acaso cambiala da noite para o día por un decreto e convencer aos que non están polo labor cos fondos estruturais? En cousa de sete anos, construiremos cos fondos unha grande estrada continental. Por esta autoestrada estaremos antes nos mercados centrais do continente, pero igualmente os fabricantes do cen-



tro virán antes competir aos nosos mercados. Non poderemos competir. Así que medre a escala de produción no centro do Continente os países da periferia levarán a pior parte. Que van significar para nós os acordos do GATT se non poderemos igualar os prezos dos grandes produtores? Coa nosa estrutura de produción agrícola e pesqueira non poderemos.

Gaña a centralización

Quer isto dicir que defende a saída de Irlanda da UE?

Non, non. Temos que ser realistas. Así que un país entra non ten volta atrás. Eu só digo que dez anos despois de ingresar, o setenta por cento do censo industrial que tiñamos no 1973 desapareceu en 1993. Unha parte atopou outros traballos, certo, pero todos dependentes da estrutura económica da UE. Non hai porta de saída, nen sequer se meia dúcia de países se botasen fóra. Temos que loitar desde dentro e establecer una fronte entre as áreas periféricas que son as que no de agora pagan o prezo máis alto. Relativamente estamos mellor que hai anos pero comparativamente, os que temos renda máis baixa estamos máis lonxe dos máis ricos ca estabamos antes. Isto é o que se fixo pola converxencia. Nen o principio de subsidiariedade está hoxe máis extendido que cando ingresamos. A idea de que os niveis inferiores, máis descentralizados, irían gañando terreo, non se realiza. Quen decide o nivel a que se debe facer? No que gañamos é en centralización. Non hai goberno estatal na UE que queira ceder nen migalla do que controla. Na comunidade todo se filtra a través dos gobernos centrais. Que hai do Comité de Rexións? Só boas palabras, sen orzamento nen regulamento de aplicación. Aquí só pode pedir peza, quen paga o gaitero. Como a Comisión é a que ten os cartos, aquí só se pode tocar a música que lle peta.

Non é posíbel a pequena agricultura?

Si, pero cunha condición. Desde 1981 unha pequena minoría, na que me incluo, loita contra o sistema de cuotas e a prol doutro de subvencións no que se teña conta do que se produce. A forma máis xusta e ecuánime de distribución sería a dos impostos dos europeos, aplicados sobre uns baremos do volume de produción. Isto podería aplicarse ás froitas, ao gando, leite, viño etc. Os pequenos produtores terían a subvención máxima, o tratamento algo menor e, dacordo cos requirimentos totais do mercado, poderíamos ter un terceiro nivel con axudas decrecentes. A restricción aplicaríase aos grandes produtores e non a todos por igual, como desde hai quince anos: afogando aos pequenos e favorecendo aos grandes que poden tumbar os prezos.

‘A restricción debería aplicarse aos grandes produtores e non a todos por igual, como desde hai quince anos’.

‘Ainda que aumentemos a velocidade das comunicacións, os nosos veciños do Sul chegarán antes aos mercados. As comunicacións favorecen sobre todo a competencia desigual’.

A UE non quer saber nada disto porque está dominada polos grandes produtores. A historia repétese. Non é novo: os que teñen máis gañan máis e os que apenas teñen non poden saír adiante. A situación está de tal xeito deteriorada que, se cadra, de aquí a cinco ou seis anos xa non podemos dar marcha atrás e aplicar un remedio como o que propuxen antes. O resultado derradeiro será a desertificación das áreas periféricas, o envellecemento da poboación e a falla de recambio xeracional: non hai mozo con estudos que faga o seu plan de vida sobre a pequena granxa dos seus pais.

Irlanda fixera cuestión principal dos seus investimentos en infraestruturas, sobre todo nas vías de comunicación.

Hoxe temos mellores portos e aeroportos e estradas moito máis rápidas. Pero isto non muda a nosa posición relativa porque hai algo importante que non soubemos prever: hoxe estamos tan lonxe de Bruxelas coma hai vinte anos. Lévanos moito menos chegar alá, pero a poboación do Sul de Inglaterra gracias á mesma estrutura viaria que nós usamos estará en Bruxelas moitos anos. Aínda que aumentemos a velocidade das comunicacións, os nosos veciños do Sul chegarán antes aos mercados. E a cegueira de todo isto é que as comunicacións favorecen sobre todo a competencia desigual.

A Comisión Europea di que todas as periferias poden ser centro se aumentan a produtividade

Seica o emprego aquí na Galiza non medra, segundo puiden saber por xente moi ben informada que falou coa comisión de deputados do grupo *Arco Iris*. Dinme que habería emprego se Galiza puidese mellorar o seu Produto Nacional Bruto (PNB) nun 2 ou 3 por cento, no canto do 0,7 actual. Pero a nós dixeranos que se cumprimos tres condicións melloraríamos o emprego: baixar a inflación, baixar os intereses e subir o PNB. Na Irlanda temos desde hai catro anos un dos índices de inflación máis baixos da UE, por baixo do 2 por cento; o prezo do diñeiro é o máis barato desde hai trinta e cinco anos e o crecemento do PNB durante os últimos cinco anos é superior ao do resto dos 12. Pero o resultado é que ofrecemos menos emprego e temos máis paro. Se con esta triple fórmula non aumentamos o emprego, que é o que pasa? Na Galiza aumentarán a produtividade coa política económica actual pero non haberá novos empregos. Precisamente, ao mellorar a produtividade sacrificarán emprego. Esa foi a nosa

experiencia recente na Irlanda. Así que melloramos o noso nivel tecnolóxico e a nosa produtividade, perdemos postos de traballo.

Quen representa hoxe na UE as posicións de Sicco Mansholt a prol do pequeno agricultor?

Ben me lembro de Mansholt. Por certo que falei dil na última sesión do Parlamento Europeo na que se tratou o asunto dos pequenos agricultores. Sendo ministro de Agricultura da CE, Mansholt tivera a temeridade de advertir o que pasaría cos pequenos agricultores, que se cumpriu totalmente. Cando se aplicaron as primeiras cuotas, no 81, presentei unha moción en Estrasburgo que contén as mesmas posicións que estou a defender agora. Sendo ministro de Agricultura en Irlanda a crise da produción de carne e leite chegou aos piores momentos nos anos 67, 68 e 69. Daquela déramos feito en Irlanda un prezo diferenciado para leite e carne de vacuno, algo que non estaba permitido na CE. No 82 volvin defender o documento pero seguramente non acertei na súa defensa porque non conseguín cousa [riso]. O presidente da Comisión empregou despois as cifras que eu e outros empregáramos durante anos: o oitenta por cento da agricultura europea paga polo vinte por cento de granxeiros. Coidei que estabamos no bon camiño. Non podemos esquecer que sempre houbo cartos copunitarios abondo para a agricultura; o problema é que a parte do león vai para uns poucos. A Comisión comprendeu isto pero derradeiramente revolveu que había que estender as cuotas. Así os que ten máis sobreviven e os que non, amólanse. Coído que entre un quince e un vinte por cento do Parlamento europeo apoia a posición que eu defendo. Se cadra, así que se noten aínda máis os efectos da reforma da Política Agraria Comunitaria (PAC), a maioría apoia a miña proposta.

‘Din que gañaremos en turismo rural o que perdemos na agricultura e na pesca, pero non vai haber poboación abondo para atender aos visitantes’.

Irlanda retén só unha pequena parte da poboación e o resto vive nos EE UU. De que clase de iniciativas empresariais da emigración se beneficia o país?

Os investimentos dos emigrantes na Irlanda son coma un soño inxenuo. Nos Estados Unidos hai corenta millóns de irlandeses pero na Reino Unido hai ben máis irlandeses ca na Irlanda. E a emigración continua. É unha sangría lenta. Levamos moitos anos mellorando o sistema educativo pero contra máis sobre o nivel (e non me arripinto) máis logo fuximos. Non temos emprego para todas as especialidades que lles aprendemos nen o nivel de saláris iguala aos que poden gañar na emigración.♦

O porqué do non á ampliación da UE

Víctor Badiola, secretario da Asociación de Armadores de Ondárroa, asina unha tribuna no último número de **INDUSTRIAS PESQUERAS** que saíu á rua e analiza o por que dos armadores do Estado contra a ampliación da Unión Europea. Badiola comeza estudando a protesta dos pescadores franceses contra o afundimento dos seus mercados e as dúas compensacións que obtiveron de Balladur, a saber: a redución do 50% dos costes da Seguridade Social e os prezos mínimos de garantía.

Esta tribuna sinala varias razóns para o veto, que parte dunha causa: "A Comunidade mantén cos nosos pescadores un réxime de Adesión absolutamente discriminatório con respecto ao resto das frotas comunitarias actuais". Neste sentido sinala que a frota do Estado posúe cuotas de seis de 27 especies posibles, "un acceso aos recursos (6 especies) por meio de planos de pesca rixidos e sen posibilidades de modificación (...) e dúas modalidades tipo (palangre e arrasto) que non poden alterarse".

Ante a situación que describe, Badiola pede paciencia e solidariedade. Paciencia porque "os empresarios do Estado sufriron un aumento nos custos da Seguridade Social (case un 50%) e que os armadores e pescadores levan vendo o desplome dos seus mercados desde o día seguinte á adhesión formal e a pesar das innumerábeis protestas non obtiveron nada; nen prezos de referencia". Por outra banda, pede solidariedade dado "que o noso Réxime de acceso é absolutamente inxusto; con relación ao resto e que as nosas perdas son aínda maiores que as deles".♦

O galego máis importante que o castellano

Un inquérito publicado en **LA VOZ DE GALICIA** o pasado Domingo 13 de Marzo revela que o 46% da poboación da Galiza concende maior importancia ao galego que ao castellano, mentres o 41% ten unha opinión contraria e concede maior importancia ao español que ao noso idioma. Son os dos iguais de importantes para o 11%.

Segundo o inquérito, é nas localidades menores de 50.000 habitantes onde o prestixio e importancia da lingua galega é maior. Por grupos de idade, a coincidencia en porcentaxes é case total. O mesmo sucede no terreo da adscripción ideolóxica e política dos interrogados. Por sexos tamén se dan porcentaxes semellantes e pola situación laboral sucede outro tanto. Unicamente no referente á ocupación do cabeza de familia hai un grupo que considera máis relevante o español que o galego, son os directivos. Pola contra, os profesionais, ao igual que o resto dos sectores, opinan en favor do galego.

"Pode que no destempo todos nos identifiquemos coa mesma fórmula escribe Félix Soria, nun comentario de opinión situado xunto ao inquérito e publicado, como este, en español: «¡am...! Pero será mentira. Xa non seremos nós. Todas as linguas que un entende resultan imprescindibles, máxime a propia, que na Galiza, loxicamente, é o galego".♦

O desemprego e Europa

"España, Portugal e Grécia están nun cuarto grupo, onde hai altas proporcións de xentes que non se benefician [do benestar]", indica un traballo publicado no xornal **THE ECONOMIST** o 12 de Marzo e que analiza a política de emprego e o Estado do benestar e que titula "A iluminada guía do benestar seguida na Europa".

"Desempregado, incapacitado, enfermo, fillo monoparental? - preguntase o rotativo. Mellor para el ser belga, danés ou alemán, e peor ser británico. Se vostede ten 18 anos e non traballa, probe a ser portugués e non grego. Se está viúvo e ten dous fillos, probe a ser español tanto como italiano".

"En teoría os cidadáns europeos, coa garantía de liberdade de movementos do Tratado de Maastricht, poderán beneficiarse do mellor. Pero de feito, poucos", o periódico británico desacredita as distintas varas de medir o benestar que aplican os estados europeos e o feito de que a liberdade do Tratado de Maastricht non vai proporcionar verdadeiro acceso a ese benestar polas barreiras lingüísticas e culturais.♦

A NOVA CONSTRUCCIÓN DE EUROPA

O ESGOTAMENTO DO "ESTADO MODERNO"

ANSELMO LOPEZ CARREIRA

Xa no século V a.C. nos viñan dicindo os sofistas gregos que toda construción política é convencional, e non require especial esforzo comprobar que as formas de Estado están historicamente limitadas, malia que os seus soportes (entre eles a intelectualidade orgánica) se esforcen en convencer nos da súa necesaria inmutabilidade.

O denominado (aséptica e benignamente) "Estado Moderno" circunscribe nun marco histórico concreto e todo parece indicar que nestes momentos rematou o seu triste ciclo, marcado pola brutalidade máis exacerbada, xa que foi concebido para a guerra e o expolio.

Por iso en canto a Humanidade se plantea alternativas de solidariedade vese necesariamente obrigada a superar os estreitos límites impostos por unha estrutura política nacida xustamente para o contrario, para organizar a agresión. O auxe que na actualidade experimenta o nacionalismo en toda Europa tería ahí a súa orixe, e desde logo non na *crise do socialismo real*, como interesadamente se sostén, pois é un feito evidente que a vitalidade do fenómeno se estende por oriente e occidente.

Desde que a mediados do século XV o conxunto da sociedade europea acadou un grado determinado de desenvolvemento, lánzase de maneira violentísima á explotación sistemática dos outros continentes e, paralelamente, a unha feroz competencia interna. O proceso foi dirixido e posibilitado por un novo tipo de Estado que entón nace e que asume o cometido de controlar en exclusiva un espazo xeográfico propio en Europa contra calquera interferencia competitiva e de dirixir ou potenciar o saqueo imperialista de ultramar. O "Estado Moderno" é, polo tanto, o Estado do imperialismo.

Co decorrer do tempo non deixará de perfeccionarse, convertíndose cada vez nun ente máis ideal e globalizador, xustificador por si mesmo de calquera política,

por aberrante e antihumana que sexa, e dotándose de elementos represivos antes descoñecidos (a Inquisición é un exemplo). Nesta liña aspira mesmo a adoptar unha fasquia de "Estado nacional", por máis que son escasísimos os que teñen esta característica; ó contrario, a maior parte o que buscan é encubrir o feito de englobaren outras nacións que non tiveron a oportunidade de se dotaren desa estrutura política e ás que agora (en particular desde o século XIX) se require asimilación forzosa, para o que o concepto de Nación pasa a ser asimilado exclusivamente polo Estado.

Axiña se fan patentes —de forma ben dramática!— os resultados materiais da práctica do novo Estado. Dunha dureza incalculable sobre todo para América

(xenocidio cultural e humano) e para África (desarraigo de sesenta millóns de persoas, trasladados como escravos), tamén produciu sufrimentos de proporcións nunca vistas na propia Europa, dividida durante moito tempo en bloques relixiosos agresivamente antagónicos (Reforma e Contrarreforma) e sacudida por guerras interestatais constantes, algunhas xeralizadas e de enorme magnitude (como a dos Trinta Anos ou as dúas Mundiais), saldadas con millóns de vítimas.

Quizais se teñan hoxe acadado as condicións obxectivas e subxectivas para poñer fin ó estadio de enfrentamento perenne no que aínda estamos a vivir, pero os sectores encaramados no poder dos Estados só conciben a nova Europa como unha prolongación das vellas estruturas e coa mesma finalidade competitiva e dominadora.

A superación da xa caduca concepción "moderna" do Estado non só é posible, senon absolutamente necesaria para podermos construír unha Europa solidaria e democrática, nin explotadora dos demais nin negadora da propia esencia nacional que é o seu soporte. ♦

— — — — —
‘Os sectores encaramados no poder dos Estados só conciben a nova Europa como unha prolongación das vellas estruturas’.

ESLOVÁQUIA, A ESQUECIDA

ALEXANDRE HERMIDA

Un exemplo especialmente acusado de desinformación, que ten pasado desapercibido pola escasa capacidade de influencia política do país en cuestión, é o da República Eslovaca. República recién nacida, pois pouco máis de un ano pasou desde o divórcio pacífico (aínda que non isento de traicións e golpes baixos) dos checos e os eslovacos. Desde aquela as noticias sobre uns e outros practicamente desapareceron das páxinas dos xornais. Antes as informacións eran unívocas e contundentes: Checo-Eslováquia creba por culpa dos nacionalistas (neo-comunistas e neo-fascistas) eslovacos.

!sto non se axeita á realidade. Certamente, as reivindicacións nacionais eslovacas estaban latentes desde o mesmo momento da creación do Estado checo-eslovaco. Os checos e os eslovacos son dous povos próximos, mais non iguais. Ambos pertencen ao grupo eslavo occidental, pero os seus destinos históricos son diverxentes xa na Idade Média.

No século X Eslováquia é conquistada polos húngaros, iniciándose unha dominación que durará mil anos; mentres, os Países Checos (Boemia e Moravia) conservan a súa independencia algúns séculos máis, para cairen despois nas mans da monarquía vienesa dos Habsburgo.

No império Austro-Húngaro os eslovacos sempre levaron peor parte que os checos. Sobre todo despois de 1867, cando os húngaros obtiveron licéncia para practicar na súa parte do império unha política de asimilación forzosa das restantes nacionalidades (eslovacos, romenos, rutenos, etc.). Así que en 1918, cando se desmorona o Império Austro-Húngaro, os eslovacos ven a súa táboa de salvación na creación dun estado comun co povo irmán dos checos.

O acordo de Pittsburgh, asinado ese mesmo ano polos representantes checos e eslovacos na emigración americana, outorgaba unha ampla autonomía aos eslovacos. Desgraciadamente, o acordo nunca se cumpriu. A I República Checo-Eslovaca trouxo aos eslovacos o fin da opresión, pero non os dotou de institucións propias nen da posibilidade de desñaren a súa política económica.



Partidários da saída da Federación checo-eslovaca nas ruas de Bratislava en 1992.

KAROL KALLAY

En 1938 a Alemaña nazi anexiona os Sudetes checos, e a súa aliada Hungría o Sul da Eslováquia. O goberno de Praga, debilitado, consente a creación dun goberno e un parlamento autónomos eslovacos. A autonomía dura menos de un ano, pois outro acontecemento trágico veulle por fin: Hitler decide invadir o resto dos Países Checos e pon un ultimatum a Eslováquia: ou declara a súa independencia como estado "vasalo", ou será entregada a Hungría. Non sen vacilacións, o parlamento eslovaco vota a favor da independencia. Deste xeito forzado nace o primeiro estado eslovaco (1939-45), de corte fascista e dirixido pola Igrexa católica.

Despois da guerra renóvase a República Checo-Eslovaca, que axiña se converte en Socialista. Un dado pouco coñecido é que detrás da famosa Primavera de Praga (1968) están en grande parte as reivindicacións eslovacas. Non foi casualidade o resolverse a crise coa substitución dun eslovaco (Alexander Dubcek) por outro (Gustáv Husák)

á fronte do Partido Comunista, e coa transformación do estado unitario nunha federación (cando menos sobre o papel).

Logo da caída do rexime socialista, en Novembro de 1989, os eslovacos reclaman a conversión do estado nunha verdadeira federación ou confederación, mentres os checos queren manter o *status quo*, ou ben chegar á ruptura definitiva. No fondo da polémica está a oposición de Eslováquia á nova política neo-liberal imposta por Praga. Ao final, os gobernantes checos conseguen o seu propósito de apareceren os eslovacos como culpábeis da ruptura’.

— — — — —
‘Os gobernantes checos conseguen o seu propósito de apareceren os eslovacos como culpábeis da ruptura’.

Logo da caída do rexime socialista, en Novembro de 1989, os eslovacos reclaman a conversión do estado nunha verdadeira federación ou confederación, mentres os checos queren manter o *status quo*, ou ben chegar á ruptura definitiva. No fondo da polémica está a oposición de Eslováquia á nova política neo-liberal imposta por Praga. Ao final, os gobernantes checos conseguen o seu propósito de apareceren os eslovacos perante o mundo como culpábeis da ruptura. O 1 de Xaneiro de 1993 surxen da antiga Checo-Eslováquia dous novos estados: a República Checa e a República Eslovaca.

A actual situación política de Eslováquia é de profunda crise. O Movemento por unha Eslováquia Democrática (HZDS), gañador das eleccións de Xuño de 1992, xa tivo unha escisión e ameaza con sufrir

outra. Apesar de que os meios de comunicación do Estado Español presentaron no seu tempo ao HZDS e ao seu polémico líder, Vladimir Meciar (pronúnciase Méchiar) como neo-comunistas, o certo é que pretenden moverse nos eidos dos liberalismo e a social-democracia, e que gobernan en coalición con outra forza, o Partido Nacional Eslovaco, próxima á ultra-dereita. En todo caso, os partidos políticos eslovacos están pouco definidos no terreo ideolóxico. Como forza con posibilidades no futuro fica o partido da Esquerda Democrática, considerado o herdeiro do Partido Comunista apesar de se presentar cuns cadros totalmente renovados. Nas últimas eleccións parlamentares obtivo o segundo posto, co 14% dos votos.

As esperanzas da coalición gobernante céntranse agora na rápida celebración de eleccións anticipadas, que lles permitirían (hipoteticamente) recuperar a maioría no parlamento antes de a situación económica se estragar aínda máis. Os partidos da oposición bloquearon até agora a convocatoria electoral, polo que o HZSD iniciou a recollida e sinaturas con vistas á celebración dun referendun popular.

Se o problema político máis acuciante é o da orientación da reforma económica, o máis delicado é o das relacións coa minoría húngara, que constitui un 11% da poboación total de Eslováquia. Os húngaros viñan disfrutando duns amplos dereitos culturais (o 70% deles recibía toda a educación primaria e secundaria no idioma propio), e agora queren estender estes dereitos ao eido político-territorial. Os eslovacos ven nisto a ameaza dun cambio de fronteiras.

O certo é que no Sul de Eslováquia non hai un territorio nidiamente húngaro ou eslovaco, senón que ambas étnias conviven. As informacións sobre unha suposta opresión da minoría húngara, alentadas polo Estado húngaro e amplificadas pola prensa occidental, entran no terreo da exaxeración e só conseguen provocar nos eslovacos máis radicais certa xenreira anti-húngara. Por outro lado, a minoría eslovaca en Hungría, antano tan numerosa como a minoría húngara en Eslováquia, disfruta de moitos menos dereitos reais e foi asimilada na súa maior parte. ♦

LATINOAMÉRICA A FERVER

Mario Alberto Solórzano

'A FMLN romperá despois das eleccións'

■ GONZALO VILAS

O día 20 celebráronse no Salvador as primeiras eleccións tras o asinamento dos acordos de paz de hai tres anos. Un membro da FMLN estivo na Galiza, invitado polo COSAL (Comité de Solidariedade con América Latina), Mario Alberto Solórzano, representante da Tendencia Democrática, corrente oporta ás tendencias social-demócratas no seo da frente salvadoreña, pintou ademais un panorama de inminente disgregación dentro da FMLN unha vez pasadas as eleccións.

Cómo se desenrolou o proceso electoral?

As maiores dificultades déronse á hora de expender o documento necesario para votar. Non lle foi estendido a unha cantidade grande de poboación e houbo atrasos provocados nas decisións do Tribunal electoral ao respecto a FMLN pide que se poda votar con outro documento. Isto pode ter incidencia para decidir se somos a segunda ou a terceira forza e á hora dunha segunda volta na elección de presidente. Tocante á campaña, tamén hai diferencias. ARENA conta con enormes medios, e nós temos que aproveitar os aportes da solidariedade internacional, asesores brindados polo PT brasileiro e outras axu-



HECTOR ZAMPAGLIONE

das de organizacións sociais.

Cáles son as perspectivas electorais da FMLN?

Contamos con sacar sobre 20 ou 25 deputados dun total de 80. Esperamos que o PDC (demócrata cristián) baixe moito polo desprestixio acumulado nos anos de poder. Que gañemos unha cota de poder formal, sen embargo, non é fundamental aínda que si importante, para o proxecto revolucionario. Consideramos que o máis determinante é acadar unha boa organización político-social e un poder económico popular. Para iso

é básico o proceso de transferencia de erras á base social popular e aos ex combatentes, criar cooperativas agrícolas e poder converterse en pequeno produtores.

Vostede é representante da Tendencia Democrática. Como xurdiu esa e as outras tendencias dentro da FMLN?

Precisamente o reparto da terra foi un dos puntos de diverxencia, así como outros acordos estipulados que uns consideramos que non se viñan cumprindo como se acordara e outros que si. A terra non foi transferida como

se acordara, a Policía Nacional Civil foi formada con elementos de corpos represivos anteriores. E seguíronse cometendo crimes, sobretudo despois de pasado un ano do asinamento dos acordos: houbo uns 50 mortos da FMLN e atopámonos en xeral nunha situación vulnerábel, sen garantías de integridade.

No seo do ERP (Ejército Revolucionario del Pueblo, un dos compoñentes social-demócrata opinaba que os acordos ían ben. Foi-se retardando un debate que xa viña producíndose antes do remate da guerra. A caída do muro de Berlín tamén foi determinante. Pero o debate non chegou a darse en toda a súa dimensión, nen polas vías axeitadas. Ademais nunha forza saída dunha guerra sempre é difícil abstraerse das compoñentes emotivas e tampouco moitos ex combatentes podían ter o acervo político doutros cadros por razóns óbvias. Eles, a tendencia social democrática, ficaron máis ou menos co aparato e a nosa tendencia agrupa a unha máis ampla base e a cadros médios tamén.

Así pois a ruptura será automática tras das eleccións?

Nós fixemos un pacto diante dos comicios. Colaboramos todos conxuntamente. Esperamos que despois o pacto remate e se lle dé vida a unha nova esquerda revolucionaria, que recupere o espírito dos comezos da guerra, e poda transmitirlo ás novas xeracións. Tamén desde había anos, en pleno conflito, na FMLN había tempo que non se crea nen se buscaba a vitória, senón poder demostrar que se podía ter un espazo político.

A súa Tendencia Democrática ten algunha definición política específica?

Queremos resgatar o proxecto primitivo da frente e procurar unha esquerda revolucionaria independente, sen etiquetas. Agrupamos correntes moi distintas: cristiáns, social-revolucionarios, marxistas-leninistas, autonomistas (que reivindicación específica ás súas rexións).

Cómo se veu desde O Salvador o recente e vicioso levantamento armado de Chiapas e a posterior negociación?

En TD solidarizámonos firmemente coa insurrección, tamén a entendemos moi ben porque son as mesmas condicións de marxización que levaron ao noso pobo a coller as armas no seu momento. A FMLN, sen embargo, preocupouse máis de

negar calquer implicación cos zapatistas que de solidarizarse públicamente o E.Z.L.N., escolleu un momento moi apropiado, relacionado coa sinatura do tratado de libre comercio no que México é principal interesado. Foi un suceso moi sorprendente para moitos pregoeiros da socialdemocracia, que pensaron que nunca máis ninguén na América Latina se voltaría levantar en armas. O proceso posterior ao da loita é o que require máis axuda: formativa, educacional, e calquer aporte de capacitación produtiva pode ser importante nunha economía tan modesta coma a do meu país. Tamén a presión política ao goberno, a vixilancia das novas institucións democráticas é fundamental. Durante a guerra houbo, por exemplo, un boicoteo dos sindicatos portuarios norte-americanos aos barcos salvadoreños que fíxo unha incidencia notábel. Do Estado Español é de onde máis xente e recursos viñeron durante a guerra e mesmo agora na reconstrución e capacitación dos ex combatentes. ♦

“O reparto da terra foi un dos puntos de diverxencia”

A REFORMA LABORAL

O goberno Balladur planea medidas de precarización similares ás de González

Multitudinarias manifestacións na Franza pola dignidade do emprego

■ PIERRE AGUDO

O pasado Domingo 13 centos de miles de franceses, en diversas cidades do país, manifestáronse a prol da dignidade do emprego nunha convocatória feita por 47 organizacións sindicais, políticas e sociais. A masiva resposta popular emárcase na contestación á política de precarización do mercado laboral, que afectará, fundamentalmente, á mocidade.

En París asistiron entre 200.000 e 400.000, segundo a fonte de que se trate, policía ou organizadores, e foron precedidos dunha pancarta que dicía: "Contra o salario mínimo interprofesional dos mozos, o desemprego e o despedimento".

A CGT, central sindical de orientación comunista e maioritaria neste Estado, abandeira as loi-

tas sociais e populares contra as medidas liberalizadoras do goberno Balladur. O novo salario mínimo interprofesional, o SMIC, e os contratos de aprendizaxe, ambas medidas decretadas por Balladur, van afectar aos menores de 35 anos, por canto significarán que os contratos a persoas novas poderán incluír un soldo do 80% do salario mínimo e unhas condicións laborais similares ás reformas laborais que agora pretende impor González no Estado español. As referencias a que os mozos de agora convertiranse en escravos foron constantes nas manifestacións.

A maioría dos franceses en contra

Pero non só a precarización laboral é motivo de polémica na Franza e, de feito, os organizadores das manifestacións, cuxa

continuidade está prevista para o Xoves 17, tamén demandan unha mellora nas condicións laborais actuais e declaran contra a pretensión patronal de impor unha baixada de saláridos.

De momento os barómetros de opinión indican que a sociedade francesa está a respostar severamente ás pretensións gubernamentais. Así, unha sondaxe feita polo SOFRES, o instituto público de inquéritos e investigacións sociais, revelou que a política de Balladur suscita máis desacordos (47%) que opinións positivas (45%). Sobre as mobilizacións, o 44% dos franceses participaría nelas por estar contra as decisións do Goberno e as pretensións da patronal, o 57% tamén faríao a prol do incremento dos saláridos, o 58% contra o paro e o 69% oposición á grave crise social que padece a Franza.

Balladur teme a chamada "explosión social" e conxura a pantasma do 68 proclamando ese

medo e chamando á unidade nacional fronte á crise económica e social. ♦

A mocidade pagará as medidas de precarización laboral. Na foto de William Klein, á dereita, unha rapaza leva unha pegatina que di: "Escravos no ano 2000, non grazas!"





Unha elección acertada, un método pouco democrático

Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

Como militante do BNG que considera que a organización debe imbricarse na sociedade amosando que está disposta para servir a este país e contar coas persoas máis honradas e capacitadas da nosa sociedade, produciume unha grande satisfacción o fito de que Carlos Mella encabece a candidatura para as próximas eleccións europeas.

Triste foi que a noticia fose coñecida por todos os militantes através dos medios de comunicación

Tristeza e grande preocupación foi que a noticia fose coñecida polos membros do Consello Nacional e por todos os militantes através dos medios de comunicación, sen previo debate, convertendo deste xeito o posíbel debate posterior nunha perda de tempo, pois a decisión fora tomada na Executiva e espallada amplamente antes de que a militancia coñecese tal proposta.

Cando se fala internacionalmente da participación da sociedade na elección de candidatos, das listas abertas, co fin de apersezoar a vida democrática, resulta rexeitábel que a Executiva

Sábado 5. Rádio Voz. Intervén Augusto Assía nun colóquio: "Como isto siga así, mesmo eu acabarei por votar ao BNG". Assía, un histórico xornalista, vencellado á Voz, através da súa muller Maria Vitória Fernández España, e ao PP, pola mesma vía, foi desde 1977 un dos máis conspicuos e acedos críticos do nacionalismo. El foi o que acusara ao Bloque de queimar os montes. Será o mal de Alzheimer o que o está a afectar ou

ARTIGO MÁXICO

XOSÉ CID CABIDO

Se un articulista tivese o don de influír, mesmo involuntariamente, na realidade inmediata a través dos seus textos, como lle sucedía ó protagonista dun conto de Martínez Oca, e cando ventase a caída en barrena dun político, a penetración das mafias ata os máis altos cargos policiais, ou o aumento da violencia ó redor do fútbol, viñesen logo as páxinas dos xornais a confirmar o seu prognóstico, ¿el que faría?: ¿deixar de escribir para non prexudicar a ninguén, ou concentrarse nas máis execrables operacións de vinganza servida en fría impresora laser sobre pulcrísimo DIN A4?

Non parece haber ningún indicio racional de que semellante relación causa-efecto se producise xamais na historia da prensa, pero millóns de persoas teñen fe nun chamado espírito santo e ninguén lles retira a confianza por iso. Así que imos facer un par de probas, ou tres:

— Insinuáulle a vicesecretaría a Guerra. No goberno PSOE existen faccións tan distantes como Sevilla e Barcelona a pesar do TAV. Quen sabe se non haberá dous partidos teoricamente socialistas en 1995.

— O PCE non aceptaría un Estado autonómico que arredade Andalucía ó plano rexional. O goberno central debilitase, medran as forzas nacionalistas, están sentándose as bases dun Estado Federal para antes do 2012, da nosa era.

— Hai xente que aínda hoxe sacode as alfombras sobre os patios de luces, pero unha lei, redactada por 12 habitantes de primeiros andares, erradicará ese costume tan porco probablemente antes de 1999. ♦

tome unha decisión por adiantado, a todo o iproceso participativo da militancia, desvirtuando ao meu entender o espírito asambleario do BNG. Por iso non é de estrañar que 8 membros do Consello Nacional se

abstivesen na votación e que a Asamblea Comarcal a que eu pertenzo rexeitase o método por unanimidade. ♦

FRANCISCO VAZQUEZ TROITÑO
(SEIXO-MARIN)

Viaxando polo outro lado con Charles Bukowski

Charles Bukowski (Alemaña, 1920 - Los Angeles, 1994) ingresaba definitivamente a semana pasada na lista dos condenados ao lume (purificador?) do inferno. Alá sen dúbida ese vello indecente, como el mesmo se definía, brindando con Satanás no decurso dalgunha festa báquica e orxiástica, recitando a vida voz ou no ouvido dalgunha libidinosa admiradora un poema irreverente preparado para a ocasión.

Os protagonistas son marxinalizados —coma el mesmo— pero que non renuncian a seguir vivindo fora do soño americano

Este era un poeta e novelista norte-americano que, como tantos outros compatriotas seus, foi recoñecido e admirado en Europa e despreczado (primeiro) e silenciado (despois) para sempre no seu país. A súa obra poética e narrativa traza un claro percorrido persoal —case sempre autobiográfico— polos baixos fondos da vida urbana contemporánea. Os personaxes que moran en tal contexto son marxinalizados sen máis saída que o desesepo. Mais, marxinalada — como el mesmo — que non re-

Carta aberta ao Conselleiro de Educación da Xunta dos Profesores de Francés

Somos un grupo de Profesores de Francés de distintos niveis do ensino (E.X.B., Média e Universitaria) que temos concedido un Proxecto de Investigación da Xunta de Galiza (Código XUG 2040 1192) para a "Elaboración de material didáctico para o ensino precoz do francés".

Diante dos rumores aparecidos ultimamente nos medios de comunicación, nos que se fala dunha circular enviada o pasado 15 de Abril pola Consellería de Educación a todos os Coléxios de Galiza esixindo un mínimo de 20 alumnos para poder impartir a matéria de lingua francesa, esta equipa de investigación quer manifestar o seguinte:

1.º Segundo a LOXSE os alumnos de 8 anos teñen dereito de elixir libremente francés ou inglés sen nengunha imposición por parte do Coléxio ou da Administración, aínda que nós como Profesores dunha lingua estranxeira consideramos restrictiva esta medida, ao marxinar outras linguas como poderían ser o alemán, italiano, portugués, etc.

Coincidimos co manifesto "España y el Proyecto Europeo de Plurilingüismo" feito polos Profesores de Filoloxía Francesa das Universidades españolas, reunidos en Almagro os días 3, 4 e 5 de Maio

de 1993, cando din:

"A pesar de la voluntad en ella expresada, la LAGSE sólo funciona en el papel. Salvo honrosas excepciones, los centros de enseñanza básica y media, al no estar expresamente obligados, no ofrecen la posibilidad de aprender una segunda lengua extranjera escuchándose en la ausencia de interés por parte del alumno o incluso de unos padres a menudo mal informados sobre sus derechos. Se llega incluso a un malentendido que lleva camino de convertirse en dogma de fe: en este país sólo se aprende el inglés porque no hay demanda de otras lenguas. ¿Cómo se explica entonces la gran afluencia que conocen Academias y Escuelas de Idiomas? Este déficit de la enseñanza pública es lamentable si se tiene en cuenta que en España, como en el resto de los países, si existe interés por un aprendizaje plurilingüe. Hay demanda. Lo que no hay es oferta. Y ello a pesar de que existe una Ley."

2.º De ser certa esta circular da Consellería que vostede dirixe, non entendemos como se pode marxinar o ensino da lingua francesa nun momento coma este da constitución de Europa, na que o dominio de até tres linguas estranxeiras será un factor decisivo para encontrar un posto de traballo no mercado internacional do traballo, así como para os intercambios científicos, culturais, comerciais, etc.

3.º Esta medida, de ser certa, tamén vai contra un dos obxectivos do Consello de Europa, que prevé que no ano 2000 todo alumno que remate a Bacharelato domine dúas linguas, ademais da súa propia. Xa estamos fartos de sofrer as consecuencias dunha má política educativa no terreo do ensino das linguas estranxeiras. Hoxe en día, igual que hai un século, os estudantes galegos e españois rematan

os seus estudos de Bacharelato dominando, máis ben mal ca ben, unha só lingua estranxeira, fronte aos nosos veciños portugueses, franceses, etc., que dominan como mínimo, dúas linguas estranxeiras.

De novo coincidimos cos Profesores de francés de Universidade cando afirman:

"Porque es evidente el esfuerzo realizado por España en su compromiso de participar en la construcción de Europa, no deja de extrañar que tal proyecto —que afecta a amplios sectores de nuestra actividad económica y social— no considere en su justa medida la importancia que en la educación de nuestra juventud tiene la enseñanza, no ya de una sino de varias lenguas extranjeras."

Si la construcción europea demanda un proyecto de Escuela Europea que respete la diversidad y la especificidad de aquellos países y regiones que la componen, tal proyecto debe, por definición, huir del peligro de homogeneización. El plurilingüismo que en el resto de los países que componen la Comunidad es aplicado en materia de enseñanza de lenguas extranjeras, brilla por su ausencia en España. De este modo, y a pesar de los compromisos contraídos desde 1984 en el Consejo de Europa, y a pesar de un discurso oficial tan triunfalista como ajeno a la realidad, nuestro país sigue fomentando en la práctica la docencia de una sola lengua extranjera, el inglés. El valor preponderante de esta lengua, por motivos socio-económicos, es un hecho. Sin embargo y desde un punto de vista cultural que afecta también a las mentalidades, puede significar un etnocentrismo que amenaza la irreductible especificidad de las otras culturas y lenguas de Europa.

Es preciso, pues, denunciar una si-

tuación que, además de entrañar la sombra de la uniformización, perjudica doblemente los intereses más inmediatos del estudiante, puesto que representa tanto una injusticia social en el seno de nuestro país como un agravio comparativo respecto de los demás países europeos."

4.º Felicitamos ós Centros Privados que nestes momentos están ofrecendo a aprendizaxe de dúas linguas estranxeiras (inglés e francés na maior parte dos casos) fronte ao Ensino Público, que só oferta unha e sen posibilidade de elección por parte do alumno. Este feito supón unha clara discriminación entre os alumnos do Ensino Público e os do Privado, acentuándose aínda máis as diferencias socio-económicas, xa de por si existentes.

De novo temos que volver ao manifesto dos Profesores de francés de Universidade cando afirman:

"En efecto, la injusticia es flagrante si se piensa que sólo las familias con un nivel económico suficiente pueden compensar la carencia de nuestro sistema educativo en materia de idiomas recurriendo, como complemento, a Centros Privados o a costosas estancias en el extranjero."

5.º Finalmente, como membros dunha equipa de investigación que está a traballar na elaboración de material didáctico para o ensino

precoz do francés, sentímonos totalmente frustrados, pois somos conscientes de que estamos perdendo o tempo na elaboración de algo que non ten nengunha posibilidade de ser experimentado no noso país e incluso diríamos no resto do Estado español, ao suprimirse veladamente a ensinanza do Francés.

Rematamos xa, Excmo. Sr. Conselleiro, pedíndolle que faga respetar o espírito da LOXSE (opción de francés, inglés e outras linguas) e que, se é posíbel, o alumno teña a posibilidade de aprender varias linguas estranxeiras para que remate dunha vez por todas o complexo de inferioridade que todos sentimos cando participamos en foros internacionais, e non dominar máis ca unha soa lingua e esta mal ou moi mal.

Facemos nosas a palabras dos Profesores de Francés da Universidade cando rematan o seu manifesto dicendo:

"Lo anteriormente expuesto nos lleva a solicitar firmemente que se conceda al ciudadano español (y también ciudadano europeo) el derecho a escoger una educación plurilingüe, no sólo entre aquellas lenguas habladas en el Estado Español sino también entre las lenguas que configuran el mapa de Europa. Derecho que debería concretarse en la adopción de las medidas necesarias para articular una educación plurilingüe, jalón fundamental a la hora de construir una Europa en el mutuo conocimiento del patrimonio lingüístico y cultural de los países que la configuran".

SUSO LAGO GARABATOS
Mª XESUS LOPEZ ESCUDEIRO
ELISEO FUENTES RODRIGUEZ
MONSERRAT LOPEZ DIAZ
NURIA RODRIGUEZ PEDREIRA
(DA EQUIPA DE INVESTIGACION SOBRE O ENSINO PRECOZ DO FRANCÉS)



GONZALO



nuncian a seguir vivendo fóra do "soño americano". Alcoólico perdido (logo de sair airoso do seu primeiro coma etílico e unha vez fora do hospital, a súa primeira parada foi nun bar) non ocultaba que precisaba do alcohol para se inspirar. Todo isto levouno a ficar apartado da cultura oficial americana e máis todo tiña o seu círculo de admiradores (deu múltiples recitacións por todo o territorio da Unión) e unha grande proxección exterior. Criou un estilo persoal de narrar e poetizar na mellor tradición de Henry Miller e a Xeración Beat. A maioría da súa obra narrativa está publicada no Estado español (editorial Anagrama): "La máquina de follar", "Escritos de un viejo indecente", "Se busca una mujer", "Mujeres", "Cartero", "Lo que máis me gusta es rascarme los sobacos", "La senda del perdedor", "Música de cañerías", "Escribiu máis de 4.000 poemas e o galego ten a honra de ser o primeiro idioma da península que recebeu unha tradución deste escritor ("Toca o piano borracho ata que os dedos comecen a angrar un pouco", Edicións Positivas, 1993).

O cinema valeuse en varias ocasións da súa literatura: "Barfly", "Ordinaria Loucura", "Crazy Love", son tres filmes a ter en conta. Bukowski conseguiu tirarlle ferro e academicismo patético á literatura. O seu foi unha patada na entreperna do mundo literario oficial e unha corrente de ar fresco que nos reviveu a todos. Só por iso xa merece o recoñecimento de todos, aínda que Francisco Umbral opine o contrario. Pero ese xa ven sendo outro tema, mágoa que o pobre de Umbral esqueceu que Bukowski está agardando por el no inferno...♦

LUIS MUÑOZ LUACES
(CABRAL - VIGO)

Em quanto á fala da ribeira trevelhana

Non supuxen que o meu escrito aparecido neste periódico semanal o 5 de Xaneiro, sobre a fala

do Riu Ellas, fose capaz de levantar polémica nengunha.

A verdade é que non pretendin, nunca, descubrir diante da opinión pública nen o "ouro" nen o "mouro", só quería expor como leitor. Pois as línguas fálanse, séntense... ou morren, e non hai ren máis.

No noroeste do meu país está esa fala, no val dos "tres lugares".

Entón Jesús Sánchez (sinatura do escrito aparecido o 20 do I), comparto o teu desexo de manter viva e con forza a lusofonia, pero jollo!, probablemente a xente de Valverdi du Fresnu (non do Freixo nen del Fresno) na fala habitual diga xovis e non quinta feira, sexamos realistas.

Quer dicir, sigo a manter a liña

defendida por filólogos e lingüistas varios, polo propio Xosé Henrique Costas da Universidade de Vigo: digamos "illa basicamente galega", fronte a unha liña conceptual de "continuidade fronteiriza portuguesa". Para min abondan xustificacións.

E apesar da lóxica unidade estrutural (común-idiomática), penso que é importante ter en conta a grande influencia do antigo asturleonés e do estremeño que dera á "fala" se cadra capacidade de resaltar do bloco da lusofonia.

No ocorre o mesmo no caso da Olivenga e outras povoacións lindeiras, por razóns óbvias.

En fin, eu coido que a reivindicación lingüística, cultural, etc galega ou galego-portuguesa ou portugués-galega, non debe ir acompañada dunha estrita unificación e depuración. Non se pode cair nos vellos erros nefastos.

Así pois: "minha mae" en Castelo Branco, "miña/minha nai" en San Xulián de Sales, "miña/minha mairi" en As Ellas... e "la mi

ANTHONY KENNEDY

NANINA SANTOS

Está tan convencido de que leva a razón que chegaria a disparar en defensa da súa causa. É un dos vigairos anglicanos da Grande Bretaña que non pode suportar a idea de que haxa mulleres sacerdotes, que haxa mulleres que representen á Cristo.

De igual xeito que considera que el «non pode representar á Virxe María».

Xa hai unha muller sacerdote e agardan outras, motivo polo que ministros de deus, vigairos e fieis da igrexa anglicana, marchan, con armas e bagaxes, á igrexa católica que os acolle e acobilla encantada, deixando en segundo plano as diferencias entre as dúas confesións.

Ou non habia diferencias e o lio era "que é o xefe"? —máximo representante de deus na Terra— que ao cabo é o mesmo que dicir "unha cuestión de xenitais".

Isto, no Vaticano, ten máxima importancia. Ventilar as barolentas estancias non está non proxectos do "grande país" de Roma. É o último Estado Absoluto que queda sobre a faz da terra, din os autores do libro "Los Pliegues de la Tiara".

Gozo pensando que "mulleres" están arrimando a áscua para a súa finitude.

Non podó evitalo!♦

será que a crise chegou tamén á Casa Grande de Xanceda.

Pedro Quintana

vendeu tres pequenas leiras. Están situadas no concello de Begonte e déronlle por elas 65.000 pesetas. O notario cobrou 26.000 pesetas, o que inclúe o IVA e máis os seus honorarios. Iso é o que vale a terra neste país e o que cobran os notarios.

Nengun ministro habia no debate da reforma laboral. Nen tampouco durante a votación. Alguns ven niso un desprezo aos sindicatos e aos traballadores. Que vá! Trátase simplemente de que eles cobran dos fondos reservados.

Guillermo de la Dehesa

voltou a falar. "Galiza necesita unha demanda concentrada". Ou seña que nada de aldeas. Como se Noruega, Inglaterra, ou Holanda non tivesen a povoación espaxada, sen que iso os asulague na pobreza. A Guillermo de la Dehesa debe gustarlle o modelo México D.F. ou Calcuta. Hai que ter coidado con estes gurus.

"Pinochet ten o amor dos chilenos. A súa figura entrañábel sempre é recibida con mostras de agarimo". Luis Rial,

A MESA

SEN PREMIOS,
SEN PREZOS,
SEN SUBVENCIONS,
SEN SUBMISIONS...

GRACIAS A TI

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Rua do Vilar 68 - 3º • Apartado 247 • Telfs: (981) 563885 / Telf./Fax: (981) 58 6422 • 15705 Santiago

Asocia-te

APELIDOS:
NOME:
ENDEREZO:
LOCALIDADE:
C. P.:
PROVINCIA:
TELF.:
PROFESIÓN:
CENTRO DE TRABAHO:

DOMICIALIZACIÓN BANCARIA

CAIXA/BANCO (*)
SUCURSAL:
CTA. CTE. / LIBRETA DE AFORRO (*)
TITULAR:


ORDEN DE PAGAMENTO
SR. DIRECTOR/A:
SIRVA-SE ATENDER ATÉ NOVO AVISO, E CON CARGO A MIÑA
CONTA CORRENTE OU LIBRETA DE AFORRO (*), OS RECIBOS ANUAIS QUE
POR VALOR DE 3.000 / 4.000 / 5.000 (*) PESETAS
LLE PRESENTA A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Atentamente
(Sinatura do titular)

(*) TACHAR O QUE NON PROCEDA



A ALDEA GLOBAL



enviado da Rádio Galega a Chile, esquece a Fraga na súa crónica e só ten **gabanzas** para o milico chileno que conta co mérito de ter asasinado a un presidente eleito dentro do propio palácio presidencial. Na toma de posesión de Frei, mentres a Rial se lle entrambolicaba a lingua á vista das medallas do ditador, as demais emisoras informaron que Pinochet fora recibido con asubios e insultos.

"Xa teríamos acabado coa ETA se os fondos reservados fosen empregados como era debido" queixase un xornal de Madrid no seu editorial. Máis **ético** sería pensar o contrario. Mellor que eses policías gastasen os cartos ilegais do ministerio en viño e mulleres que en balas para matar franceses inocentes como os do Bar L'Hendayais.

As palilleiras de Camariñas agasallaron á Raiña Sofía cun mantelo que custou seis meses facer. Estaba valorado en un millón de pesetas. O regalo servía para conmemorar o **Día da Muller Traballadora**. As palilleiras ou, mellor dito, as autoridades que promoveron a idea, interpretaron a data no sentido literal do lema. Coidaron que o que se reclama o **8 de Marzo** é traballar coma burras. ♦

Os fondos, certamente. Nada máis reservado que a morea de millóns que ningún xistifica.

Hainos de reserva simples, coma os viños da casa nos restaurantes; son os que se limitan a triplicar algunha nómina xa de por si avultada, ou a servir de agasalho a fin de ano. Tamén os hai "gran reserva"; daquela mercan conciencias e persoas, en lotes, coma gandos. Non faltan os "reserva especial"; e hai quen asegura que se perdeu a conta das vidas que custaron unha vez aplicados.

—No fondo hai sitio—, din na cola do

mairi" en Coria.

Por outra banda, non entendo a Oslec Zeravla (Celso Álvarez?) (sinatura do escrito aparecido o 24 do II): que pretendes coa tua carta futurista na que empezas "O Alentoso, 23 de Saneiro de 2064". Non entendo a quen pretendes imitar ou ridiculizar coa tua linguaxe burlesca, chea de absurdos erros gramaticais como o sistemático troco do x polo s, esaxeración de típicas meridionalismos tópicos etc... Sabes de que vai ben a movida?

Falas sarcasticamente da "Estremadura (española)" coma da cuarta provincia galega? A Estremadura (estremeña) ten perenza propia.

Creo Celso (Oslec?) que decoñeces a rica e variada identidade estremeña, gravemente ameazada por certo. E por suposto este tesouro idiomático constitúe un feito moi especial, por sobrevivir e até perfeccionarse —diría eu—, apesar da tremenda presión dunha política lingüística centralista, secular. E velai está en pé, falándose nos xogos dos rapaces e no leite de morte, por todo o mundo ali.

Desgraciadamente outras realidades lingüísticas do territorio están a sucumbir. Vaia un cáldo saúdo para a sempre querida galiza e para os bons amigos e amigas que teño por aló. ♦

ANTONI GARRIDO CORREAS (JARANDILLA, CAZRI-ESTREMADURA)

RESERVADOS

X. PIÑEIRO

paro e na Dirección Xeral correspondente. E se a cola é un puro cante fondo, un infindo de xemeres fondiamente reservados aos febles, o organismo oficial, o que sexa, só aspira a ter corpo de fondo igual que oculta a alma de fracaso.

Metidos en fonduras, os fondos de repetis adaptáronse aos tempos. Agora hai fondos tamén para unha longa caste de crustáceos, lombrigas, moluscos, cascu-

das e outros seres que amosan a evolución zoolóxica de tanto reservado. E vistas as fondaxes, a fustalla que nos queda non pasa dalgún barril que deita por un fondo que, para viariar, tamén é reservado.

Hai pouco, algúns deses ministros de barba clónica e fondía expresión de raspiñeiro amosou as mans e asegurou por enésima vez ao auditorio:

—Velai que xa tocamos fondo.

E a ninguén lle quedou dúbida de que estaba a falar dos reservados. ♦

O Galo

Mercamo-lle o leite ó Galo. Botamo-lo noso o río din que temos de facelo facémo-lo con moito pío.

Os nosos irmans do norte de Asturias e Euzkadi din que iso e a morte e unha barbaridade.

O goberno de Castela coa Xunta fixo tratos na terra de Compostela coma si foramos farrapos.

Fai anos douscentos fixemo-la Independenza con labregos famentos Galiza foi na cabeza.

Loitamos contra o Galo que a invadimos viña coa súa fraternidade que de fodernos tiña.

Disque hoxe somos irmáns fillos de Europa nai do angloxasón curmans e dalgún xermano pai.

Unha nai que medra asovallando os latinos ten o corazón de pedra e non quere os cativos.

Agora veñen os do norte coa súa tecnicidade a traernos a morte iso non e irmandade.

Bótanos do traballo fan da nosa capa un saio e nos todos quedamos tocadiños do carallo. ♦

X.C.P. (Vigo)



Centro cultural "Electo Carballo"
15174 O Portazgo
CULLEREDO (A Coruña)

Telf. (981) 66 62 28
Fax (981) 66 17 75

Radio FENE
emisor municipal 105 MHz FM

Radio Fene
Casa do Concello
15500 Fene (A Coruña)

Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
34 24 11 - 34 30 56
Telefax (981) 34 27 51

A Mesa chama a unha mobilización por unha nova política lingüística

Aprobou a súa ponencia *Proxecto Alén Miño* de aproximación ao mundo luso-brasileiro

■ X.C.

A Mesa pola Normalización Lingüística celebrou o sábado 12 de Marzo a súa asemblea ordinaria na que renovou a súa xunta directiva e aprobou a única ponencia debatida, adicada a conseguir un achegamento ao mundo luso-brasileiro. Entre os acordos principais da asemblea toimouse o de convocar unha mobilización para o vindeiro 17 de Maio "reivindicando un golpe de leme na política lingüística".


Ante a evidencia de que a política de normalización lingüística ten sufrido un importante estanca-

mento, a asemblea da Mesa decidiu chamar a unha mobilización no Día das Letras Galegas. Asimesmo pronunciouse por retomar tres frentes de actuación con especial interese: todo o que atinxe á situación do galego no sistema escolar público; a reivindicación da galeguización definitiva da toponimia, para o que prevén accións propagandísticas importantes e culminar o traballo iniciado para a galeguización de bancos e caixas de aforros.

A asemblea aprobou a única candidatura presentada para a nova xunta directiva, que continuará presidida por Xosé Manuel Sarille, con Elías Torres como asesor adxunto ao presidente; Lois Cambeiro e Concepción Costas serán vicepresidentes; Xosé María Fernández, secretario de campañas e Guadalupe Vidal, tesoureira.

Alén Miño

"Desde hai moitos séculos as rela-



Xosé Manuel Sarille foi reelixido como presidente da Mesa.

cións da Galiza e Portugal poden definirse como de *costas viradas*, ou sexa de carência de relación e de mútuo esquecemento. Isto maniféstase tanto no terreo económico e social como no cultural. A relación cultural co país veciño non

existe. Agás en sectores moi reducidos da intelectualidade galega e portuguesa, especialmente vinculados ao mundo lingüístico e literario, calquera dos dous povos (galego e portugués) son totalmente descoñecedores da vida e das expresións sociais, artísticas, literarias ou de calquer outro tipo, dos seus veciños máis cercanos", encabeza a súa ponencia a Mesa que pon como exemplo do afastamento que se ben hoxe é posíbel a meo dun satélite captar quince ou vinte cadeas de televisión resulta imposíbel coller nengunha emisión de canles portuguesas.

A ponencia sinala aberracións como que "tendo unha expresión tan semellante á luso-brasileira, é loucura que xentes galegas non saiban que podan acceder sen dificultades a unha outra cultura riquísima".

Criticán tamén que en todos os proxectos de interrelación con

Portugal (*Arco Atlántico* ou *Eixo Atlántico*) o intercambio cultural teña carácter de "coletilla" que non se sabe en que consiste e que ás veces só serve para falar de patrimonio monumental.

A Mesa propón abrir un debate fondo sobre a cuestión "sen que ninguén se sinta forzado", pero tamén isento de declaracións grandilocuentes sen viabilidade, "quizais teña que ser desde aquí desde onde se deran os primeiros pasos para que algo se mova en Portugal. Hai que presentar-lles este país, que o vexan como *non virado*, que observen que máis alá do económico terá que haber unha aproximación, que as comunicacións o imponen. Decatarse de que van ter Vigo a hora e meia de Porto e que non saben nen que actos culturais hai nesta cidade (e viceversa). Criar calquer proxecto de amizade coa Galiza ou cando menos propoñer-lles a sintonización da TVG, que as TVs teñan correspondentes en Santiago, en Porto,..." son algunhas das conclusións do *Proxecto Alén Miño* que a Mesa aprobou nas súas liñas xerais o pasado 12 de Marzo en Compostela. ♦

Que len os portugueses?

José Saramago é o escritor máis coñecido, seguido de Pessoa

■ XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ

No número 24 da luxosa revista "Ler", editada polo Círculo de Lectores portugués, correspondente ao outono de 1993, publicanse os datos dun inquérito sobre a lectura dos portugueses no último ano (tamén sobre os escritores lusos máis "populares"). O inquérito, feito por unha empresa especializada, fíxose durante os meses de Maio e Xuño de 1993. Entrevistouse a dúas mil persoas de ambos sexos e de idades comprendidas entre os quince e os sesenta e cinco anos. Vexamos algúns dos datos tirados da devandita sondaxe.

As preguntas que se lle facían aos entrevistados eran catro: 1) Leu algun libro no último ano?; 2) que libro leu no último ano?; 3) identifíque tres autores portugueses contemporáneos que coñeza; 4) cales son os tres autores portugueses que considera máis importantes? As respostas foron variadas e curiosas.

A insistencia na *contemporaneidade* da terceira pregunta, por exemplo, non deu todos os resultados previstas, e así moitos encuestados puxeron os nomes de Eça, Castelo Branco, Camões, Almeida Garrett, Júlio Dinis, Alexandre herculano, Gil Vicente ou Bernardim Ribeiro. No momento de identificar os tres autores portugueses considerados como máis importantes, apareceron nomes como Manoel de Oliveira, Nicolau Breyner, Carlos Cruz, Jorge Brum do Canto, etc. Quer dicer, personaxes coñecidos —directores de cinema, periodistas, presentadores de tv, etc.— que nunca escreeberon un libro.

Verbo dos hábitos de lectura, o dato que máis salienta é que un 73,8% declarou *non ter lido un só libro no último ano*, contra un 26,1 que deron cando menos un título. Por zonas ou rexións a cousa quedou, máis ou menos, da seguinte maneira: Lisboa 33%, Algarve 32% e a Zona Litoral do Centro cun 30% son as rexións que dan maior número de lectores. Pola contra, as zonas Norte Interior (20,6) e Litoral Norte (17,8) son as menos lectoras. Polo que respecta ás capitais, Porto (41,1) está por cima de Lisboa (25,2) en hábito de lectura.

Verbo dos sexos, a vulgar pola sondaxe, leron máis os homes (28,8%) do que as mulleres (23,7). Polo que respecta ás idades, os que máis len son aqueles que están en idade escolar, de 15 a 19 anos, un 49,2% —o que non matiza é se len por obriga (libros recomendados nos estudos) ou por placer. Séguelle, evidentemente, a franxa do 20-24 anos, cun 35%, e así por orde decrecente até chegar á franxa do 60-65, que dá un 12%.

Pasan logo a dar os datos sobre os libros máis lidos no último ano. Son os seguintes: Eça de Queirós, *Os Maias* (5,5%); José Saramago, *O Evangelho segundo Jesus Cristo* (5,2); Almeida Garrett, *Viagens na minha Terra* (3,1); Christiane F., *Os Filhos da Droga* (3%); A Bíblia (2,9); Luís de Camões, *Os Lusíadas* (2,4); VV.AA., *Enciclopédia Médica da Saúde* (1,6); José Cardoso Pires, *Balada da Praia dos Cães* (1,3); Patrick Süskind, *O Perfume* (1); Eça de Queirós, *A Cidade e as Serras* (1); Isabel Allende, *A Casa dos Espíritos* (0,9); Júlio Dinis, *Uma Família*

Inglesa (0,7); Eça de Queirós, *O Crime do Padre Amaro* (0,7); Bram Stoker, *Drácula* (0,6); e Henri Charrière, *Papillon* (0,6). Os datos son curiosos, e algúns inexplicábel. Tal acontece con *Papillon*, xa que segundo o editor portugués do libro, no último ano non vendeu moitos exemplares da novela que fora "bet-seller" no seu día. O caso de *Drácula* explícase pola proxección do filme de Francis Ford Coppola.

Saramago, o máis popular

No apartado de escritores portugueses máis populares, o inquérito dá os seguintes resultados, segundo o sexo e as idades (tamén por rexións xeográficas).

Entre os homes os máis coñecidos son: Saramago (15,3%); Pessoa (14,3); Eça de Queirós (10,7); Mi-

guel Torga (9,8); Camões (6,4); Camilo Castelo Branco (5,0); Almeida Garrett (3,5); Vergílio Ferreira (3,4); Cardoso Pires (2,2); e Júlio Dinis (2,2). Aparecen máis nomes, pero só damos os dez primeiros. Entre os máis coñecidos-importantes entre os homes, só aparece unha muller, Agustina Bessa Luís, no posto 13, co 1,3%.

No que respecta ás mulleres, os máis coñecidos (importantes) son: Saramago (14,3); Eça de Queirós (8,6); Pessoa (8,4); M. Torga (7,6); Castelo Branco (6,2); Fernando Namora (4,0); L. de Camões (3,8); V. Ferreira (2,4); J. Dinis (2,3); e Almeida Garrett (2,1). A primeira muller para as Mulleres é A. Bessa Luís, no posto 11 (1,7), e a continuación Natália Correia (posto 12 co 1,4) e Florbela Espanca, no lugar 15 cun 0,9. Como se pode comprobar, o índice de popularidade é diferente entre homes e mulleres, mais os autores coinciden case todos nos dez primeiros postos, agás no caso de Cardoso Pires (lugar noveno entre os homes e que non aparece entre os dez primeiros escollidos polas donas) e Fernando Namora (lugar sexto entre as doas e que non aparece entre os dez primeiros dos homes). Os outros nove homes, deixando de lado a súa posición na lista e o tanto por cento, son os mesmos.

Por rexións, o grau de popularidade-importancia é variábel e índice, pero os nomes veñen ser case os mesmos. Das sete rexións que dividen o territorio luso, e dentro dos cinco primeiros nomes, encóntranse citados: Saramago, Pessoa e Eça nas sete rexións. Torga en cinco. Castelo Branco en tres; e Camões e

Namora en dúas. Por idades os autores citados polos encuestados (divididos en franxas idatórias, a partir dos vinte anos até os sesenta e cinco, en franxas de cinco) son os mesmos que os populares por rexións. Saramago, Pessoa e Eça aparecen en todas as franxas. Torga, Castelo Branco, Fernando Namora e V. Ferreira repartense unha ou outra franxa, sendo entre os máis novos (20-24 anos) o máis popular Saramago e entre os máis vellos (60-65 anos) Luís de Camões.

A lista de "populares-importantes" chega até o número 15, mais nos rebaixamos un pouco. Como dato curioso diremos que, no apartado de rexións, en todas aparecen nomes de mulleres, agás na denominada "Minho e Litoral Norte", na que nengunha é citada nos quince primeiros lugares.

Catro preguntas, como se ve, dan moito de si; e dous mil entrevistados poden facer maravillas. Contodo, aos responsábeis da sondaxe faltoulles un pouco de humor. Por exemplo, e a imitación dos franceses inquérito sobre libros e escritores publicada no "Le Figaro Littéraire" en Outubro de 1989) púderon preguntar se estaban dispostos a deixar casar o seu/a súa filla/o cun escritor. Só un 9% dos franceses estaba disposto a deixar que os seus infantes cometesen tal disparae. O tanto por cento de lusos/as dispostos a tal cousa, non o sabemos. De galegos/as, tampouco. Contodo, desta sondaxe publicada en "Ler" tiráronse moitos datos. E, como acontece con todo inquérito, unha pregunta a facerse: serve para algo a presente sondaxe, e os inquéritos semellantes? ♦

O índice de popularidade é diferente entre homes e mulleres, mais os autores coinciden case todos nos dez primeiros postos.

7 DIAS

Nomeado o xuri do Cidade de Lugo

O vindeiro 21 de Maio vaise fallar o premio cidade de Lugo de narrativa, dotado con 2,5 millóns de psetas e ao que concorren 32 obras. O xuri desta quinta edición está formado por Marina Mayoral, Doris Vilavedra, Marino Dónega, Alfredo Conde e Bernardino García Cendán. ♦

Nace a Fundación Galicia-Empresa

Representantes dunha dúcia de empresas galegas veñen de presentar un proxecto de Estatutos da Fundación Galicia-Empresa, co obxectivo de promover a normalización do galego no ámbito empresarial. A Fundación estará presidida por Ramón Castromil.

Son unha dúcia de empresas as impulsoras: Francisco Hernández Soto (constructora *Covsa*); Manuel Rodríguez (estaleiros *Polyships*); Manuel Puga (*Zeneca Farma*); Xosé Otero Pombo (constructora *Galiven*); Ramón Padín (*La Onza de Oro*); Isaac Díaz Pardo (*Sargadelos*); Florentino Cacheda (*Florentino*); Xosé María Fonseca (*Adegas das Eiras*); Bieito Ledo (*Ir Indo*); Ramón Castromil (*Castromil*), Thais de Picaza (*Constructora Malvar*) e *Electrodomésticos San Luís*. ♦



Manuel Bragado.

RICARDO GROBAS/FARO DE VIGO

Novo director de Xerais

Manuel Bragado Rodríguez, de 34 anos, ven de ser nomeado novo director xeral de Edicións Xerais, toda vez que substitúe a Victor Freixanes que vai desempeñar funcións de alta dirección no Grupo Editorial Anaya. Freixanes permanece en Xerais como Conselleiro-Delegado.

Manuel Bragado, até agora director do departamento editorial, dirixía tamén a *Revista Galega de Educación* e foi fundador de Nova Escola Galega. Incorporouse a Xerais en 1990 inspirando novas liñas de traballo arredor da LOXSE e potenciando novas coleccións didácticas. Xosé García Crego pasa a ser o novo responsable de edición en Xerais.

Xulián Maure (1979-84), Luís Mariño (1984-88) e Vítor Freixanes (1990-94) foron os anteriores directores de Xerais. ♦

Remodelado o Museu do Castro de Viladonga

Volveu abrir o Museu do Castro de Viladonga, en A Pontenova, despois de permanecer pechado durante varios meses por obras. Xestionado pola Xunta e dirixido por Felipe Arias, o Museu do Castro de Viladonga ten catro sás. Unha primeira informa sobre o medio natural e o hábitat, con abundosas explicacións, mapas e pezas empregadas na construción; a segunda está adicada aos elementos da vida en comun e da cultura material castrexa e galaico-romana, expóndose unha grande maqueta que reproduce o poboado castrexo no seu conxunto; a terceira adicase á cultura material e ás crenzas e na última sala resúmese a historia e o plan do museo e os traballos arqueolóxicos realizados no castro desde 1971. ♦

Unha análise crítica e rigorosa da democracia

XI Semana Galega de Filosofía

■ CARMÉ VIDAL/PONTEVEDRA

Dos días 4 ao 8 de Abril a *Aula Castelao* vai celebrar a *XI Semana Galega de Filosofía*. O tema da presente convocatoria é *Filosofía e democracia*, e, con este motivo, máis de vinte poñentes e conferenciantes farán de Pontevedra un dos foros de debate e reflexión máis importante do país.

O obxectivo xeral é aprofundar nun tema que a cotío se desliga de contidos sociais e políticos. Frente a teorizacións gratuítas e interesadas, buscarase unha análise da democracia crítica, rigorosa e fundamentada na realidade.

Por iso a conxuntura política internacional será o telón de fondo da *XI Semana Galega de Filosofía*. Pensar hoxe a democracia significa reflexionar sobre a transnacionalización económica e ideolóxica, a extrema pobreza dos países dependentes e en vías de desenvolvemento, o auxe do racismo e a xenofobia, a situación na Europa do Leste ou o bloqueo económico no povo cubano. Trátase, en fin, de cuestionar a semántica habitual que confunde democracia real e formal.

A experiencia de convocatorias anteriores, centradas no Poder, a Ecoloxía, Latinoamérica ou a Identidade Nacional, entre outros temas, conduciu aos organizadores a pensar na necesidade de centrar as diversas problemáticas nun ámbito común que no tempo mantén a súa propia especialidade. Evidenciouse así como, debaixo de calquer problemática actual de analizar latexaba, de xeito radical o último, un discurso xerado arredor do concepto da Democracia. Eis un dos motivos que conduciron á realización desta Semana.

O amplo programa presentado

pola *Aula Castelao* abranxe —organizado en xornadas de mañá, tarde e noite— aspectos esenciais no feito da Democracia como a relación cos novos movementos sociais alternativos —nomeadamente o ecoloxismo—, a desigualdade económica, os límites das institucións representativas, a xustiza ou a política dos Dereitos Humanos como un xeito máis de imperialismo cultural. Alain Badiou, Urbano Rodríguez, Jaime Pastor, Giovana Ricoveri, Ignacio Sotelo e Boaventura de Sousa Santos son algúns dos especialistas que participarán na *Semana* presentando as súas propostas teóricas.

Noutra orde de cousas elaborárase tamén unha reflexión e análise concreta desde Galiza na que especialistas do país realizarán unha valoración desde diversos ámbitos de traballo. A territorialidade, o ecoloxismo, a economía e os medios de comunicación serán os temas arredor dos que se vertebrará a reflexión sobre a situación galega. Neste sentido e, como todos os anos, os organizadores queren que a *Semana* continue a ser un lugar de encontro do pensamento en e sobre Galiza.

O acto de clausura consistirá nun recital poético e cargo de Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Uxío Novoneyra, Manuel María e Xosé Neira Vilas. Nunha homenaxe aos que sufreron e aínda sofren o silencio imposto polo poder e a violencia.

Once anos despois da súa constitución en Pontevedra, a *Aula Castelao de Filosofía* ten presente, coma no comezo, o tema de que "facer filosofía é ser capaces de traducir en ideas os problemas vivos, acuciantes e preminentes de cada época". "Filosofía e Democracia", o tema desta edición da *Semana*, é un exemplo diso. ♦

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRESTÍXIO E CONTAMINACIÓN

TERESA BARRO

A política de prestíxio do galeguismo da aposguerra foi unha gantasia perniciosa; en lugar de aceptar a realidade da Galiza e melloralala, inventou outra máis "prestixiosa" para vender fóra. Os viraventos tornaron castelos, os ermos verxeis e os bodequeiros príncipes. E esta fantaseadora política, iniciada na década do cincuenta, é a que se está a seguir coa lingua galega.

O galeguismo do prestíxio non quixo admitir que, por razóns históricas (isolamento, desprezo, prohibición), na lingua galega faltan moitos rexistros. Cando estes galeguistas a colleron era unha lingua enteira pero minguada. Que houber moitas palabras para chamar á chuva, como afirmaban algúns daqueles galeguistas-sofistas, non quer dicir que as houber tamén para falar de moitas cousas doutro xénero. O rexistro era sempre colonial, ao non haber lingua escrita na práctica; mesmo as cartas que escribía o galegofalante estaban en castellano. A lingua galega só tiña os rexistros dos isolados mundos onde aínda se falaba normalmente, se por normal se entende falar algo que nen sabían o que era: "o que falamos por eiquí".

dician. Nos outros rexistros funcionaba xa daquela como dialecto, por estar maleada polo castellano e comida por el. Cando un galegofalante da aldea tiña que ir ao médico, ao avogado, á escola ou calquer institución oficial, a linguaxe que aprendía e usaba para aquilo todo era o castellano misturado co galego a barullo. Isto pasa sempre que hai contacto de dúas linguas e unha delas é a predominante por razóns políticas, neste caso o castellano; as fronteiras entre os códigos lingüísticos do falante esváense e comeza un proceso que ao primeiro se cadra semella progresista e arriquecedor e que logo, cando ven o contáxio en grande, vira contaminación e anula a vi-

da toda, igual que cando hai contaminación do medio natural.

Se a lingua galega andaba minguada, para reforzala e lle dar os rexistros que perdera ou non desenvolvera había, ou que acudir aos códigos lingüísticos do portugués, que era a forma evolúida da mesma base lingüística, ou acudir aos do castellano, que era a lingua predominante e polo tanto contaminante. Pero como o portugués non tiña "prestíxio", a política de normalización do galego, maquiada por aquel galeguismo castellanizante e españolista de fondo, virou unha imensa industria contaminadora da lingua que dicía defender. O natu-

ral e o intelixente sería, pois que o galego e o portugués viñan da mesma fonte, que se pillasen da forma máis completa as palabras que non había ou que se esqueceran, e tamén os sons e os xeitos de falar e de dicir as cousas. En lugar diso, o "galego" está virando unha mestura ruin de galego e castellano, unha trapallada con sintaxe e fonoloxía imitadas da lingua contaminante.

Valerse do castellano para apoiar ao galego, ou aceptar castellanismos porque están incorporados ao idioma no uso coloquial, é non entender cousa dos procesos bilingües e do que sucede cando dúas linguas entran en contacto. Cando este contacto é consciente e analísado (o caso do tradutor e o intérprete) daquela os dous sistemas se manteñen separados cunha vixilancia férrea das fronteiras entre eles que non deixa que se contáxien un ao outro. Pero cando non é consciente e entran en xogo emocións e degoiros alleos ás leis lingüísticas, as linguas maléanse e esbarrañan, o contáxio inicial vira epidemia e a lingua contaminada chuchalle a vida á outra, que queda afabada, apozofada e sen folgos para medrar. ♦

.....
'Se a lingua galega andaba minguada, para lle dar os rexistros que perdera había, ou que acudir aos códigos do portugués, ou aos do castellano'.

Leituras

conta de libros

O Couto Mixto e os "Homiciados" A raia entre Galiza-Portugal

Luis Manuel García Mañá (1), comisário e estudoso das relacións Galiza-Portugal, ten dedicado dúas obras aos avatares da "raia" entre estes dous países. Obras de interese actual tanto pola importancia da "rexión" económica miñota na CE, para o rexistro definitivo de insuas no baixo Miño a Galiza ou a Portugal, e, principalmente, pola emerxente recuperación da conciencia cultural galega dos territorios da "raia".


No Anexo II do Boletín Auriense, 1988, analiza Mañá a raia na provincia ourensá. Segue para iso o mesmo método que logo repite para a correspondente á provincia de Pontevedra: a historia da formación da raia, a configuración xurídica de 1864 coas posteriores aclaracións e unhas consideración de carácter sociolóxico sobre a poboación raiana.

Os tempos medievais foron definitivos na formación da raia entre Galiza e Portugal. Mañá atense aos resultados de investigacións

tanto galegas como lusas. Afortunadamente recolle traballos portugueses pouco coñecidos acó. Niso está o seu atractivo, como no acerto ao ubicar a independencia lusa no contexto feudal do reino galego-leonés de Afonso VII e na política ambiciosa dos papas, empeñados na hegemonía sobre reis e emperadores desde Gregório VII a Bonifácio VIII.

O capítulo de máis curiosidade é o dedicado ao "couto mixto" e aos "povos promiscuos", pp. 87-115. O couto mixto pertencera, antes da supresión dos señorios, á Casa de Braganza e ao Conde de Monterrei (bicefalia como a de Andorra). Formado polos lugares de Santiago, Rubiás e Meaus, na actualidade os dous primeiros do concello de Calvos de Randín e Meaus de Baltar. O tratado de 1864 asignou o couto á provincia de Ourense e os povos promiscuos a Portugal. Os "povos promiscuos" son Souteliño, Cambedo e Lamadarcos.

Mentres o Couto Mixto gozaba de "privilixios" como tal couto bicefalo que permitía aos habitantes indefinición en relación á soberanía de Portugal ou á de España, os povos promiscuos tiñan que optar por unha ou outra soberanía e podía darse o caso de que na mesma casa houbera uns coa portuguesa e outros coa española. Había, efectivamente, edificios con porta a Portugal e porta á Galiza. A vida económica do couto e dos povos promiscuos estaba marcada polo comercio. Comercio regrado ou libre de alcabalas, segundo os casos, que facía privilexiada a situación destes raianos.



Plano do Couto Mixto.

O tratado de 1864 pasou por enriba de toda a tradición local e do sentido de comunidade galega común, para asignar, contra a vontade dos habitantes, o couto a Galiza e os povos a Portugal. Unha recuperación do pasado podería servir para dar conciencia nova aos raianos deses lugares e estendela aos restantes.

No volume *Miño: ¿Existiu unha fronteira*, volta Mañá a repetir o proceso histórico da raia. Mais agora engade unhas páxinas sobre os "coutos de homiciados" de novidade na historiografía galega. Para este estudo parte da obra de Moreno, Humberto Baquero, "Os municipios Portugueses nos Séculos XIII a XVI". Para Moreno a orixe deses coutos está na institución de lugares de repovoación con "delinquentes que coas súas familias residirían dentro do perímetro designado, onde traballarían con liberdade condicionada ata conseguir o perdón". O pri-

meira couto documentado é o de Melgaço, 1181. Outro importante sería o de Caminha, 1406. Segundo esta información retransmitida por Mañá, certas vilas raianas acodiron ao procedemento de acoller "delinquentes" para medrar povoacionalmente. Os reis lusos outorgaron foro a esas vilas para as que o comercio era vital. Aceitar tales "delinquentes" era unha compensación a esixir pola liberdade de couto á marxe do señorío feudal. Aceitábase "unha delinuencia" determinada de carácter económico coa exclusión de **traidores, herexes, sodomitas e falsificadores de moeda**. Non era moi diferente a significación das cartas pobras dos reis galego-leoneses do s. XII e ss. coas variacións locais segundo os casos.

Nun e noutro volume o eixo do estudo de Mañá e o tratado de 1864 e as posteriores aclaracións. Cos dados na man desaparecen moitas dúbidas na determinación xeográfica da raia. O valor da obra de Mañá está aí, dado que facilita uns coñecementos e nos libra de ter que acudir a difíceis investigacións nos rexistros oficiais. Pero Mañá ocupou o seu tempo con leituras abundosas que lle permiten centrar ben na historia os avatares da flexíbel e sinuosa raia do Sul da Galiza. Unha raia de unión que os poderes utilizaron como fronteira e os povos queren como camiño. ♦

FRANCISCO CARBALLO

(1) García Mañá, Luis Manuel, *La Frontera Hispano-Lusa en la provincia de Ourense*. Museo Arqueológico Provincial de Ourense, 1988, pp. 216; *Miño: ¿Existiu unha fronteira?*, Galaxia, Vigo, 1993, pp. 295.



Prémio

Nobel en galego

Sotelo Blanco, na súa colección *Medusa* de narrativa, ven de editar **O Señor das moscas** de William Golding (Prémio Nobel no 1983), nunha tradución de Xosé Mª Gómez Clemente. Trátase da primeira novela de Golding na que tenta ir seguindo os defectos da sociedade até chegar aos da natureza humana e vén dar nunha parábola entrecida nun argumento complexo tirado do momento en que un fato de rapaces que, despois de sobreviviren a un accidente aéreo, teñen que organizar a súa vida nunha illa deserta sen a presenza dos adultos. ♦

Adolescencia nos 40


Na colección *Arbore* de Galaxia ven de saír **A encrucillada da torre** primeira obra de Xosé Ramón González Álvarez. Trátase dunha novela que non nega a súa inspiración autobiográfica, e que ten nos recordos da infancia e a adolescencia o seu material principal. O autor reconstrue un mundo sen televisións e con poucos coches, un mundo de posguerra na Galiza rural, onde transitan a Guardia Civil e as partidas guerrilleiras, no que a escola místase co traballo no campo e a natureza forma parte da rutina cotiá. ♦

Manual de Literatura

Na colección *Universitaria* de Xerais, Anxo Tarrío ven de publicar **Literatura Galega (Aportacións a unha historia crítica)**, unha obra de máis de cincocentas páxinas nas que o autor percorre a nosa literatura, definida pola lingua na que se escribe, apuntando novas ideas metodolóxicas e acompañando o traballo dun abondoso aparato de notas e bibliográfico, e de importantes suxerencias de lectura e interpretación. ♦


Amantes da palabra

Chega a revista *Olisbos* xa ao número catorce con esta publicación editada polo colectivo do mesmo nome organizado na Facultade de Filoloxía de Compostela. Neste número inclúe traballos de Joaquim de Montezuma, Xosé Portela (*A pascua de Montecubeiro: un exemplo de literatura oral*), Daniel Asorey (*O día que naceu Cristo*), Lomartí (*Vinte versos destranzados*), Gerald Denley (*Londes e Madrugada en Lugo*), entre outros. Informacións, crítica, creación literaria... son os contidos desta publicación que se mostran abertos aos orixinais "redactados coherentemente en calquera normativa ou lingua). Pódese chamar ao (981) 57.53.40 (extensión 512). ♦



UNIVERSITARIA MANUAIS

Textos e manuais para o coñecemento.



Este novo libro de Anxo Tarrío é o froito dunha ducia de anos dedicados ó ensino, crítica e reflexión sobre o feito literario galego e de moitos máis de preparación no apaixonante campo da Linguística, a Semioloxía, a Teoría da Literatura e a Literatura Comparada.

A información bibliográfica que acompaña a estas *Aportacións*, froito de numerosas e atentas lecturas, de seguro servirá para atallar moitos camiños á futura investigación e dicencia da literatura galega.

LITERATURA GALEGA
Aportacións a unha Historia crítica

Anxo Tarrío Varela



Música

Unha celta
canadiana

Por fin ven
Lorena McKennitt

Nova visita de Lorena McKennitt a Galiza. Na primeira conquiriu ao público do Auditorio Santiagués, nun concerto que moitos lembran hoxe en día e que foi de longa duración a que é de agradecer polos seus múltiples siareiros.

Lorena naceu en Morden (Manitoba, Canadá), e principiou a súa andaina artística tocando diversos instrumentos como acordeón, whistles, teclados e harpa. Estudou na escola de Belas Artes de Banff e na de arte dramática de Manitoba, xa que a canadiana ten actuado nalgunhas obras teatrais cando era máis xoven. Ela parendeu dos seus pais cancións populares celtas e daí venlle a atracción por eses paí-

ses, aínda que habería que dicir con parto deles, posto que é moi posíbel que Lorena soubese da existencia de Galiza cando veu tocar á nosa terra.

O seu primeiro disco é do ano 1985, "Elemental", que foi seguido por unha gravación de pezas do Nadal chamada "To drive the cold winter away".

Ao remate da década sacou o L.P. "Parallel dreams" do que tamén foi produtora e ca que empezou a conquistar novos mercados, aspecto que non pasou desapercibido á multinacional discográfica WEA, que lle editou no 91 o seu traballo

Nestes tempos de impulso para a 'New Age', as composicións da harpista canadiana teñen unha grande aceptación.

máis coñecido "The visit", que a deu a coñecer a unha ampla audiencia.

A cantante vive nunha antiga granxa e cada ano pasa unha temporada en Irlanda, descansando e inspirándose da forte tradición musical do país. A súa vida e obra foi recollida nun documental de 30 minutos para a "CBC", e que foi nominado para os premios dese xénero pola academia cinematográfica do Canadá. A realización dese documental avalía a súa carreira.

Nestes tempos de impulso para a música "New Age", a fermosa voz e as delicadas composicións da harpista canadiana teñen unha grande aceptación para que as súas cancións sexan "devoradas" como froitos frescos en moitos lugares do mundo. ♦

ÓSCAR LOSADA

(1) Día 17 en Vigo e 18 en Compostela.



O grupo Milladoiro.

SANTI ALVITE

Música de
encargo

'Iacobus Magnus'

O pasado ano 1993 foi especialmente activo para o grupo Milladoiro, tanto que a súa obra Iacobus Magnus, estreada na primavera do mentado ano xacobeo, e encargada co gallo de tal efeméride polo Consorcio da Cidade de Santiago, deberá agardar un mes para ser comercializada en forma de disco, co cal cumprirase o período de un ano desde a data da súa presentación oficiosa. Quer dicir, se as previsións do propio grupo non faltan, no vindeiro Abril teremos flamente gravación compartida polos músicos galegos cos británicos da English Chamber Orchestra.

Outros acontecementos que reclamaron a presenza do noso grupo no acontecer cultural galego foron, por unha banda a exposición da pintora Maru-

xa Mallo, e pola outra o espectáculo do Mago Antón, "Vía Láctea". Senllas bandas sonoras foron compostas e interpretadas por Milladoiro, e as súas correspondentes gravacións non están dispoñíbeis nas canles habituais do mercado discográfico. Ambos discos son, en cambio, unha boa mostra da versatilidade dos sete músicos que forman o grupo, aberto sen prexuízos a diferentes sensibilidades musicais, ao tempo que posuidores dun son e liña determinante. A Xeometría da Alma titúlase a gravación que inclúe a música composta para a Exposición Antolóxica de Maruxa Mallo, exhibida durante o pasado outono no Centro de Arte Contemporánea de Galiza, en Compostela. Un discurso musical basicamente melódico preside a gravación, con algunha sorpresa coma o Bolero na Illa de Pascua, hábilmente disfrazado instrumentalmente, que patentiza a elegancia da decadencia. Igualmente, V. Láctea é unha composición que está concebida para o mentado espectáculo do Mago Antón, e nesta ocasión a música caracterízase pola súa variedade; unhas veces verbeneiros, outras melodicamente oníricos, con fondo de percusión de reminiscencias árabes, electrizante son rockeiro... do máis variado que un poda atopar en Milladoiro, cunha composición destas de antoloxía: O voo da pomba.

O pasado Sábado día doce, varios informadores musicais fomos convocados polo grupo, no seu estudio da Picaña-Padrón, para escoitar o master da gravación de Iacobus Magnus. As diferentes pasaxes dos sete títulos da obra succedense, unhas veces con delimitadas intervencións de Orquestra e grupo, e outras, as menos, coa ensablaxe de ambas formacións. Na súa derradeira parte, I.M. conta coa participación da Orquestra Sinfónica de Galiza.

Milladoiro continúan a liña que encetaron compondo música para bandas sonoras cinematográficas —La mitad del cielo, Divinas Palabras—, para exposicións de variado contido —Galicia no Tempo—, e apenas dispoñen de tempo para ocuparse do que eles consideran un disco "oficial".

XOÁN M. ESTÉVEZ

O retorno do
Rock de batea

Korosi dansas

Uns vellos coñecidos reaparecen, seica con máis forza ca nunca. Os arousáns Korosi Dansas, acuñadores do alcume "rock de batea" e posuidores dunha contundente presenza en directo, están a facer unha razzia morisca desde as Rías baixas a todo o país galego.

Xosé A. Porto (Baixo e voz solista), Xurxo Romero (Guitarra rítmica e voz solista), Manuel G. Seijas (Guitarra solista) e Roberto Camba (Batería), está a facer media dúcia de datas en concerto como primeira medida ofensiva. E despois, xa se verá.

Unha nova esperada polos numerosos seguidores dunha banda cun bon mangado de cancións atractivas. A verdade é que levaban unha boa tempada case que parados, só algunha saída ocasional en directo retomaba o contacto co público.

Era o momento de tomar unha decisión e botar o resto se realmente querían seguir adiante como banda.

As primeiras destas datas xa fixeron



Korosi dansas.

Un magma que mama do funk, reggae e da rocha nai do rock, o suxectivo cóctel que chamaron rock de batea.

Os seus concertos son de certo para lembrar, contundencia e eficacia como músicos, un cuarteto e os


catro cantantes e botados para diante; como unha equipa de fútbol todos dianteiros centro. As voces e coros, un dos puntos fortes e das quedadas do grupo. E ademais teñen boas cancións. ♦

XURXO VAZ

Datas: 19 Mar. Bristol (Ferrol), 20 Lacalle (Bueu).

EDICIÓNS LAIOVENTO

NOVIDADE




ANTÓN ALONSO RÍOS
BIEITO ALONSO FERNÁNDEZ

Unha biografía necesaria desde o compromiso coa memoria histórica. A crónica humana dunha fidelidade exemplar.

Premio 'Carvalho Calero' de narrativa. A tradición do Merlín cunquirán recitada nun xogo literario de gran atractivo e novidade

NOVIDADE



OXALÁ VOLTASSEM TEMPOS IDOS!
JOSÉ-MARTINHO MONTERO SANTALHA

EDITORIAIS
EN DISTRIBUCIÓN

- Edicións Espiral Maior
- Edicións Laiovento
- Edicións da AS-PG
- Edicións Sementeira
- Edicións Toxosoutos
- Edicións PP. CC. Artesa
- Cadernos da EDG
- Edicións Elsinor Teatro
- Editorial Hiru Argitaletxea
- Edicións de autor
- Revistas culturais galegas
- Edicións bibliográficas

PRODUCCIÓNS CULTURAIS
ARTESA

Rua A. Martínez Salazar, 3
15011 A CORUÑA - GALIZA
Telf. (981) 27 83 99
Fax (981) 25 02 12

Cinema

Unha versión aborrida

Entrevista de Eloi Lozano


Cun mal guión é difícil chegar a facer un filme de calidade. Se, ademais, a realización non aporta nada especial, o produto resultante está claro. "Entrevista" é unha película frouxa, da que se sabe como vai rematar á metade da historia, que narra unha circunstancia complicada de crer (á xente non se lle recoñece pola voz?) sen nengun tipo de intensidade dramática, o que a fai caer na mediocridade.

Non é doado contar unha boa historia con tan só dúas personaxes e unha habitación como cenário.

conxunto da obra. Esta dobraxe lembrounos a algunha dos primeiros tempos da TVG, nos que sofremos a má calidade idiomática e artística. Semellaban superados eses tempos e que o nivel subira abondo para compararse con dignidade co que se fai noutros lugares. Orabén, tras o escoitado nesta fallida "Entrevista" —acafalle mellor o nome de soliloquio—, aínda persisten algúns focos de incompetencia na industria da dobraxe galega, precisamente os que foi escoller o realizador Eloi Lozano, nunha decisión que deixa en mal lugar o seu gosto.

Non é doado contar unha boa historia con tan só dúas personaxes e unha habitación como cenário, pero Mankiewicz fixo con estes parámetros "A Pegada" e Hermosillo *A Tarea*. Cando hai algo que contar e faise ben, non importan as dificultades que teña a acción e a súa orixe, por moito que esta poda ser teatral. Abundan os casos de excelentes adaptacións cinematográficas de pezas teatrais, nesta ocasión quen sofre a adaptación é un relato de Rubem Fonseca cos pobres resultados reseñados. ♦

ÓSCAR LOSADA



Eloi Lozano.

Os diálogos están mal escritos, ou mellor dito o monólogo, pois a personaxe masculina carece de entidade e non ten vida. O encargado de interpretar este papel é o pintor Antón Lamazares, mentres a protagonista feminina (non hai actrices galegas que podan facer mellor ese papel?) é Fabiola Toledo. A verdade é que a dobraxe, horrorosa, non axuda en nada aos actores e á boa receptividade do filme, constituindo unha eiva aprezábel para o

Teatro

Adaptación vertixinosa

As vodas de Fígaro

Nunha excelente versión de Cándido Pazó e Eduardo Alonso que imprime todo o carácter de vértigo que o *enredo* ten, tivemos oportunidade de acudir à estrea de *As vodas de Fígaro* —segunda peza da triloxía adicada ao tipo— da autoría de *Caron de Beaumarchais*, na compostelá sala do Teatro Principal.

Fígaro, criado do Conde, está próximo a celebrar as súas vodas con Susana, igualmente criada e axuda de cámara da Condesa, da que está rotundamente namorado, mas a intervención interesada do Conde, que lle fai as beiras à Susana, e Marcelina, que lle fai as beiras ao Fígaro, con intermediarios ou sen eles, está a piques de amolar as expectativas da parella.

Suceden-se as trampas e as situacións de compromiso na busca da complicitade do público claramente posicionado de antemán a favor de Fígaro, e xa que logo, do amor. E non só do amor. Fígaro fecha en si o soño dos humildes: conseguir con astucia e vontade tornar as moscas poderosas dos salóns corrompidos —e corruptores— do poder, neste caso encarnados na aristocracia; e acadar os seus lexítimos propósitos.

Nun fulminante desenlace —quizais un chisco rápido de máis— todo volta à praxidez habitual da corte, como é de rigor nestos casos, e nen a nobreza é tan mala e corrupta, nen o populacho tan rebelde, e así todos xuntos, da man, cantan as alabanzas dun final que está próximo.

Os actores en xeral están ben, e nomearemos entre as mellores aportazóns: o áxil e ledo Fígaro de *Xavier Estévez*, a xovial Susana de *Imma Antón*, polo demais, dous actores ben novos que levan un feixe de tempo facendo de todo dentro de teatro e que merecian unha oportunidade cun rol de importancia —llembramos, porén, que *Imma* xa fora, entre outros, a Alicia do *Soño dunha noite de verán* e que *Xavier*, despois de moito argallar cos *Moucho Clerc* ten oportu-



MARXE FOTOGRAFIA

Antón, claro que non pararemos de insistir que os roles de bebados son moi agradecidos, e cumpre no seu dobrete de doutor: engreído e finolis. *Luma Gómez* gostou-nos mais como Marcelina que como Perico, mas sen chegar a emocionarnos en ningún caso. Quen lle siga de perto os últimos traballos comprobará que apenas há distancia entre as personaxes que encarna, cousa certamente contraria ao traballo actoral. *Ernesto Chao* está ben con Conde, ao igual que *Belén Consentia* como Condesa, quizais un chisco afectada de mais, encantanos cando colle o ton *malvado* e vingativo a respecto do seu home. A *Diego Varela* prefiro-o como Xuíz que como Basilio, claro que de novo poderíamos insistir na boa aceptación que teñen entre o público as caricaturas e, rematar xa este repaso por *Raúl G. Baro* que ten bos momentos no seu rol de Querubín, mas segue a ter unha presenza escénica excesivamente hierática e forzada da que nos gostamos.

Para seguir con elementos dos que nos gostamos, poñer un suspenso à escenografía de *Paco Conesa*, mais pola insistencia obsesiva de facelas todas iguais que pola ineficacia. Un aplauso para a selección musical, de *Fernando Alonso*, claro que ben se poderían anotar no programa de man o autor ou autores.

Malia non ser a comedia o noso xénero favorito, estas *Vodas de Fígaro*, en liñas xerais, están ben resoltas cun traballo acertado dos actores e unha versión que capta toda a vertixen do enredo.

Sei que é inevitábel, mas non déveramos acudir ao Teatro coa sombra fresca e absolutamente admirábel das óperas adicadas a Fígaro —sexa Mozart ou Rossini, sexa Paisiello...— que nos impediría, de seguro, tirar todo o partido a esta montaxe. ♦

FRANCISCO SOUTO

Estas *Vodas de Fígaro* están ben resoltas cun traballo acertado dos actores e unha versión que capta toda a vertixen do enredo.

nidade de traballar en aquela do Centro; *O Arce no Xardín*, por exemplo— porén podemos afirmar que son os roles mais importantes que enfrontaron, e saen, para o noso gusto, moi ben parados. Está perfecto *Xosé Vilarelle* no seu

O GRANDE ESTÁ NO PEQUENO

NA MEMÓRIA DE LEOPOLD KÖHR

BERNARDINO GRAÑA

No número 611 do semanario *A Nosa Terra* informéime de que morreu recentemente o filósofo e economista austríaco Leopoldo Köhr, quen na frase "o pequeno é fermoso" resumira a súa teoría do pensamento. Deus queira que a idea de Köhr dure moitísimo máis que o seu corpo e que sexa grande o número dos que digan "¡Vivan as pequenas cidades, as pequenas nacións, as pequenas patrias, os pequenos periódicos, as pequenas linguas...!" E penso que esa é una idea grande, fermosa, xenerosa, enriquecedora... Unha idea feita como debe ser: coa cabeza ao tempo que co corazón.

Pode nacer moita cousa boa da cabeza rica en cultura e neuronas de consciencia harmonizada ao ritmo do corazón compasivo, amistoso cos outros seres viventes, sexan grandes ou sexan pequenos, pero, como é lógico, con máis piedade e consideración e tenrura para os pequenos... Nace de aí respecto a todo abrocho de vida e nace rexeitamento e rabia contra armas, industrias, capitalismo atrechos, contra os variados ataques mortais, suicidas e inconscientes, grandes e enormes, irrespetuosos, irreverentes, impíos e sen

piedade que esligan, estiñan, murchan, desertizan a vida sobre a codia da terra. Unha cidade grande, por exemplo, é un grande ataque á Natureza, que é a nosa verdadeira, global, gran nai, a que nos dá o aire, a auga, a terra, o calor necesario... Nai que ao final poderá vingarse simplemente non dando. Simplemente deixándose esligar, estiñar, murchar, desertizar, morrer... para morremos xuntos. Só da miseria das mentes pequenas (no sentido de ruíns, insuficientes, inmaturas, desinformadas e "descorazonadas") nace o pasmo ante as cidades grandes ategadas de grandes bloques de cemento e sen parques nin grandes nin pequenos... Outra cousa diferente é o positivo pasmo e amor e devo-

ción ante a grandeza e variedade do universo e da Natureza e do divino. (Algo tamén deberá aprenderse da grande idea-exemplaridade divina de abaixarse a ser un Xesús pequeno e humano).

Coidar a Natureza, cousa grande que realmente merece a pena, conleva moitos e grandes e pequenos esforzos día a día, minuto a minuto... Unha cidade grande habitada polos actuais seres "humanos" (?), faltos de tempo para culturizarse, faltos de sensibilidade, faltos de conciencia e consciencia, faltos de "detalles", é toda unha bomba para o planeta (planeta grande e ao mesmo tempo un simple puntinho entre outros moitos no espacio),

que estoupa xa en grandes ruídos, estoupa en grandes "cochizos" (ou vasuras); estoupa en grandes barrios de pobres, de marxinaos, de drogados; de violencias de todo tipo...


Os homes verdadeiramente grandes son os humildes, os que se abaixan (sobre todo a escoitar as pequenas voces do corazón e a intuición), son os piadosos, os benignos, os que saben mostrárense como nenos inxenuos, sinceros, cordiais, honrados... Son os non vendidos ao enganoso demo dos cartos, nin ao da destrución paulatina. Son aqueles que saben dos pequenos detalles. Aqueles que coidan a vida, que sempre nace pequerechiña e tamén paulatina.

En calquera planta, en calquera bichiño que atopamos no noso camiño está disimulada, como nos vellos contos, a fadiña, pequena pero poderosa e xenerosa, que agarda o noso detalle de salvata para logo, como premio, conceder-nos bos favores se lle pedimos boas cousas. O que pasa é que moitos dos que se autochaman maiores ou grandes desprecian os contos preferidos dos pequenos. Pensan que eses tales contos non teñen nada que lles ensinar. ♦

Os homes verdadeiramente grandes son os que saben mostrarse como nenos inxenuos, sinceros... Son os non vendidos ao enganoso demo dos cartos.

A NOSA TERRA ENCADERNADA 1978 - 1993

(16 TOMOS)



Tomo I	1978	4.000 pta	<input type="checkbox"/>
" II	1979	" "	<input type="checkbox"/>
" III	1980	" "	<input type="checkbox"/>
" IV	1981	" "	<input type="checkbox"/>
" V	1982	" "	<input type="checkbox"/>
" VI	1983	" "	<input type="checkbox"/>
" VII	1984	" "	<input type="checkbox"/>
" VIII	1985	" "	<input type="checkbox"/>
" IX	1986	" "	<input type="checkbox"/>
" X	1987	" "	<input type="checkbox"/>
" XI	1988	6.000 pta	<input type="checkbox"/>
" XII	1989	" "	<input type="checkbox"/>
" XIII	1990	" "	<input type="checkbox"/>
" XIV	1991	" "	<input type="checkbox"/>
" XV	1992	" "	<input type="checkbox"/>
" XVI	1993	8.000 pta	<input type="checkbox"/>

*A colección
completa
(16 tomos)
terá un prezo
de 68.000 pta!*

FORMA DE PAGAMENTO:

PARA A COLECCION COMPLETA

Ao contado (cheque)

Domiciliación bancaria: 3 recibos de 22.667 pta.
 6 recibos de 11.334 "
 12 recibos de 5.667 "

PARA TOMOS SOLTOS

Ao contado (cheque)

Domiciliación bancaria

(até un máximo de tres recibos sen custe financeiro)

Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas: APARTADO DE CORRREOS 1.371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

NOME APELLIDOS

ENDEREZO

..... C.P. TELÉFONO

POVOACIÓN PROVINCIA

Pago domiciliado (cubrir dos dados do boletín adxunto)

BANCO/CAIXA CONTA/LIBRETA Nº

TITULAR DA CONTA/LIBRETA

..... Nº SUCURSAL

POVOACIÓN PROVINCIA

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A NOSA TERRA)

..... ATENTAMENTE (SIGNATURA)

..... DATA

Morreu Fernando Rey, gravemente enfermo nos últimos meses.

Morreu sen poder levar adiante nengun proxecto para o cinema galego. Ninguén se lembrou diso nestes días, e tampouco da sua

participación na campaña do Concello de Redondela no 1981 para a normalización lingüística. Saia nun cartel dicendo: "Porque o galego sexa a lingua propia de Galicia".

Morreu Fernando Rey, actor galego que non actuou no seu país

En 1981 protagonizou unha campaña pola normalización lingüística do noso idioma

■ CELSO X. LÓPEZ PAZOS

Fernando Casado D'Arambillet Veiga Rey era coruñés e fillo dun militar republicano, e esa orixe de prosápia democrática, liberal e progresista ia marcar toda a sua carreira como actor, mesmo nas épocas máis dolorosas e cruentas da ditadura franquista, onde, se ben fixo moito cinema do réxime e alimenticio, como moitos colegas (Rabal), non é menos certo que sempre se alineou, (e todos o sabían) no bando da loita contra a ditadura; el non era Alfredo Mayoren Pepe Nieto. Gostaba de lembrar que nunca pertencera ao "Partido", pero a sua atitude antiditadura (silenciosa as máis das veces desde logo), os seus amigos e algúns dos proxectos cinematográficos nos que participou, habíano levar por uns vieiros onde se xuntaban todos os espíritos antifascistas e onde, se dúbida, o seu encontro con ese sendeiro maior que se chamou Buñuel foi determinante. O mesmo que antes o fora con Bardem con quen traballou en "La Venganza" encarnando un personaxe através do que falaba o Partido Comunista, ao que o autor de "Calle Mayor" pertencía.

Fernando Rey debutou nos anos trinta, deixando atrás os seus estudos de Arquitectura. Transcorría o ano 1936 e a película chamábase "Nuestra Natacha" dirixida por Perojo. Entre ese ano e 1944, no que interviu con nome en "Eugenia de Montijo", o actor galego foi extra, un extra máis que figuraba e non falaba ou falaba pouco. Na década dos 40 encarnou personaxes históricos ou novelescos, engoladas, enfáticas, envaradas, sen carne nen substancia cinematográfica, que se mantiñan en pé dalgun xeito mercede a sua voz, a sua espléndida voz, ben modulada, doce e de perfeita dicción: unha voz que foi importante nas dobraxes da época e que Rey prestou en non poucas ocasións ao mesmísimo Laurence Olivier. A voz de Rey, o dicer de Rey, as numerosísimas veces que esta serviu de fio condutor dos filmes no seu uso en off, conforman parte importante do seu traballo. Aquela voz que contaba os avatares de Villar del Río, aquel lugar de Castela que agardaba ansioso a chegada dos americanos en "Bienvenido Mr. Marshall". A miña lembranza do filme repousa nas facianas de Morán, Isbert, Romea, Luís Pérez de León, Quintillá, Félix Fernández ou Joaquín Roa, na mesma e idéntica medida en que a narración de Rey a fixa permanen-

temente na memoria.

Eses anos cuarenta son os anos de Cifesa, do cinema e cartón-pedra, da aploxia histórica e do divertimento triunfalista e imperial do franquismo. Son os anos de "Locura de amor", de "La pródiga", de "Los últimos de Filipinas", de "Mare Nostrum", nos que un Fernando Rey dirixido por Juan de Orduña, Antonio Román, Rafael Gil e outros panexiristas do réxime e da España dos Reis Católicos, fan sempre personaxes baleiros e de maior idade ca el. Esta característica, como a das suas famosas fazulas (que logo despistara con éxito coa perilla) e o son da sua voz, calificarán por moito tempo a imaxe de fábrica da sua tipoloxía.

Nos anos cincuenta decrece a sua popularidade. A partir desa década o cinema español ensaia outras



rotas, amparados nas Conversas de Salamanca, na aparición dunha xeración de cineastas xóvenes (Bardem e Berlanga, abrían a década con "Esa pareja feliz", e "Bienvenido Mr. Marshall", Nieves Conde rodaba "Surcos"...), e nos lixeiros movementos do réxime. A faciana de Rey non era xa buscada e a sua posición contra o réxime limitaba o seu traballo. Porén, nesos dez anos intervéñen con éxito en tres importantes fitas de Bardem: "Cómicos", "La venganza" e "Sonatas" segundo Valle-Inclán. Rey contaba como Buñuel gostou moito da sua forma de morrer no filme. Desa admiración polo seu traballo con Bardem, xurde a chamada que o aragonés fai ao actor galego para que encarne a Don Jaime en "Viridiana".

Corre o ano 1961 e comezaba unha colaboración fundamental na carreira do actor, que finalizaría logo de "Tristana" e a sua memorábel interpretación de Don Lope e "O discreto encanto da burguesía" en "Este escuro obxecto do desexo", onde Buñuel facía o seu derradeiro filme e Rey continuaba lucindo a sua barba aristocrática.

O salto á proxección internacional

Neses anos sesenta intervéñen, sen pena nen glória, en multitude de coprodución feitas no estranxeiro e de infausto recordo. Son filmes que non serven para nada pero que lle permiten establecer contactos, relacións públicas dicía el, dominar o inglés e viaxar por mercados vedados á meirande parte dos actores españois, agás paco Rabal. Os anos sesenta son tamén os do seu encontro con orson Welles, para quen traballaría en "Campañadas a medianoite" e "Unha historia inmortal". A sua imaxe xa é coñecida no estranxeiro e en 1971, logo de que Paco Rabal rexeitase o papel por non saber o inglés, William Friedkin chámalo para encarnar ao gánsster elegante de "French Connection". E o personaxe de Alain Charnier e o seu cínico saúdo nun metro de Nova Iorque faise famoso en todo o mundo. A partir desa década dos setenta, Rey é o máis internacional dos actores españois. Traballa para Lattuada, Bolognini, Comencini, Rossi, Vicente Minnelli, Stuart Rosenberg, Lina Wertmüller, Valerio Zurlini, Robert Altman, pero tamén para Saura, Chávarri, Miró, Armidián, Regueiro... A encarnación do vello Buñuel, aquel actor que soubo transmitir as angurias e preocupacións

do xenial xordo de Calanda, era un actor recoñecido, respetado e reclamado en todo o mundo.

Foi duque, rei, príncipe, xeneral, diplomático, gánster elegante, patriarca de familia, fidalgo castelano, papa, marechal, bispo e mesmo pai do mesmísimo Francisco Franco. Nunca a sua faciana descendeu ás cloacas de representar personaxes de baixa estofa, máis vulgares pero vivos, máis grises pero máis achegados ao comun dos mortais. Impedíallo a sua aureola de aristocratismo e de liñaxe señorial coidadosamente estudada quizais imposta polas circunstancias. E esa foi a sua grandeza e a sua miséria. Fernando Rey foi así o actor que mellor soubo encarnar a Fernando Rey. ♦

XOSÉ BAR BOO

PLÁCIDO LIZANZOS

Na madrugada do pasado 22 de Febreiro morría o arquitecto vigués, Xosé Bar Boo. Foi un dos promotores do Coléxio de Arquitectos de Galiza, criado por escisión do antigo Coléxio de Arquitectos de Galiza, Asturias e León. Foi asimismo profesor titular da Escola de Arquitectura da Coruña.

Bar inicia a súa actividade en 1957 cando estando a piques de rematar a súa carreira na Escola de Madrid acomete o deseño do edificio Plastibar, sito na rua do Marqués de Valadares número 27 de Vigo. Este seu primeiro proxecto resulta altamente significativo dentro do noso panorama arquitectónico contemporáneo, xa que coa súa innovadora linguaxe, directamente relacionada coas premisas do *International Style*, ia sentar as bases que porían remate a unha longa etapa de posguerra caracterizada no arquitectónico —e tamén noutros aspectos da vida— por unha obrigatoria asunción de modelos pretéritos.

Mais esta aproximación ás correntes estéticas internacionais, que ia ser unha constante na súa dilatada vida profesional, faina Bar tinxíndoa de características vernáculas. Estas pódense ler no constante uso de materiais autóctonos como a pedra e a madeira, o emprego de panos encristalados para o aproveitamento da enerxía calorífica do sol a semellanza da función das tradicionais galerías, etc.

A aportación tecnolóxica de Bar é outro dos seus logros. O arquitecto, que comezara a súa actividade profesional deseñando o singular cerramento do edificio de Marqués de Valadares no que os planos de granito aparecían suspensos entre outros encristalados, continua a investigar na expresividade dos cerramentos dos edificios. Froito deste labor chega ao emprego das pastas, as laxes graníticas usadas tradicionalmente no valado de fincas ou na construción dos pés das parreiras no ámbito das Rias Baixas e do Norte de Portugal.

Co emprego sistemático deste material na construción dos cerramentos dos edificios Bar Boo conxuga os recursos naturais e a tecnoloxía tradicional do país cun procedemento industrializado de construción baseado nunha posta en obra semellante á de calquer outro material prefabricado, mais coa textura e a durabilidade que só a nosa pedra poden garantir.



▼ POLICLÍNICO CIES, VIGO ▲



▼ EDIFICIO PLASTIBAR, VIGO ▲



NOVO PAZO DE XUSTIZA, A CORUÑA



ALGUNHAS DAS SUAS OBRAS

— EDIFICIOS DE VIVENDAS —

Marqués de Valadares, 27. Vigo

Rua do Porriño. Coia. Vigo

Praza de Compostela, 21. Vigo

Esquina de García Olloqui con

Luis Taboada. Vigo

Vivendas Militares.

Pontevedra

— OUTROS EDIFICIOS —

Sanatorio "El Pinar".

Meixoeiro. Vigo


Praza de Abastos, Gondomar.

Policlínico Cies.

Av. de Madrid. Vigo

Igrexa Nosa Señora das Neves.

Teis. Vigo



▲ EDIFICIO DA PRAZA DE COMPOSTELA, VIGO

Convocatorias

Concurso de Banda Desenhada de Ogrobe
II edición para debuxantes do Salnés, organizado polo colectivo **NO, PE, SA, Komiks** conta co patrocinio da Concellería de Cultura de O Grove. A entrega dos traballos pódese facer até a primeira semana de Xuño na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey de O Grove, onde ficarán expostos durante todo o mes. Os premios, 1º 25.000, 2º 15.000, e 3º 10.000 pta., daranse a coñecer en Xullo.

Concurso de Guións de Vídeos Didácticos
Xa na III edición, convocado pola **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega** para guiños dun máximo de 30 minutos. Na valoración dos guiños terase en conta o seu contido pedagóxico, o interese do tema tratado, a súa calidade literaria e técnica, e a súa posibilidade económica de realización. Valorarase especialmente a adecuación dos temas escollidos aos contidos educativos dos distintos niveis da educación non universitária, tendo en conta o deseño curricular base. Cada guiño deberá presentarse acompañado do esbozo onde se marcarán as liñas mestras para o posterior desenrolo da correspondente unidade didáctica. Os premios divídense en: 1º 100.000 pta., 2º 50.000 pta., e 3º 25.000 pta. Os autores dos guiños premiados contraen a obriga de desenvolver nun tempo non superior aos tres meses a súa correspondente unidade didáctica. Os traballos pódense presentar, tanto persoalmente como por correo certificado, até o día 15 de Xuño de 1994 na sede da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Laracha, 9-entrecán, 15010 A Coruña. Teléfono (981) 27 82 59. A entrega de premios terá lugar no mes de Setembro de 1994 nas **XVIII Xornadas do Ensino de Galiza**, que se celebrarán na Coruña. Os traballos non premiados poderán ser retirados nun prazo de tres meses tras a entrega de premios, e os non recollidos pasarán a formar parte dos fondos da Asociación.

Unha semana na Casa da Terra
Aperta, colectivo de educación ambiental, organiza unha semana (do 25 de Marzo ao 3 de Abril) na Casa da Terra, situada nunha pequena aldea da Ulloa (Lugo). Entre as actividades a realizar destacan: obradoiros de artesanía, traballos no campo, transformación de alimentos, paseos e xogos. O prezo, que inclúe material, aloxamento e mantenza, é de 12.000 pta. Inscripcións até o 21 de Marzo no (981) 24 69 95 de Luns a Venres de 17 a 22 h.

Viaxe a Serra Nevada
A Concellería de Xuventude de Vigo convoca 50 prazas dirixidas a xoves de 18 a 30 anos empadroados no Concello de Vigo, para unha viaxe a Serra Nevada do 26 de Marzo ao 3 de Abril. A saída inclúe transporte, estancia e mantenza, curso de esquí (10 horas),

Música

Il Fondamento
Coro e orquestra dirixida por **Paul Dombrecht**. Actua o día 24, ás 9 da noite, dentro do programa de abono do Auditorio da Galiza, para interpretar *A Paixón segundo San Xoán* de J.S. Bach.

Orpheus Chamber Orchestra
O Venres 18, ás 8,30 do serán, no C.C. Caixavigo (Vigocultura'94), e Sábado 19 á mesma hora, no programa *Grandes concertos de palácio* do Pazo de Congressos da Coruña. O concerto comprende pezas de Haydn, Honneger, Dvorak e Mozart.

Sinfónica de Galiza
O Xoves 24 no Pazo de Congressos da Coruña e o Venres 25, no Cine Rivas do Carballiño. Os dous días ás 8,30 do serán. Director: **Ronald Zollman**. Solista: **Joan Enric Lluna** (clarinete). O programa comprende pezas de Marco, Nielsen e Tchaikowsky.

material, monitores, seguros e visitas a Granada; ao prezo de 30.000 pta. Os interesados poden inscribirse na Casa da Xuventude.

Cibachrome
O Colectivo **Olo de Vidro**, integrado na **Asociación Alexandre Bóveda**, organiza na Coruña un curso introductorio de técnicas de revelado a cor: copiado de diapositivas en papel, filtrado, manipulación da imaxe, técnicas básicas. O curso vai do 11 ao 16 de Abril e custa 15.000 pta. aos non socios da Agrupación Alexandre Bóveda. Información en: Emilia Pardo Bazán, 25-2. A Coruña. Teléfono (981) 24 43 55, das 17 ás 21 h. pola semana.

Certame Poético O Gaiteiro
Convocado pola **Asociación de Gaiteiros Galegos** dirixida a todas as persoas de idade comprendida entre os 14 e 25 anos. Os textos, que se poden presentar en calquer normativa, terán unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 150, presentados a dobre espazo e por cuadruplicado. Nun sobre pequeno identificábel por un pseudónimo, irán o nome, enderezo, teléfono, DNI e idade do autor. A Asociación de Gaiteiros será a encargada da elección do xurado que fallará o único premio (25.000 pta.), concederá varios accesits e decidirá que poemas serán publicados nun número da revista *O Brillante*. As obras entregaranse, antes do 31 de Maio na Asociación: Rua do Convento, 3, Melide, A Coruña. Tamén se poden mandar ao Apartado de Correos Nº1 de Melide, ou a Xoan XXIII, 3-2º. 32003 Ourense. Calquer dúbida ha ser atendida na Asociación (988) 21 08 23.

Redaccións sobre Luís Seoane
A Ateneo de Ourense convoca un concurso xuvenil de traballos de redacción sobre Luís Seoane ao que poden concorrer os estudantes de BUP, FP e do ciclo superior de EXB, con textos dunha extensión mínima dun folio e máxima de tres mecanografiados a un espazo ou escritos a man. As obras presentaranse na Secretaría do Ateneo (Curros Enríquez, 1. Edificio Torre Ourense, 36003 Ourense), antes do 20 de Abril, asinados polo autor e acompañados dos seus datos (apelidos, enderezo, teléfono, centro de ensino e curso ao que pertence). Fican establecidos un primeiro premio e dous accesits a cada categoría (EXB, e

Danza

Prometheus Dance
Compañía de danza dirixida por **Diane Arvanites-Noya**. Actua os días 17 e 18 de Marzo, ás 9,30 da noite, na Sala Galán de Compostela. As entradas van a 700 pta. e pódense reservar nos teléfonos (981) 58 51 66 e 58 51 21. ♦



Xavier González-Abraldes

X. González-Abraldes
O Martes 22, ás 9 da noite, no ciclo *Xoves intérpretes galegos* do Auditorio da Galiza actua Javier González-Abraldes, licenciado con Mención de Honra polo Conservatorio Superior de Música

FP e BUP), que consistirán en lotes de libros. Maior información no Ateneo (988) 37 20 75.

Prémio Miguel González Garcés
A **Deputación da Coruña** ven de convocar a IV edición do premio de poesía **Miguel González Garcés**, que comprende a publicación da obra e máis unha dotación económica de 500.000 pta. Poden presentarse ao certame os orixinais escritos en galego que teñan unha extensión non inferior aos trescentos versos. O prazo de admisión dos traballos remata o 6 de Abril de 1994. Os orixinais deben de se remesar ao Departamento de Cultura da Deputación (Alfárez Provisional s/n). Os textos presentaranse por quintuplicado e baixo plica.

Bolsas para ampliación de estudos nos EE UU
Convocadas pola **Fundación Pedro Barrié de la Maza**. Xestionan o ingreso para completar estudos en centros e universidades norteamericanas durante o curso 95/96, ameio do Instituto de Educación Internacional de New York. Sufragan os gastos de desprazamento e matrícula amais de vir dotadas con 16.400 \$ USA por ano para aloxamento, mantenza, libros e outros gastos. Son condicións indispensábeis ser galego, fillo de galegos ou residente na Galiza; ter estudos superiores terminados cun bo expediente académico, e excelente coñecemento do inglés. As bolsas, 10 en total, son para 12 meses prorrogábeis e teñen que se solicitar do 1 de Abril ao 31 de Maio de 1994. As bases fican á disposición do público nas oficinas do Banco Pastor ou na Fundación Pero Barrié de la Maza (R/San Blas 1-2º. 15003 A Coruña), teléfonos (981) 22 38 30 e 22 51 05.

Acollida de nenos saharauis
A **Asociación Galega de Amigos do Sahara (AGAS)** promove doutravolta, tras o éxito da campaña do verán de 1993, a acollida de nenos e nenas saharauis en réxime de vacacións por familias galegas no verán de 1994. Para participar na campaña hai que remesar unha nota á AGAS (Isaac Peral, 12-7ºU. 36201 Vigo. Teléfono (986) 22 12 47) co nome do responsábel, enderezo habitual, enderezo do verán, teléfonos, número fillos e a idade; amais de especificar calquer preferéncia sobre o período (30, 45, 60 días, Xullo, Agosto, etc) de acollida. Ao mesmo tempo a AGAS está a promover unha **campaña de pediatría** cos nenos dos campamentos de refuxiados do Sahara, na que precisan colaboración para mercar os medicamentos da próxima entrega que cae no mes de Abril. Pódese axudar ingresando na conta da AGAS, 927-0 de Caixavigo, ou ben enviando material sanitario ao local da AGAS: leites maternizados, protovit, glucodulco, xiringas de insulina, manzanilla, algodón, gasa e esparadrappo. ♦

de Madrid na especialidade de Profesor superior de Guitarra Clásica e premio *Solista de Guitarra no Primeiro Certame de Xóvenes Intérpretes Galegos*.

L. McKennitt & Band
O Xoves 17, ás 8,30 do serán, no C.C. Caixavigo; e o Sábado 19, ás 9 da noite, no Auditorio da Galiza.

Rigoletto
O 24 de Marzo, ás 8,30 do serán, no C.C. Caixavigo. A **Orquestra e Coros da Opera Nacional de Moldavia** interpretará *Rigoletto* de Verdi para o que conta con **Paolo Gavanelli** (barítono), **Sung Eun Kim** (soprano) e **Anatoly Voicu** (tenor). Dirixe a cena **Constantino Jury**.

Tom Harrell Quintet
En concerto o Mércores 23 no Teatro Principal de Santiago.

Leixaprén
O Sábado 19, ás 11,30 da noite, no

O trinque

Libros
Crónica dunha fidelidade é o título da biografía de Antón Alonso Ríos, o último presidente do Consello

de Galiza no exilio. Relato emocionado de patriotismo e desterro. O autor é *Bieito Alonso* e editouna Laiovento.

Anúncios de balde

■ A **Asociación de Amizade Galego-Cubana Francisco Villamil**, distribue o Nº13 da Revista Cuadernos Africa-América Latina da ONG **Sodepaz**: Especial titulado *Chiapas Insurgente*, con documentos, cartas e comunicados do EZLN, artigos do Subcomandante Marcos, Laura Bolaños, Centro de Análise Multidisciplinario da UNAM, Luis Javier Garrido... 96 páxinas. Prezo 500 pta. A venda no local da Asociación en Compostela: Rua do Vilar, 29-1ºB. Tamén se distribuen outros moitos materiais de solidariedade internacionalista (chapas, pegatas, libros, revistas, boletíns, cartaces...).
■ **Viaxes de nenos para aprender inglés en Irlanda**, en Clombur. En Xullo 12 nenos de 10-12 anos, e en Agosto outros 12 de 13-17 anos. Aloxamento en casas con familias. Clases de inglés pola mañá e de deporte acuático no lago de Clombur ás tardes. Todo 175.000 pta. Información no (986) 86 36 12, de 10 a 14 h., perguntar por Carmen Funez.

■ **Traducións Atlánticas**. Traducimos do finés e máis do alemán. Perguntar por Núrria, teléfono (986) 43 68 32.

■ **Violonchelista arménio doctorado no Conservatorio Tchaikovski de Moscova**, oférecese para concertos, orquestras e clases de chelo. (986) 22 44 57, de 11 a 13 e de 17 a 21 h.

■ **Aulas particulares: lingua e literatura galega e castelana. Latín, francés, portugués e historia, por licenciado**. (981) 20 23 51 en horario de oficina e (981) 20 11 70 ao mediodía.

■ **A Treu** a revista das **Juntas Galegas pola Amnistía**, informa puntualmente das presas e presos independentistas galegos assim como das actividades anti-repressivas da organización. Ao mesmo tempo distribúe material para a solidariedade. Solicita información no Apartado 875 de Compostela.

■ **Véndense ordenadores (2) Olivetti e Inves con disco duro e boca para disco de 5 funcionando perfectamente e repletos de programas a prezo interesante**. Información no (986) 73 17 55.

■ **Home de 40 anos, presenza agradable, solicita traballo serio e responsábel como empregado, chófer, secretario e maxasista (diplomado)**, a persoa ou industrial solvente e formal. Podo viaxar periodicamente, e oferezo absoluta honradez persoal e profesional. Apartado de

Correos 521. 15080 A Coruña.

■ **Alúgase piso**. Zona da Praza de España (Vigo). Tres cuartos. Dirixirse ao (986) 47 34 90.

■ **Diplomado en Maxisterio busca traballo** en calquer parte da Galiza. Telf. (91) 365 61 45

■ **Véndese Vespino XL, en bon estado. 45.000 pta.** Interesados chamar ao (988) 22 32 30, e perguntar por Marga.

■ **Dão-se explicacións de portugués** na Coruña. Telf. 28 13 03, perguntar por Miguel.

■ **Rexurdimento**: edición facsímil da revista publicada en Betanzos no 1922-23 polas Irmandades da Fala. 112 páx. máis índices. 1.500 pta. **Cebreiro**: con textos de Clodio González e Siro. Publicado con motivo da exposición antolóxica sobre o artista Álvaro Cebreiro. 64 páx., ilustrado, 20 láminas a cor. 1.200 pta. Se non se atopa na súa librería habitual pódese solicitar á Asociación Cultural *Eira Vella*, Seixo Rúbio, 16, 3º D de Betanzos, contra reembolso ou enviando cheque bancario

■ Familia catalá interesada en coñecer a Galiza **alugaria unha casa rural** para o verán. Telf. (93) 210 71 53, perguntar por Carlos. Mellor polas noites, contestador automático.

■ Emigrante, 38 anos, **gostaria de manter correspondéncia amistosa con muller de arredor de 30, que goste de ler, pasear, da natureza, etc.** Eloi Fonseca. Apartado 1.131. 08080 Barcelona.

■ **Vendo colección ANT** desde o ano 1916 até 1972, editorial Nova Galicia. (988) 46 08 81.

■ **Vendo dúas pantallas acústicas marca DAS modelo DS-10** de tres vías, 8 ohms., 40 watos, en madeira cor nogueira e de 56,5x27x22 cm. Garantizo o seu perfecto estado de conservación e funcionamento. Entrar en contacto con Moncho no (986) 29 86 95, polo serán.

■ **Fago traballos de maquetación. QuarkxPress, Freehand, e Photoshop**. Teléfono (986) 34 62 69 ou 22 30 48, perguntar por Paz.

■ **Oférecese moza para traballar por horas cuidando nenos ou como empregada do fogar** en Santiago. Teléfono (981) 56 52 54. ♦

Café Liceum do Porriño, actuación do grupo folk de Vilagarcía *Leixaprén*.

Planta Baixa
O pub **Planta Baixa** (Lepanto, Vigo) oferece os concertos de **Los Dramáticos** para o Venres 18, e de **Cosecha Roja** para o Sábado 20. Os dous ás 10,30 da noite con entrada de balde.

Cómplices
O día 18 no Pavillón Paco Paz de Ourense e o 19 na Sala Ene de Vigo.

Las Vívoras e Pleasure Fuckers
O Xoves 24 no Número K de Santiago, o Venres 25 no Bristol do Ferrol, e o Sábado 26 en La Iguana de Vigo.

Os Subxenos
O Xoves 17, ás 10 da noite, na NASA de Santiago; e o Venres 18 no Playa Club da Coruña. *Siniestro Total* ao completo e reforzado cunha potente

sección de ventos transmútanse en *Os Subxenos*.

Marcos Teira Cuarteto e Rafael Estali
Noite flamenca na NASA (Santiago), o Venres 18, ás 10 da noite, co *Marcos Teira Cuarteto* e o *cantaor Rafael Estali* na compañía de **Xesus Pimentel**. Entrada 800 pta.

R.C. Druida
En concerto o día 23 no Playa Club da Coruña.

Capela Compostelana
Interpretará obras de Palestrina e Victoria, dirixida por Francisco Luengo, o día 17 ás 9 da noite, no Auditorio da Galiza (Santiago).

La Polla Records
Nun concerto que abren os **Mol** da Coruña, e os **Kakola** de Vigo. O 19 de Marzo, ás 1,30 da mañá, na sala Zeleste de Osebe (Santiago). ♦

Cinema

Tomates verdes fritos
O Venres 18, ás 8,30 do serán, na Casa da Cultura de Redondela, nunha proxección artellada pola Asociación de Mulleres de Redondela Xanela.



Cena de Tomates verdes fritos.

Cine clube Lumière-Vigo

Realiza os seus pases no auditorio do Concello de Vigo, ás 20,30 h. O Venres 18, pasan **A Vida de Brian** (Gran Bretaña 1979) dos Monthly Python. O Mércores 23, **Amor Libre** (México 1978) de Jaime H. Hermsillo. Cuota semanal 300 pta., mensual 1.000 pta.

Direitos humanos

O grupo local de Amnistía Internacional de Compostela organiza, dentro da súa campaña "Vidas silenciadas" contra as desaparicións e execucións extraxudiciais un ciclo de cine sobre dereitos humanos, que terá lugar no salón de actos da Facultade de Filosofía de Compostela. Calendario en Marzo: Día 17, **Expreso de meianoite**; Día 23, **Só se vive unha vez**; Día 24, **O bico da muller araña**. Calendario en Abril: Día 6, **Lua nova**; Día 7, **Unha irta estación branca** e Día 14, **Os berros do silencio**. As proxeccións comezarán ás 19 horas e a entrada será libre.

Unha vida independente

De Vitali Kanevski. O día 17, ás 20,30 e ás 23 h., na Casa da Cultura de Ourense dentro da programación do Cine clube Padre Feixoo. ♦

Teatro

Macbeth

De E. Ionesco. Posta en cena por Produccións Teatrais do Sur, os días 19, 20 e 21, no C.C. Caixavigo.

Electra, segundo Eurípides

Dirixida por Manuel Lourenzo. En cartel na Estación Marítima da Coruña até finais de mes en sesións das 6,30 do serán de Martes a Xoves, e das 8,30 de Venres a Domingo. ♦

Exposicións

Contra a desertización da Límia

A **Plataforma contra a Desertización da Límia** artella unha exposición de pintura no Ateneo de Ourense có gallo das **1 Xornadas: Desertización, perda da identidade** que celebra os días 18 e 19 no mesmo Ateneo. Participan na exposición: X. Quesada, Miguel Carballo, María Rosa Caporale, Alexandre, Catoira, Manolo Vidal, Sula Repani, Manolo Figueira, Zapata, Xabier Cuiñas, Xurxo Oro Claro, Víctor Reis, Carlos González, Acisclo, Xoán Torres e Andrade. A mostra pécha o día 25 cunha subasta de obras oficiada polo Carrabouxo.

Lois Seixo

Pintura de Lois Seixo, a partir do Domingo 20, na Sala dos Peiraos de Vigo.

António Mouzo

Até o 30 de Marzo, de 11,30 a 1,30 e de 7,30 a 9,30 na Galería Abel Lepina de Vigo.

Cabezas arrincadas...

Até o 25 de Marzo, de 12 a 14 e de 19 a 21 h., na NASA de Santiago. Duas mostras de **Marceli Antúnez. Cabezas arrincadas, maquinas de pracer, poemas de amor**, unha serie de traballos de aspecto humano, confeccionados con carne, pel, dentes, linguas e corazóns de animais. As cabezas supostamente arrincadas no momento do orgasmo aprésentanse iluminadas en frascos con líquido para a súa conservación. **Joan o Home de Carne**, é un proxecto de Marceli Antúnez e **Sergi Jordá**. Unha réplica humana feita en carne de porco cun complexo andamiaxe informático que lle fai responder aos estímulos sonoros do público.

Bienal da Caricatura

A Casa da Xuventude de Ourense remesa a mostra para a promoción de caricaturistas noveís da **II Bienal de**

Actividades

Desertización, perda da identidade

A **Plataforma contra a Desertización da Límia** artella as xornadas **Desertización, perda da identidade** sobre as concentracións parcelarias como causa principal da desertización que esta a sufrir o País. As Xornadas, que se celebrarán no Ateneo de Ourense (Curros Enríquez,1), comezan o Venres 18, ás 10 da mañá, cun autobús gratuito que levará á prensa e as persoas interesadas a un percorrido por terras limiás onde se poden apreciar os efectos desertizadores da Concentración Parcelaria. O mesmo día ás 5 do serán, tamén no Ateneo, terá lugar a exposición das

ponencias de **Carlos Vales**, membro de ADEGA, **Joaquín Araújo**, ecologista e xornalista de **El País Semanal**, e **Roxélio Pérez**, edafólogo, profesor da Universidade de Compostela. O día 19, ás 10, rolda de ponencias coa participación de **Mario Rodríguez**, representante de Greenpeace, **António Villarino**, Presidente da SGHN e membro da Plataforma contra a Desertización, e o antropólogo **Manuel Mandiães**. O mesmo día 19, ás 5 do serán, o antropólogo **Pai Fontes** presentará a súa ponencia para dar paso a unha proxección de diapositivas feitas pola Plataforma, nas que se denuncia o impacto sobre o patrimonio histórico e o medio ambiente da Concentración.

Tras a proxección abrírase unha mesa redonda á que están invitados representantes das diversas administracións implicadas, e todos os ponentes anteriores. Tamén nestas xornadas unha exposición de pintura no Ateneo que se clausura o 25 de Marzo cunha subasta pública oficiada polo Carrabouxo.

As mulleres e as artes

A **Asociación Cultural Alexandre Bóveda** artella o ciclo de conferencias **As mulleres galegas no fin de século**, que celebra os seus actos na Aula de Cultura Caixa Galicia (Rua Nova 33. Santiago), ás 20 h. O Xoves 17, **Nanina Santos** e más **Maria**

Xosé Queizán participarán nunha mesa redonda có título **As publicacións feministas**. O Xoves 24, **Inma Antón Souto**, **Luisa Martínez** e **Luisa Villalta**, moderadas por **Flor Maceiras** falarán sobre **As mulleres e as artes**.

Técnicas de cultivo marisqueiras

O **Departamento de Cultivos Mariños do Grupo Sargadelos** ven realizando as **III Xornadas de Meio Mariño e Acuicultura** baixo o lema **O Marisqueo na Galiza** na sala de conferencias do Castro (O Castro, Sada). Nestas xornadas, o Xoves 17, ás 7 do serán, **Antonio Cerviño Eiroa**, do Centro

de Investigacións Mariñas de Vilaxoan, falará sobre a produción de mariscos na zona intermareal. O 24 de Marzo, á mesma hora, **X. Pérez Pazo**, biólogo da Consellería de Pesca, tratará a **Aplicación de técnicas de cultivo a bancos marisqueiros**. Maior información no Departamento de Cultivos Mariños do Grupo Sargadelos (981) 62 39 54.

Identifiquense!

O día 17, ás 8 da tarde, na aula Magna da Facultade de Xornalismo en Compostela, dentro das **II Xornadas de reflexión e debate** organizadas por **Inzar** baixo o lema **Inzando Razóns. Identifiquense!**, o antropólogo **Marcial Gondar** falará sobre a identidade galega. ♦



Arte precolombina na sala Isaac Díaz Pardo do Auditorio da Galiza

Páxinas coordinadas por IAGO LUCA

Caricatura á Casa da Xuventude de Vigo, onde ficará exposta do 18 de Marzo ao 12 de Abril.

A Carpa da Ciéncia

Exposta no Porto de Bouzas (de 11,30 a 14,30 e de 17 a 21 h.) por iniciativa da **Fundación la Caixa** e o Concello de Vigo. Deseñada para espertar a curiosidade pola ciéncia. Salas de percepción óptica, mecánica e de ondas, amais dunha reprodución do péndulo de Foucault. Tamén conta cun auditorio destinado a outras actividades educativas como proxeccións de cinema e sesións de electrostática. Pódense concertar visitas para centros de ensino no (986) 81 01 70 (Servicios Culturais do Concello de Vigo).

Luís Caruncho

Até o día 28 no C.C. Caixavigo dentro da serie **Grandes artistas galegos**.

Arte precolombina

Até o 10 de abril, de 12 a 19 h. de Martes a Domingo, na Sala Isaac Díaz Pardo do Auditorio da Galiza. Pezas de arte precolombina pertencente aos fondos do Museo Barbier-Mueller de Xenebra,

na que veñen representadas as culturas mesoamericana, andina e amazónica.

Diego Santomé

Expón as súas pinturas, até o 26 de Marzo, no Café Ardora de Vigo.

Imaxes

Fotografías de **Xesus Otero** e **Xavier Osuna**, até o 31 de Marzo, na sala Hispano 20 de Santiago. Horario de 9,30 a 13,30 e de 17,30 a 20 h., de Luns a Venres, festivos pechado.

O Entroido

O Museo do Povo Galego artellou unha mostra sobre o Entroido, que fica exposta até o 26 de Marzo, de 10 a 13 e de 16 a 20 h. de Luns a Venres.


Pintura do silencio

Pintura de **José Luis Fajardo**. Até o 22 de Abril de 10 a 13 e de 16 a 20 h. (Domingo pechado), nas Salas Municipais do Museo do Povo Galego (Santiago).

Mans Unidas

Artella unha exposición até o 21 de Marzo na Nova Sala de Exposicións Caixavigo (Vigo).

A Carpa da Ciéncia estará aberta no porto de Bouzas (Vigo) de 11,30 a 14,30 e de 17 a 21 horas




Textos sobre Arte Galega e Deseño de Luís Seoane

Rógolles sirvan atender con cargo á miña conta corrente/de aforro Nº(1) este documento de cobro que será aprésentado por Promocións Culturais Galegas S.A. en conceito de compra do volume **Textos sobre Arte Galega e Deseño**.

Nome Banco/Caixa
 Apellidos Axéncia Nº Enderezo
 Profesión Telf.
 Enderezo Localidade
 C.P. Cidade Provincia
 Provincia N.I.F. a de de 1994
 Asinatura do interesado:

(1) Incluir todos os dixitos da conta.

Ao longo de 148 páxinas, prologadas polo compilador do volume **Xosé Díaz**, inclúense oito textos sobre Arte Galega, entre eles a recopilación de artigos e pequenos ensaios inéditos ("Anotacións sobre a creación artística", "Sobre a miña aportación a arte mural"...), e seis cartas de Luís Seoane a Carlos Maside. Ao Deseño refírense tres traballos: "Arte plástica e arte publicitaria na vida contemporánea", "Sobre deseño" e "Cara un deseño que considere as particularidades de cada país".



PREZO VENDA AO PUBLICO: 950 PTA.
DESCONTO DO 20% SE ENCHE ESTE CUPÓN.



É coordinador dun estudo para o tratamento do mal de *Alzheimer*

Ramón Cacabelos

"Hai que acabar co mito de que irremediabelmente o vello ten que chochear"

■ X.M. SALGADO

A enfermidade de Alzheimer é a principal causa de deméncia senil nos países desenvolvidos, erixíndose no terceiro problema de saúde, tras os accidentes cardiovasculares e mais o cancro. Afecta a máis dun 5% dos maiores de 65 anos, con 6 millóns de pacientes nos Estados Unidos e uns 5 millóns en Europa. No Estado Español hai máis de 300.000 casos de deméncia senil que supoñen para a administración un gasto anual superior aos 60.000 millóns de pesetas, dos cales un 80% é coberto polo propio enfermo e a familia.

Desde hai unha década, na maioría dos países desenvolvidos, estanse a organizar programas para a abordaxe biomédica e sócio-sanitaria da enfermidade de Alzheimer. No Estado Español criouse en 1991 o Instituto para Enfermidades do Sistema Nervoso Central, primeiro centro piloto para a investigación, diagnóstico e tratamento da deméncia senil. Este centro, con sede na Coruña, forma parte da rede europea EUDENET (European Dementia Network), integrada por Suecia, Finlandia, Holanda, Alemaña e España, á que se engadirán Austria e Inglaterra neste ano. O Instituto para Enfermidades do Sistema Nervoso Central está dirixido polo doutor Ramón Cacabelos, profesor de medicina da Universidade Complutense de Madrid, que coordena EUDENET e forma parte dun comité internacional para o desenvolvemento de fármacos anti-deméncia.

Os resultados deste estudo cun novo fármaco para o tratamento do mal de Alzheimer que ven de rematar, estimularon a organización dun ensaio clínico multicéntrico no que participarán cinco países. As principais vantaxes deste novo medicamento son a ausencia aparente de efectos secundarios e unha modesta melloría nas funcións cognitivas, severamente afectadas na enfermidade de Alzheimer.

A enfermidade do esquecemento

A deméncia senil é un conxunto de síntomas, que ten como característica principal o deterioro das funcións cognitivas, fundamentalmente da memoria, con alteracións da conduta e que remata coa vida do enfermo nunha situación dramática e bastante calamitosa.

Existen moitos tipos de deméncia; os dous máis importantes son a enfermidade de Alzheimer que contabiliza entre un 60% e un 70% das deméncias, e a deméncia vascular (multiinfarto) que conta-

biliza entre un 20% e un 30%. Existen ate oitenta entidades distintas que provocan tamén deméncia, pero que son cuantitativa e cualitativamente menos importantes.

O mal de Alzheimer é un dos trastornos que afecta só e exclusivamente a esfera superior do sistema nervoso central ou o que é o mesmo, é memoria, o intelecto, e que só afecta á especie humana.

Hoxe en día constitúe o problema de saúde máis importante sobre todo no sul de Europa.

"No Xapón e nos Estados Unidos, é unha enfermidade na que se ven traballando intensamente desde finais dos anos 60, sinala o doutor Cacabelos. A comezos dos 80, en Osaka, onde estiven traballando 8 anos, tiñamos un programa nacional para enfermidades intratábeis, entre as cales se atopaba a enfermidade de Alzheimer, e nos Estados Unidos hai programas nacionais desde o ano 1976. Europa, neste senso, vai un pouco máis rezagada, aínda que os países escandinavos e Centroeuropa teñen un bon nivel, tanto en termos de conciencia social como de desenvolvemento científico. Non obstante,



hai que acabar co mito de que irremediabelmente o vello ten que perder as súas funcións cognitivas, ten que "chochear". Cando isto sucede e interfere nas súas actividades de todos os días, hai unha enfermidade detrás e resulta altamente probable que estexamos diante dunha deméncia senil."

Cales son as causas e onde se produce con maior frecuencia?

O principal factor de risco de deméncia senil é a idade; o seguinte factor é o ter padecido algún na familia previamente unha deméncia senil. Estamos polo tanto, diante dunha circunstancia clara de enfermidade xenética. Debido a todo isto,

o aspecto a considerar é que os países desenvolvidos teñen moita máis propensión estatística a padecer polo aumento demográfico de persoas maiores.

Que significado ten este estudo que veñen de facer e que aporta?

Existen varias formas de tratar a enfermidade, o cal significa que hoxe é unha enfermidade tratábel, cousa que hai cinco anos non ocorria. Unha das formas é a paliativa cunha serie de fármacos que hai tempo que están no mercado. Con iso o que facemos é protexer o sistema nervoso e regular, fundamentalmente, os trastornos de conduta. Existe outra estratexia a substitutiva, é dicir, cando murren as neuronas, pérdense unha serie de neurotransmisores, que son mensaxeiros químicos que permiten a unha neuronas comunican con outras. O que facemos con esta terapia é reparar eses neurotransmisores. Precisamente aquí é onde se asentaron os adiantos terapéuticos dos últimos anos, porque nestes momentos hai 3 fármacos potencialmente utilizábeis no tratamento.

"Era esencial sacar adiante este proxecto, sinala o doutor Cacabelos, posto que o seguinte paso, a raíz da conclusión do noso estudo, vai ser crear unha base multicéntrica en seis países da Unión Europea que son neste caso Bélxica, Italia, Franza, Holanda, Inglaterra e o Estado Español, para incluír a un amplo sector da poboación europea e poder utilizar no futuro esta molécula no ámbito da Comunidade".

Guerra comercial

Chegarán os tratamentos a ser menos custosos?

Depende das circunstancias. Diante do desenvolvemento farmacolóxico é obriga dun estado, ou da compañía farmacéutica que quer desenvolver un produto por lei, financiar absolutamente todos os custos e esta é precisamente a política do Instituto, quer dicir, todo paciente que no Estado español está incluído non protocolo debe ser atendido gratuitamente e quen non o faga está violando a lei. Cousa diferente é cando xa o produto está comercializado, nese caso entranmos nunha guerra que se nos escapa aos científicos e aos especialistas, posto que é unha guerra comercial e niso cada compañía ten que negociar co Ministerio de Sanidade, o Ministerio de Facenda e outros sectores da Administración Central e pode que algún día coas Administracións autonómicas. Nese senso, temos que é altamente improbable que os medicamentos se reduzan máis de custos nun futuro inmediato, sobretudo aqueles para patoloxías prevalentes como é o caso da SIDA ou a enfermidade de Alzheimer. Isto é debido, basicamente, a unha guerra comercial.

Que suxerencia faría vostede, sobre este tema?

Resúmoo nunha frase: *Racionalización do uso dos medicamentos.*

TRES EN RAIA

Posibilismo

■ JOSÉ A. GACIÑO

Formaban parte desa minoría activa e brillante dos xuíces progresistas, dos que comezaron a aportar unha visión democrática da legalidade. Caíron na tentación do poder, non sen certo complexo de profesional puro, traducido en reiteradas argumentacións xustificatórias envoltas no sofisma de que, mentres eles permanezan nos seus postos, é que o sistema admite doses suficientes de honestidade e rigor, como se eles fosen a garantía contra a corrupción e os abusos do poder.

E aí están, a sortear como poden o escándalo dos fondos reservados, até conseguir que o goberno empece a estudar a posibilidade de establecer algún tipo de control parlamentario, naturalmente reservado, sobre uns fondos que unha vez quixeron desvelar desde os xulgados. E contribuen a demorar o réxime aberto para os policías do GAL, quizá até convencerse —e convencerse— de que esa é unha forma de paralisar o indulto (e non de disfrazalo).

Agora, un deles anda a traballar na forma de endurecer a prestación social substitutoria para ver se convencen aos mozos de que é preferíbel que non fagan moito uso da obxección de conciencia, entre outras cousas porque o Ministerio de Defensa, apavorado polo volume crecente de obxectores, presiona para reformar unha progresista lei de obxección. (Pregunta inxénuas: para que queremos unha lei progresista se non queren que os cidadáns a usen? E, de todas maneiras, tamén está a medrar a insumisión pura e dura).

Son as grandes conquistas do posibilismo progresista, en menos de un ano de exercicio do poder. Outros levan máis de dez anos e van moito máis adiantados: xa non se molestan en presentar coartadas progresistas. ♦

VOLVER AO REGO

O xefe de informativos, responsable de internacional, de TVE, Juan Antonio Sacaluga declara que España é un país "de secano". Julio Anguita ten feito rexión de defensa na Coruña da "cultura mediterránea". Na recente polémica entre España e a UE, motivada pola posíbel entrada de Noruega na Comunidade, un xornal, o *Frankfurter Rundschau* califica a España de "Estado laranxeiro pobre". Os propios libros de EXB definen a España como un país mediterráneo.

Por iso pasa o que pasa. A Galiza húmida, mariñeira e atlántica, non está representada en Europa por ningún. Fraga tampouco quer ser o seu representante. El ven de declararse en Chile un home de Estado. ♦